



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 3

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria **29 de novembro de 2012**

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto único.- Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia e presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Retómase a sesión ás once e vinte e cinco minutos da mañá.

Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia e presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia. (Continuación.)

A señora presidenta comeza a explicar o procedemento que se vai seguir para o desenvolvemento do debate e anuncia que os grupos parlamentarios poderán facer uso da palabra por un tempo de 35 minutos. (Páx. 4.)

O señor Beiras Torrado (Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda –AGE–) solicita a palabra por unha cuestión de orde, na que manifesta a súa desconfianza coa redución dos tempos das intervencións dos grupos parlamentarios. (Páx. 4.)

A señora presidenta comunícalle que a decisión foi tomada pola Mesa-Xunta de Portavoces e deixa constancia da súa queixa. (Páx. 4.) Deseguido, continúa coa explicación do desenvolvemento do debate, conforme o acordo da Mesa-Xunta de Portavoces. Así mesmo, informa de que a votación para a elección do candidato se anunciará ao inicio da sesión da tarde. (Páx. 4.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Jorquera Caselas (Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego –BNG–) (Páx. 4.), Sr. Beiras Torrado (Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda –AGE–) (Páx. 10.), Sr. Vázquez Fernández (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia –S–) (Páx. 17.) e Sr. Puy Fraga (Grupo Parlamentario Popular de Galicia –P–) (Páx. 24.)

Resposta do candidato a presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 29.)

A señora presidenta suspende a sesión e anuncia que se retomará ás cinco da tarde. (Páx. 40.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás cinco.

A señora presidenta comunícalle á Cámara que se vai retomar a sesión coa rolda de réplica dos grupos parlamentarios. Así mesmo, anuncia que, en cumprimento do artigo 136.5 do Regulamento, tras o debate, terá lugar a votación, ás seis e media da tarde, sen prexuízo de que o desenvolvemento da sesión obrígase a modificar a devandita hora. (Páx. 40.)

Réplica dos grupos parlamentarios: Sr. Jorquera Caselas (BNG) (Páx. 41.), Sr. Beiras Torrado (AGE) (Páx. 43.), Sr. Vázquez Fernández (S) (Páx. 45.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 48.)

Dúplica do candidato: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 50.)

A señora presidenta anuncia que, dado que xa pasou a hora anunciada para a votación, segundo o artigo 86 do Regulamento se debe fixar unha nova hora para realizala, que comunica que se será ao cabo dun minuto, e suspende a sesión. (Páx. 58.)

Suspéndese a sesión ás seis e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás seis e trinta e nove minutos.

A señora presidenta anuncia que se vai proceder á votación para a elección do candidato proposto a presidente da Xunta de Galicia, que a votación será pública por chamamento, que se fará por orde alfabética, agás no caso dos membros do Goberno e mais da Mesa da Cámara, que o farán ao remate, e que se comezará polo deputado ou pola deputada elixido á sorte . Así mesmo, tamén comunica que, de acordo co artigo 136.6 do Regulamento, se requiren os votos da maioría absoluta para que o candidato poida saír elixido. (Páx. 58.)

A seguir, a señora presidenta pídlle ao señor secretario que saque á sorte a letra pola que comezará o chamamento das señoras e dos señores deputados. (Páx. 58.)

O señor secretario (Balseiro Orol) saca á sorte a letra, que será o "m". Polo tanto, correspóndelle comezar o chamamento pola deputada dona María Consuelo Martínez García. (Páx. 58.)

A continuación, o señor secretario (Balseiro Orol) procede a efectuar o chamamento das señoras e dos señores deputados, así como dos membros do Goberno e mais da Mesa, que responden "sí" ou "non". (Páx. 58.)

Votación: votos a favor, 41; votos en contra, 34. (Páx. 59)

A señora presidenta fai público o resultado da votación, e, obtida a maioría absoluta, proclama elixido presidente da Xunta de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo. (Páx. 59.)

Remata a sesión ás seis e corenta e tres minutos do serán.

Retómase a sesión ás once e vinte e oito minutos da mañá.

A señora PRESIDENTA: Ábrese a sesión.

Señoras deputadas e señores deputados, corresponde agora a intervención dos representantes dos grupos parlamentarios, que poderán facer uso da palabra por un tempo de 35 minutos.

O candidato... *(O señor Beiras Torrado pide a palabra.)*

¿Si, señor Beiras? (O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

Dígame vostede cal é a cuestión de orde. ¿En virtude de que?

O señor BEIRAS TORRADO: Si, simplemente moi breve.

Que o grupo de Alternativa Galega de Esquerda quere que conste en acta desta sesión a nosa desconformidade coa redución dos tempos de intervencións dos grupos parlamentarios, dado que consideramos que este é o debate máis importante de cada legislatura e que non debe estar en función dunha especie de fixación a priori dun tempo máximo de duración do pleno...

A señora PRESIDENTA: Ben...

O señor BEIRAS TORRADO:... cando realmente iso o que vai é en detrimento da capacidade de debate e de intervención dos distintos deputados e deputadas e dos grupos. Paréceme que é máis importante iso...

A señora PRESIDENTA: Ben. Moitas grazas, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO:... que cronometrar o tempo como se fose un partido de baloncesto.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas e queda constancia. Vostede sabe que isto é unha cuestión que non se debate neste pleno, que é froito da reunión da Mesa-Xunta de Portavoces. Por tanto, queda constancia da súa queixa e continuamos co que estaba a dicir, que o candidato a presidente da Xunta poderá contestar individual ou globalmente aos grupos parlamentarios conforme o disposto no artigo 136.4.^a do Regulamento.

Tras o debate levarase a efecto a votación, cuxa hora se anunciará ao inicio da sesión de tarde. A primeira intervención corresponderalle ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, seguido do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Polo tanto, damos comezo ao debate.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego don Francisco Xesús Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor candidato, permítame que escomece esta intervención, coa que fago a miña estrea nesta Cámara, cun recordatorio. O seu partido acadou nas urnas o apoio suficiente para que vostede sexa investido presidente por este Parlamento, pero o seu partido non foi lexitimado pola sociedade para continuar coas políticas de saqueo.

Mire, “saquear”, entre outras acepcións, significa roubar ou apoderarse do que hai nun lugar: unha metáfora perfecta do que está pasando. Vostedes, aínda que acadaron a maioría neste Parlamento, non teñen o respaldo da maioría social para practicar estas políticas. A participación multitudinaria nas manifestacións do 14 de novembro é reveladora do descontento social existente coas políticas do Partido Popular. O 21 de outubro vostedes beneficiáronse da baixa participación, da desmobilización de moitos cidadáns descontentos, pero só un de cada catro electores inscritos no censo electoral votaron o Partido Popular.

Mire, pídolle que non se confunda. Eu fago esta avaliación desde o respecto ao resultado das urnas e desde a humildade. O BNG sufriu un forte revés electoral. Sen lugar a dúbidas temos cousas que cambiar e mellorar para merecermos o apoio da xente, pero demándolle a vostede esa mesma humildade. Os éxitos dun gobernante non se miden polo seu número de votos, tampouco por se agora está mellor posicionado para emular a Zaplana de cara a utilizar a Presidencia da Xunta como trampolín para facer carreira en Madrid. Os éxitos dun gobernante mídense pola súa capacidade para resol-

ver problemas; os problemas do país, os problemas da xente. E aínda que vostede se empeña en fálarnos de Galicia no país das marabillas, o certo é que Galiza corre o risco de morrer do seu éxito electoral, de que os supostos éxitos da súa política conduzan ao noso país, á nosa nación, á desaparición.

E agora non estou a facer unha metáfora. A semana pasada coñeciamos as proxeccións demográficas do Instituto Nacional de Estatística. Galiza ten hoxe 150.000 crianzas menos que hai trinta anos. Nos próximos dez anos Galiza perderá 130.000 habitantes, e só catro de cada dez persoas estarán en idade de traballar. Cifras –como dicía un columnista– propias dun país baixo os efectos dunha guerra.

Por suposto, señor Feijóo, que esta situación non é responsabilidade exclusiva de vostede, é consecuencia dun deseño estatal e europeo que condena a Galiza á condición de periferia económica, de país dependente, con consecuencias agravadas neste contexto de crise. Un deseño que nos condena a consumir o que outros producen, que nega na práctica que Galiza poida ter unha base económica propia e con iso o dereito elemental dos galegos e das galegas a viviren e traballaren dignamente na propia terra. Pero, señor Feijóo, vostede é cómplice dese deseño, apláudeo e execútao en Galiza como alumno aplicado en busca do recoñecemento da caverna madrileña.

Nos últimos catro anos Galiza viviu como se aceleraba o proceso de destrución do noso tecido produtivo. “Hai miles de persoas que queren traballar e non poden”, dixo textualmente na súa intervención do pasado martes. E eu preguntolle: ¿que fixo vostede e que vai facer para impedi-lo?

Bruxelas mantén o veto a que os nosos estaleiros públicos poidan traballar na construción naval civil e a que o estaleiro de Fene poida facer barcos. ¿Que fixo vostede para que se levantase o veto? ¿Que fixo para desenvolver a lei do sector naval aprobada por este Parlamento para que a Xunta poida participar nos órganos de goberno de Navantia? Porque o dique flotante non é unha necesidade de Navantia, señor Feijóo –xa o ten en Cádiz, como ten en Cádiz concentrada a actividade no campo da construción naval civil–, é unha necesidade de Galiza, por iso a Xunta ten que estar presente nos órganos reitores de Navantia.

O pasado martes iniciouse unha folga do leite, un sector en situación límite, un sector que é o sostén económico de

comarcas enteiras. ¿Que fixo vostede para evitar a súa ruína? ¿Condicionou calquera axuda ás industrias a que paguen un prezo xusto do leite en orixe? ¿Exerceu as competencias en materia de consumo para evitar que as grandes superficies utilicen o leite como produto reclamo tirando os prezos? Non, vostede non fixo absolutamente nada. Tivo que convocarse unha folga para que vostedes se desen por enterados, pero até a convocatoria da folga non fixeron absolutamente nada; ou mellor dito: o único que fixeron foi facer as políticas impulsadas polo BNG desde o Goberno. Chegou vostede ao Goberno e acabou coas uxfor, co Banco de Terras, cos contratos homologados, renunciou á creación dun grande grupo leiteiro galego e agora pretende eludir a súa responsabilidade propoñendo un grande pacto polo medio rural.

Por certo, señor Feijóo, na tribuna hai unha representación dos traballadores dos centros comarcais dependentes de Agader que van ser despedidos pola Xunta o vindeiro día 6. Así se asegura o futuro do rural: desmantelando os servizos.

En pesca a súa grande proposta é sacrificar o... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Por favor, o público non pode facer manifestacións. *(Aplausos.)* Retiren os carteis, se non, vou ter que desaloxalos. Se non retiran os carteis, desaloxarei a tribuna de invitados. Por favor, retiren os carteis.

Ben, prego aos servizos da Cámara que desaloxen, por favor, as persoas que portan os carteis. Que sexan desaloxadas.

Perdoe un momento, señor Jorquera, xa parei o tempo. *(Pausa.)*

Pode continuar, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Si. Dicía que en pesca a súa grande proposta é sacrificar os intereses do sector á acuicultura. E ten o cinismo de falar de melloras na comercialización. ¿Como? ¿Con propostas como as da señora Carmen Fraga para que se venda como galego mexillón chileno? Por certo, como sucede con outros moitos colectivos, os mariñeiros da frota expulsada de Mauritania aínda están esperando que vostede os reciba; algúns deles están hoxe tamén nesta tribuna.

Mire, o Decreto de liberalización de horarios comerciais promulgado polo Goberno español deixa en papel mollado a nosa Lei do comercio interior e acelera a ruína do noso tecido comercial. ¿Recorreuno? ¿Está disposto a impedir a instalación de novas grandes superficies? Tampouco. A súa grande proposta en materia de comercio é impulsar as mesas de comercio local. Xa se sabe o que di o refrán: se non se quere solucionar un problema, créese unha solución.

A respecto do futuro de Novagalicia Banco estase cumprindo o que vaticinou o BNG. O Estado asegura a pervivencia das entidades que considera sistémicas, é dicir, os grandes bancos privados españois; pero, en cambio, ten ditada xa a sentenza de morte para unha entidade que si é sistémica para Galiza, que xestiona máis do 40 % do aforro dos galegos e das galegas. Sentenza de morte que ditaron conxuntamente o Estado español e a Unión Europea ante o seu vergoñento silencio, señor candidato do Partido Popular.

O Goberno do seu xefe, o señor Rajoy, si que se preocupou de negociar co señor Almunia a pervivencia de Bankia, pero non moveu un dedo para salvar e blindar a continuidade de Novagalicia Banco. Señor Feijóo, Galiza necesita ferramentas de crédito que aseguren o financiamento da nosa economía produtiva e que o aforro dos galegos e das galegas non sexa expatriado, se invista en Galiza e contribúa ao progreso do noso país.

Vostede insiste en presentar a súa xestión neste eido como un éxito. ¿Non se enterou dos plans xa en execución para pechar centos de oficinas no rural?, ¿para despedir a máis de 2.500 traballadores?, ¿para que Novagalicia Banco se desfaga da súa carteira industrial? ¿Está disposto a ser cómplice tamén do espolio do noso aforro? A vía para evitalo, señor Feijóo, é clara: promover os cambios normativos que permitan a súa transformación nun banco público galego. (*Aplausos.*)

E, por suposto, hai que chegar até o final á hora de depurar as responsabilidades da pillaxe nas caixas, chámense Méndez ou Gayoso. Porque é unha vergoña, señor Feijóo, que haxa condenas de cárcere a sindicalistas como a que motiva a folga de fame en Pontevedra por defender dereitos dos traballadores, mentres os piratas financeiros gozan de total impunidad. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, vostede chegou ao goberno da man de Galicia Bilingüe intentando acabar co galego e vai camiño de acabar

co noso aforro, coa nosa economía e co propio autogoberno do país. Por certo, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deulles a razón aos que afirmabamos e afirmamos que este decreto é un decreto ilegal, por moito que vostede se empeñe en negalo. Este decreto é unha aldraxe ao noso idioma, e vostede obstínase en manter políticas lingüísticas. O pasado martes fíxo mención a linguas tan antigas coma a nosa que non puideron resistir o paso do tempo. Quizais por iso vostede busca facer o que a historia non puido.

O seu modelo dá lugar a esperpentos como o que vou contar. Nunha aula de infantil, unha mestra de apoio díxolles aos alumnos: Pintade o lume de vermello. ¿Que es “vermello”? preguntou un rapaz. Outro contestou: Es *red*.

Señor Feijóo, non é unha brincadeira, é un caso real, trasladado por unha mestra a este portavoz.

Vostede defende un modelo educativo que impide a miles de nenas e nenos en Galiza dominaren a lingua do país. (*Aplausos.*) Vostede defende, señor Feijóo, un modelo que atenta contra os dereitos dos galegofalantes, que converte nunha carreira de obstáculos falar galego no propio país, condenando os galegofalantes ao desterro. Como dicía Castelao, non hai peor desterro que aquel que se sofre no propio país.

Rectifique, señor Feijóo, derroque o decreto da vergoña e exclúa o señor Jesús Vázquez do novo Goberno. (*Aplausos.*)

Vostede fala de feitos e realidades. Estas son as realidades: durante a pasada lexislatura 113.000 persoas engrosaron as listas do paro; todos os sectores económicos básicos do noso país están en crise; 60.000 mozos e mozas tiveron que emigrar; 600.000 galegos e galegas viven baixo o umbral da pobreza. E, mentres tanto, insiste en facernos crer que Galiza capeou a crise mellor ca ninguén e que está mellor preparada para saír antes da crise. O certo, señor Feijóo, é que con vostede é a propia pervivencia de Galiza como país a que está ameazada.

Dicía antes que “saquear” é unha metáfora do que está pasando. Mire, a crise non castiga a todos por igual, nin no territorial nin no social. Vostedes usan a crise como pretexto para que os ricos sexan cada vez máis ricos e os pobres sexan cada vez máis pobres. Os datos falan por si sós, dado que falan de feitos e realidades. O Estado español é xa o

estado da Unión Europea onde existe maior distancia entre as rendas altas e baixas. Desde fins de 2011 a participación das rendas empresariais no produto interior bruto supera xa a remuneración conxunta dos que viven ou intentan vivir da forza do seu traballo. En definitiva, o capital aprópiase dunha proporción cada vez maior da riqueza produtiva. E isto ten moito que ver coas políticas que o seu partido practica no Estado e en Galiza. Políticas que rompen o contrato social sobre o que supostamente se sustentaba o modelo político e socioeconómico, políticas que están provocando unha auténtica fractura social. Vostedes, en vez de redistribuír a riqueza, favorecen a transferencia de renda dos de abaixo aos de arriba. Porque, mire, señor Feijóo, esa é a principal diferenza, vostedes están cos de arriba e nós estamos cos de abaixo. (*Aplausos.*)

Mire, non vou pedir que fagan de Robin Hood, pero cando menos non fagan de sheriff de Nottingham, porque vostedes se comportan no Estado e na Galiza como auténticos sheriffs de Nottingham. Soben os impostos indirectos mentres desgravan as rendas máis altas. Desgravan a adquisición de segundas e terceiras vivendas, unha medida que fala ás claras de cales son as súas prioridades sociais. Incentivan a compra dunha segunda vivenda, mentres non fan nada, señor Feijóo, agás políticas de aparencias, políticas de aparencias, para acabar coa bárbara inxustiza dos desafuzamentos.

Mire, o BNG era consciente do drama social que se aveciñaba, por iso propuxemos unha profunda modificación da lexislación hipotecaria. Pero vostedes, e o Partido Socialista tamén, puxeron neste asunto, como noutros, os intereses da banca por diante dos intereses das persoas. Señor Feijóo, o que hai que facer cos desafuzamentos é paralos, teñen que rematar, urxe modificar a lexislación hipotecaria. E urxe tamén adoptar outras medidas: reclamar a transferencia a Galiza dos activos inmobiliarios xestionados polo chamado “banco malo”, para crear en Galiza un parque público de vivendas e impoñer unha quita aos bancos reducindo o importe das hipotecas para todos os cidadáns que están hipotecados para axustalo ao actual valor de mercado das vivendas. ¿Ou acaso os bancos non son responsábeis da burbulla inmobiliaria? ¿Acaso non foron eles os que provocaron a sobrevaloración das vivendas?

Mire, no canto de facer isto, o seu partido no Goberno español o que fai é decretar unha quita que pode chegar ata o 70

% aos pequenos aforradores estafados polas participacións preferentes. Por certo, ¿vai presentar recurso de inconstitucionalidade contra o decreto que legaliza este espolio? Un decreto que invade competencias autonómicas, que atenta contra dereitos de miles de galegos e galegas. Señor candidato, a arbitrase só solucionou dous casos de cada dez. ¿Que foi da promesa de arbitrase para todos? ¿Por que pasadas as eleccións só quedan oito árbitros en activo cando chegou a haber 25? E xa que di que vai dicir a verdade, ¿cando nos vai explicar por que non denunciou –como dixo nunha entrevista antes do comezo da campaña electoral– que o capital das caixas estaba trufado de preferentes? ¿Que é o que lle impedía difundir esta información?

Mire, vostedes compórtanse como o sheriff de Nottingham cando se aproveitan da crise e do paro xuvenil para impoñer á mocidade condicións laborais máis propias do escravismo, ou cando obsequian a 60 mozas e mozos con mellor expediente universitario cunha maleta, por moito que agora digan que hai que reter e captar talentos. ¿É ese o seu deseño para este país, negarlle o futuro á mocidade, non incentivar que o esforzo colectivo que se fixo en formar unha xeración non se traduza no progreso do país? ¿Así pretenden vostedes solucionar a crise demográfica? ¿Ou a vía, en cambio, é atribuírles ás mulleres o único rol de nai e esposa, expulsándoas do mercado laboral e así de paso acabar co paro pola porta falsa? (*Aplausos.*)

Porque, mire, é a isto ao que conduce, señor Feijóo, o parón nas medidas de conciliación que supuxo a última reforma laboral, ou o parón ao desenvolvemento dos servizos sociais e das políticas de atención á dependencia ou a contrarreforma na lexislación sobre interrupción voluntaria do embarazo que pretende o señor Gallardón, unha contrarreforma que conculca o dereito de toda muller a decidir libremente a súa maternidade.

Pero mire, tamén fan de sheriff de Nottingham cando recorran os servizos públicos e benefician os centros e operadores privados para que uns poucos fagan negocio co ensino e a saúde de todos e crear un ensino e unha saúde para pobres e outra para ricos. Ou cando subvencionan empresas para que pechen os seus centros de traballo en Galiza, como fixeron con Caramelo, e os instalen fóra. Ese é o seu xeito de entender a internacionalización das empresas, da que falou o pasado martes. Ou cando a señora Beatriz Mato di que as

políticas activas de emprego non serven para crear traballo, que son os ERE os que crean emprego. O que vostedes, desde logo, crearon en Caramelo, Mafecco, Emesa e tantas outras empresas.

Mire, señor Feijóo, non vou pedirlle que non conte tampouco no seu futuro Goberno coa señora Beatriz Mato, porque, se non, quen vai acabar conformando o Goberno son eu. Pero polo menos non sexa hipócrita, non sexa hipócrita. Cambie o rótulo da Consellería de Traballo polo de “consellería de despido libre” (*Aplausos.*), porque así entenden vostedes a xeración de emprego.

Usan a crise como pretexto para impoñer unha repartición moito máis inxusta da riqueza. E usan tamén a crise como pretexto para centralizar aínda máis o Estado, convertendo en papel mollado o autogoberno dos pobos, e tamén para impoñer un modelo de Europa aínda máis antidemocrático e antisocial. A escolla do seu partido é unha escolla ideolóxica, usan a austeridade como escusa para camiñar cara a unha sociedade moito máis desigual, inxusta e insolidaria, e cara a unha Galiza máis submisiva e dependente.

Mire, a historia ensínanos que o avance nos dereitos nacionais dos pobos é parello co avance nas liberdades democráticas e no progreso social. Por iso non é de estrañar que estes tempos de mercadocracia e de retroceso nos dereitos sociais veñan acompañados de novos ataques aos nosos dereitos nacionais.

Pero, señor Feijóo, fronte ao modelo do Partido Popular, hai un proxecto alternativo, o proxecto que defenderá o BNG no Parlamento e na rúa exercendo unha oposición contundente ás súas políticas. Un proxecto a prol da rexeneración democrática e do dereito de Galiza a decidir, un proxecto a prol dunha economía para as persoas, un cambio radical na orientación das políticas económicas. Porque a economía, señores do Partido Popular, non é un fin en si mesmo, a economía ten que estar ao servizo das persoas, ten que ser un medio para que todas as mulleres e todos os homes poidan disfrutar dunha vida digna, e os recortes xeran pobreza e exclusión social, son políticas que só benefician a unha minoría. Fronte á súa obsesión polo déficit cero, hai que plantar cara aos recortes, e hai que plantar cara desde Galiza aos ditados do Estado e da troika.

Galiza non pode ser unha simple espectadora do que se decide noutras esferas, ten que expresarse con voz propia á hora

de opoñerse a medidas e a políticas que levan á ruína ao país. Hai que declarar a insubmisión aos homes de negro, señor Feijóo, e hai que esixir a Rajoy que non solicite o rescate, porque ese rescate significa rescatar a banca a costa de saquear os cidadáns. (*Aplausos.*) Mire, o camiño ten que ser outro, renegociar a débeda. E se Bruxelas non quere renegociala, simplemente non pagala. Hai que auditar e renegociar o monto total da débeda, porque hai débeda que é ilexítima, as persoas non teñen por que pagar a débeda que provocaron os bancos.

Mire, e miren vostedes, Alfredo Brañas dixo aquilo de “Érguete e anda, como en Irlanda, como en Irlanda”. Quizá chegou o momento de dicir: Galiza, érguete e anda, como en Islandia, como en Islandia. (*Aplausos.*)

E, se é necesario, hai que recuperar tamén o control sobre as políticas monetarias. Se a economía non é un fin en si mesmo, a moeda tampouco; máis aínda se as políticas monetarias da zona euro nos abocan ao precipicio. Foi o nacionalismo galego quen advertiu –mesmo en tempos de ensoñación coa moeda única– do perigo que representaba para a periferia europea converxer en políticas monetarias sen que houbese unha converxencia real en niveis de renda e benestar. Sabiamos que ese modelo abocaría, en contextos de crise, a axustes brutais e insostíbeis desde o punto de vista social.

Mire, e se esa reflexión é común para o conxunto da periferia europea, ¿que dicir de Galiza? Dunha colonia, dunha colonia, unha colonia interior dun estado que xa máis ben parece un protectorado de Alemaña.

Estamos ante unha crise sistémica e hai que ter a valentía de apostar por outro proxecto, porque a valentía non consiste en espremer os de abaixo para defender os intereses dunha minoría, a valentía é ir á raíz dos problemas, aínda que haxa que cuestionar un marco que se nos presenta como sagrado para defender os intereses e as necesidades da xente. Ese cambio radical na política económica esixe tamén unha nova política fiscal e un novo modelo de financiamento para Galiza. No Estado español o desequilibrio das contas públicas non ten a súa causa nun gasto público excesivo, senón no desarme fiscal practicado nas últimas décadas.

Mentres o volume de gasto público no Estado español é inferior, en 86.000 millóns de euros ao ano, á media dos estados

Europeos –incluso se a prorrateamos en relación ao produto interior bruto–. O volume de gasto é inferior en 66.000 millóns de euros, e o volume de recadación é inferior en 86.000 millóns de euros, unha diferenza de 20.000 millóns, señores do PP.

O Estado español xa está á cola da zona euro en recadación en relación co produto interior bruto, e a razón é un sistema fiscal inxusto, no que non paga máis quen máis ten, mentres o Estado español está á cabeza da Unión Europea en fraude fiscal. Segundo o Sindicato de Técnicos de Facenda, simplemente reducindo a fraude fiscal ata equiparala á media europea recadaríanse 35.000 millóns de euros máis ao ano. E esta situación afecta a Galiza, señor Feijóo, dado que o modelo de financiamento das comunidades autónomas de réxime común fainas dependentes das transferencias do Estado, e estas son cada vez máis insuficientes por mor da caída da recadación e do desarme fiscal practicado polos sucesivos gobernos.

O BNG avoga, polo tanto, por un concerto económico, que permita que Galiza poida xestionar de xeito integral e con plena capacidade normativa os recursos fiscais xerados no noso país. Dixo vostede o martes –e nisto doulle a razón–: Galiza ten que vivir do que produce. Pois diso se trata, señor Feijóo, diso se trata. Mais para vivir do que produce, Galiza non se pode permitir o luxo de que empresas como Inditex, Citroën ou Unión Fenosa paguen os seus impostos en Madrid, sen repercusión ningunha na nosa facenda, xusto ao contrario do que acontece en Euskadi. Pero mentres non se implante ese novo modelo, hai que demandar do Estado unha reforma fiscal na que realmente pague máis quen máis ten, e hai que actuar tamén así aquí en Galiza, actuando sobre os impostos propios e os tramos cedidos dos impostos estatais.

Señor Feijóo, vostede criticou o actual sistema de financiamento, pero o certo, dado que apela a feitos e realidades, é que o seu Goberno o asinou e o PP non se opuxo no Congreso dos Deputados.

Señor Feijóo, falemos claro, durante a lexislatura pasada e pese á súa obsesión polos recortes, xerouse en Galiza bastante máis débeda pública que na suma de todas as lexislaturas anteriores, e iso non é froito, só, só, da súa mala xestión, é froito –sábeo tan ben coma min– dun sistema que non

asegura o financiamento das nosas competencias e servizos transferidos, máxime nun contexto de caída da recadación como no que estamos. Ou hai un novo modelo de financiamento ou Galiza tamén está abocada, antes ou despois, a acudir ao fondo de liquidez autonómico.

Finalmente, señoras e señores deputados, voume referir á necesidade dunha profunda rexeneración democrática e de que Galiza teña dereito a decidir. Vivimos unha crise de lexitimidade das institucións democráticas, non hai verdadeira democracia se as institucións políticas están sometidas aos ditados dos mercados, se a economía está sometida aos especuladores, en vez de ter en conta as necesidades da sociedade. E non hai verdadeira democracia sen amplos espazos de libre decisión que permitan que os pobos sexan donos do seu destino. Para rexenerar a democracia, calquera reforma da lei electoral debe de estar orientada a que esta Cámara reflicta fielmente a vontade expresada nas urnas, a pluralidade real existente na sociedade galega. Para rexenerar a democracia, hai que apostar por unha democracia máis participativa, impulsando as consultas populares e as iniciativas lexislativas populares, unha democracia de máis calidade esixe dunha radio e televisión pública galega, pública, efectivamente, pero non gobernamental, unha CRTVG plural e respectuosa cos seus fins fundacionais. E unha democracia de máis calidade esixe tamén uns medios privados plurais, veraces e independentes. Por iso defenderemos que as axudas en prensa sexan transparentes, que a repartición sexa obxectiva e equitativa e estean sometidas a control parlamentario.

Mire, señor Feijóo, a súa compañeira de partido, Alicia Sánchez Camacho, na recente campaña catalá criticou as axudas de 10 millóns de euros da Generalitat a un grupo de comunicación, e defendeu a supresión das axudas á prensa, convidando a que veña aquí a Galiza se quere coñecer de verdade a discrecionalidade (*Aplausos.*) dun Goberno á hora de subvencionar medios privados coa calara vontade, valla a redundancia, de mercar vontades.

E, por suposto, para rexenerar a democracia, Galiza debe de ter dereito a decidir, ou, se o prefiren, sen eufemismos, o dereito á autodeterminación, o dereito á autodeterminación entendido como sempre o entendeu o nacionalismo galego, non como aquel presidente de Estados Unidos que dicía estar a favor da autodeterminación de Puerto Rico e enten-

día por tal, simplemente a convocatoria dun referéndum, que, se se convocaba, el ía facer todo o posible para que Puerto Rico se convertese nun estado máis de Estados Unidos. Con ese xeito de entender a autodeterminación, ese presidente era autodeterminista e imperialista a un tempo. O BNG non entende o dereito a decidir como algúns entenden o matrimonio, decidir unha vez e para sempre ata que a morte nos separe. O dereito a decidir debe de ser a capacidade plena e permanente do pobo galego para decidir sobre os seus propios asuntos e relacionarse cos outros pobos en termos de igualdade e cooperación.

A ausencia de soberanía conduce á ausencia de democracia, nunca foi tan evidente como nos tempos de hoxe, como nunca foi tan evidente a importancia de que o pobo galego teña o control real da súa economía.

A señora PRESIDENTA: Quédanlle dous minutos, tal como me pediu.

O señor JORQUERA CASELAS: Para que o aproveitamento dos seus recursos económicos, dos seus recursos naturais, das súas inmensas capacidades produtivas, permita construír o progreso e o benestar colectivo. Pero, ademais, o mellor contrapeso ás desigualdades brutais xeradas pola globalización é fortalecer os espazos de libre decisión dos pobos. Explicábao sucintamente, pero con claridade meridiana, o profesor Ramón López Suevos nunha conferencia á que asistín hai xa trinta anos: “*¿Por qué defiende la independencia si el mundo es cada vez más interdependiente y globalizado?*”, preguntoulle un asistente. E contestou: “Porque se es independiente, es más independiente.” Quizais por esa razón, en 1945, cando se fundaron as Nacións Unidas, o número de nacións que a integraban era de 45, e agora superan xa as 190. Pero en calquera caso, señorías, eu non estou a falar de independencia, por moito que sexa unha opción plenamente lexítima. Eu estou a falar de soberanía, do dereito do pobo galego a decidir libremente sobre os seus asuntos e xestionar no seu beneficio os seus propios recursos.

Mire, señor Feijóo, miren, señorías —e con isto conclúo xa—, o Estado das autonomías existe porque existe Galiza, Euskadi e Cataluña. E o Estado das autonomías está en crise, unha crise irreversible. Se falamos de feitos e realidades, a crise do Estado das autonomías é irreversible, e esta crise só ten dúas saídas: a ruptura do Estado ou a súa reformulación

sobre bases de auténtico respecto á súa realidade plurinacional. E miren, neste escenario Galiza ten dúas opcións: a da irrelevancia política, a da submisión, ser espectadores dóciles do que outros deciden por nós, ou ben a opción da liberdade, a vontade como pobo de ser protagonistas da nosa historia. Esa é a opción pola que traballará o Bloque Nacionalista Galego neste Parlamento e na rúa ao longo desta lexislatura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra don Xosé Manuel Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Antes de comezar, eu quixera felicitar o portavoz do BNG pola súa relación de agravios e alternativas, que subscribo integramente, procurarei facer unha aportación complementaria dende outra perspectiva.

Señora presidenta, señorías, “Aqués que tén fama de honrados na vila / roubáronme tanta brancura que eu tiña, / botáronme estrume nas galas dun día, / a roupa de cote puxéronma en tiras. / Nin pedra deixaron en onde eu vivira; / sin lar, sin abrigo, morei nas curtiñas, / ó raso cas lebres dormín nas campías, / meus fillos..., meus anxos...!, que tanto eu quería, / morreron, morreron ca fame que tiñan. / Quedei deshonorada, murcháronme a vida, / fixéronme un leito de toxos e silvas / i en tanto, os raposos de sangue maldita, / tranquilos nun leito de rosas dormían. / Salvádeme, ou, xueces, berrei..., Tolería. / De min se mofaron, vendeume a xusticia, / Bon Dios, axudaime, berrei, berrei inda... / Tan alto que estaba, Bon Dios non me oíra. / Estonces, cal loba doente ou ferida, / dun salto con rabia pillei a fouciña, / rondei paseniño... Ne as herbas sentían. / I a lúa escondíase, i a fera dormía / cos seus compañeiros en cama mullida. / Mireinos con calma, i as mans estendidas, / dun golpe, dun soio!, deixei-no sin vida, / i ó lado, contenta, senteime das vítimas, / tranquila, esperando pola alba do día. / I estonces... estonces cumpreuse a xusticia, / eu, neles; i as leises na man que os ferira.”

Ben se decatarián xa as súas señorías de que o texto que veño de ler non está tirado de ningunha copla contra as leoninas taxas impostas polo ministro de xustiza actual, malia

que vulneran frontalmente o dereito dos cidadáns do común a unha xustiza gratuíta, e reduce a cinzas a norma contida no artigo 24.1 da Constitución, que predica que “todas as persoas teñen dereito a obteren a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, sen que en ningún caso se poida producir indefensión”. Porque resulta evidente que esa reaccionaria decisión ministerial incorre na aberración de converter o recurso dos cidadáns á xustiza nunha mercadoría, un ben que cómpre mercar con cartos, so pena de ficar en indefensión. E se cadra para os que non teñan cartos, aplicaráselles aquela máxima establecida por un parlamentario ou parlamentaria popular nas Cortes: *¡Que se jodan!*

Pois non, señorías, non, ese texto non procede de ningún panfleto popular anónimo, ben se decatarián, lonxe diso, as súas señorías de que é a reprodución literal dun punxente poema de Rosalía titulado “A xustiza pola man”, e dado a luz no seu libro *Follas novas*, en 1880 ¡nada menos! Por certo, que se Rosalía publicase arestora ese mesmo poema non sería se cadra tildada de tola, senón imputada por apoloxía do terrorismo, ou acusada de incitación á sublevación popular (*Aplausos.*) e á desorde pública, que todo pode ser nesta especie de franquismo sen Franco que estamos a desfruitar.

E dirán vostedes que iso todo é pasado e que non vén a conto hoxe. Ben, escoitaron a relación de agravios do portavoz do Bloque. Pois co seu permiso, eu discrèpolles. Para min o equivalente actual da muller protagonista anónima do poema rosaliá, alén de calquera das mulleres maltratadas hoxe en día, tamén leva nome feminino, éles Galiza, éles a cidadanía galega do común, roubada, espoliada, asoballada, despregada, aldraxada, vítima da inmisericorde cobiza da plutocracia financeira e da inxustiza empoleirada no poder político. Unha cidadanía inerme, acosada a todos os niveis e en todas as dimensións dos seus dereitos, liberdades e condicións materiais de existencia. Unhas clases asalariadas reconducidas á situación descrita por Dickens para a Inglaterra de hai case dous séculos, unha clase labrega reconvertida virtualmente en serva, como os foreiros no tempo das loitas agraristas, e unha clase media en proceso de redución á pobreza, curiosamente á inversa xustamente do Brasil de Lula e de Dilma, por exemplo, o terceiro mundo ese.

Unha cidadanía do común a piques de ser reducida de feito á condición de súbdita, na que se achaba nos antigos réximes

européos anteriores á Revolución Francesa. Unha cidadanía galega empurrada á desesperanza e ao descreimento nas solucións políticas democráticas, enfrontada ao dilema de escoller entre resignarse a que fagan de nós un pandeiro ou ben tomarse a xustiza pola man. E isto ao cabo dun terzo de século de Autonomía e de seica autogoberno por primeira vez na historia moderna e contemporánea da nosa nación. ¡Lindo balance! E ¿quen son os responsábeis políticos dese desenlace? ¿Quen gobernou con maiorías neste Parlamento durante todo ese tempo?

A rebelión cívica arestora en curso, que os da Alternativa Galega de Esquerdas non facemos máis que estimular, procura mesmamente conquistar a xustiza pola man, só que sen verter sangue maldita, mediante a mobilización no seo da sociedade civil, democraticamente, sen violencia. Curiosamente, nesa dialéctica de opostos só o poder está a exercer a violencia; exércena tanto o auténtico poder –ou sexa, o financeiro da plutocracia internacional– canto o seu simple testafarro, o inquilino das institucións políticas nadas como democráticas e transmutadas en oligárquicas.

É o réxime que o eminente sociólogo portugués Boaventura de Sousa Santos definiu como fascismo financeiro, metamorfose do fascismo clásico no que os nazis de arestora non locen cruces gamadas nin precisan impor formas totalitarias de Estado –partido único– nin prohibir prensa independente. Abóndalles impor o pensamento único, manexaren a pantalla mediática, esborrallaren o *welfare state*, converteren o Estado providencia en Estado penitencia –como dixerá Loïc Wacquant– e o réxime de liberdades cívico-políticas nunha democracia de baixa intensidade –como o fluído dos pastores eléctricos para termar do gando–.

Violencia económica, violencia laboral, violencia social, violencia institucional, violencia física tamén, ás veces como subproduto da violencia social –así no caso da violencia de xénero–, e outras da institucional –como a das mal chamadas forzas antidisturbios, que, en rigor, están a provocaren disturbios nas mobilizacións cívicas que exercen pacificamente o dereito constitucional de manifestación–. E, finalmente, chegado o caso, violencia médica, como a do Estado sionista de Israel en Palestina, (*Aplausos.*) subespecie do xénero de guerras “preventivas” contra o eixo do mal inauguradas polo emperador Bush II coa entusiasta complicidade e mentira universal dos seus próceres populares

Aznar e Rajoy á altura da invasión de Iraq. Cando estaba invadido e caían as bombas e esbandullaban nenos e mulleres nos mercados de Bagdad, vostede xa estaba aquí; nós pediamos na oposición dous minutos de silencio e vostedes negábanos. (*Aplausos.*) Son católicos e humanitarios.

Nas nosas latitudes, afortunadamente, eses poderes inda non chegaron a empregar esas formas extremas de violencia, simplemente porque aínda non lles fixo falta recorrer a elas, mais si que, en troques, é un poder que mata, selectivamente polo de agora. Vostedes alporizáronse moito cando dixen eu que as súas políticas agresoras do común cidadán matan e a súa Cospedal deulle ao pedal do estupefaciente e acuñoume de todo –nada orixinal, por certo; díxose xa hai moitos anos, tamén de Rosalía–.

Mais hoxe esa aseveración é xa un clamor popular, avalado por colectivos de psiquiatras, que incluso forzou ao seu Goberno español a facer o simulacro de receitar aspirinas xurídicas para a doenza dos desafuzamentos polo impago de impagábeis hipotecas. (*Aplausos.*) Neste país sempre ten que ocorrer unha desgraza moi soada para que os poderes políticos se ocupen do que terían ter impedido que acontecese. A súa política –a súa tamén– ignora teimudamente as recomendacións da medicina preventiva.

Nese contexto de constante involución social, ideolóxica e política na que se volatilizan un tras outro os valores democráticos e republicanos, o escenario interno da Autonomía galega sofre unha progresiva degradación, até acadar o paroxismo na pasada lexislatura cando os inquilinos da Xunta de Galiza proceden a baleirar progresivamente de contido as máis importantes potestades e competencias conferidas polo Estatuto, e a inverteren rotundamente o sentido e finalidade das institucións autonómicas que constituían en orixe a súa razón de ser: o autogoberno –malia que limitado– das cidadáns e os cidadáns galegos de nación.

Inverteuse a relación entre cidadanía galega, poder autónomo e poder central do Estado. Esa relación fora deseñada conforme un patrón democrático como unha relación de abaixo a arriba. O pobo galego confería un mandato aos poderes autonómicos para autogobernarse, é dicir, resolver politicamente os seus problemas, e mais para facer valer ese autogoberno perante o poder central do Estado. Chegaron vostedes e inverteron esa relación; converteron a Xunta

nunha delegación do poder central do Estado, unha correa de transmisión das decisións de metrópole estatal, como os virreinos nas antigas colonias, na actual, que é Galiza, efectivamente, interior; e o Parlamento galego nunha comparsa das Cortes españolas, cando son simplemente unha correa de transmisión das decisións que vostedes tomaron, convertendo a todos os seus deputados e deputadas directamente responsábeis ante cidadáns que os elixiran de traizoar aos cidadáns que os elixiron cun programa que vostedes incumprían de arriba a abaixo.

Vostede, señor Núñez, coído que vén ser unha simple clonación do homúnculo de Rajoy.

Certamente esta tendencia viña de ben atrás, mais con vostedes converteuse en mecánica de piñón fixo. O señor Fraga Iribarne tentara rehabilitarse e exercer realmente de presidente de Galiza na última etapa dos seus mandatos, mais non tivera recursos políticos abondo para levalo a cabo. A función da autonomía vista por alí era á inversa da que tiña que ser, e fronte a iso non podía. Lembro dúas ocasións en que chegara a confesarme: téñolle graves problemas coa dirección do meu partido en Madrid –enténdase Aznar, Rajoy, Romay..., os decapitadores de Cuíña, que o enviaron a vostede, tal como enviaba o Borgia d’*O Príncipe* os seus propios á levantisca Emilia-Romaña–.

Así que vostedes, instalados na Xunta, limitáronse a xestionar en Galiza os ditados e intereses do poder central español como quen administra o servizo privatizado de correos, que seica é a súa verdadeira especialidade, ¿non si, señor Núñez? (*Aplausos.*) A brutal incidencia da crise financeira, transformada agora nunha grande depresión, non fai máis que exacerbar unha patoloxía que viña de atrás e levala ao límite do humanamente soportábel do sufrimento dunha maioría social indefensa, mentres os primordiais causantes e culpábeis financeiros e políticos desa traxedia popular non só fican impunes senón que ditan as antidemocráticas políticas agresoras contra a xente do común, que mesmo aproveitan para faceren o seu agosto como meigas chuchonas das enerxías cívicas e os recursos materiais da cidadanía galega. Nunca antes como na pasada lexislatura resultou tan certa a metafórica afirmación de que a Autonomía galega estaba nas mans das forzas de ocupación.

Mais falar de crise na Galiza esixe certas precisións e termos presente un longo proceso que percorre case que toda a dura-

ción da nosa autonomía política. Vexamos primeiro cal é esa situación e a doenza que padece.

A diagnose feita por economistas e sociólogos formados na Universidade compostelá poderíase resumir así. A realidade contemporánea de Galiza é a dunha sociedade periférica que padece, á maneira dunha colonia interior, a dinámica do desenvolvemento desigual no ámbito do Estado español e da Unión Europea, a dinámica en síntese da espoliación, co vaciado do seu contido demográfico e da súa substancia económica e cultural.

De aí derivase que os problemas cardinais que plantexa a patoloxía económica, social e cultura de Galiza son de índole política. Quero dicir que as doenzas da nosa realidade non resultan problemáticas en si mesmas, pois que están correctamente diagnosticadas e prognosticadas. A súa problematidade sitúase no nivel da terapia, ou sexa, da política. Durante o terzo do século que levamos de Autonomía, o poder político, co só intervalo dos gobernos tripartito e bipartito –e, se cadra, da lexislatura inaugural–, fixo caso omiso desas diagnoses.

Pois, pola contra, o reto estriba en sermos quen de crear as condicións políticas necesarias para erradicarmos os tangaños que tollen o corpo e o espírito da nosa sociedade nos tres niveis da súa estrutura: económico, ideolóxico-cultural e político-institucional. Dixérao xa hai medio século Valentín Paz Andrade con outras palabras –o referente este ano das Letras Galegas–.

Eis o reto que debe afrontar calquera Goberno galego que se prece, mais non o fai. Non o fixo tampouco vostede, señor Núñez, na lexislatura pasada. Fixo todo o contrario, e o resultado está ben á vista: imos a recú, como un autobús no que o chofer levase posta a marcha a atrás.

O espolio que está a padecer Galiza opérase nas diversas dimensións da súa realidade: materias primas, formación de capital, forza de traballo, potencial demográfico, creación científica e técnica, patrimonio cultural e patrimonio natural tamén. Singularmente as formas primordiais dese espolio son: o espolio enerxético e o espolio financeiro, o exterminio do campesiñado e da xente mariñeira, a expatriación forzosa das xeracións mozas, o etnocidio e o ecocidio. Eis as veas abertas de Galiza na metáfora do meu entrañábel Eduardo

Galeano que fixera para América Latina hai ben anos. Cada unha desas veas abertas derrama o potencial dinámico dunha peza clave na estrutura do noso país, en espazo natural, realidade social e pobo como identidade de seu.

E non son fenómenos conxunturais ou pasaxeiros, senón estruturais e de longa duración. Unha política dun Goberno con maiúsculas debía estar aí para lles facer fronte; mais non o fixo nin o fai, antes nin despois do parto da Autonomía, e agora mesmo até reduplica o seu impacto destrutor. Hai mostras evidentes, mesmo cinxíndome ao período do que teño eu memoria.

O espolio dos recursos enerxéticos iníciase cos encoros hidroeléctricos, esquilma logo só en vinte anos os lignitos e até nos rouba agora o vento –que disque é noso–.

O espolio financeiro comeza coa absorción da densa rede do Banco de La Coruña nos anos 60 –porque os Vilariño preferían ser rentistas que banqueiros– e culmina coa recentísima do Pastor e o latrocinio das caixas populares de aforros e a estafa das preferentes, as hipotecas, etc.

O exterminio do campesiñado e da xente mariñeira empeza co transvase masivo de traballadores –500.000 en dous decenios–, non á industria galega, senón a Europa, Cataluña, Euskadi e Madrid. E culmina coas leoninas políticas agraria e pesqueira da UE, servilmente obedecidas polos gobernos de turno.

O espolio do proletariado asalariado comeza coas reconversións famosas que mutilan a masa laboral na industria, a fins de século –fainas retroceder ás magnitudes de comezos do 60, nada menos–, e culmina coa sucesión en cadea de criminais contrarreformas laborais e a barra libre para o desemprego provocado.

A expatriación forzosa da mocidade acada arestora cifras análogas aos tempos da enxurrada emigratoria a Europa, só que agora moitas veces con títulos de ensino superior na faltriqueira e no escenario dunha demografía arquienvellecida e exhausta e dun paro xuvenil que os ameaza con chegaren á idade da prexubilación antes de obteren un emprego digno e estábel. (*Aplausos.*) Ou sexa, un futuro consistente en pasaren directamente de parados a xubilados –sen pensión, claro é–.

O etnocidio comezara coa imposición a labazadas daquela moi didáctica consigna de “no sea usted bárbaro, hable la lengua del imperio”, durante a tiranía franquista, e culmina coa súa teima na normalización lingüística do idioma propio de Galiza, que naturalmente é o español –como o seu nome indica e a seita da Galiza bífida proclama–, elevado así á paranoia de limpeza étnica na súa inefábel campaña de analfabetización en galego, sen precedentes nin tan sequera en gobernos poscoloniais africanos a respecto do swahili, o bantú, o zulú ou calquera outro deles.

En fin, o ecocidio, a cada vez máis brutal agresión aos ecosistemas agrarios e mariños, un desastre moi relacionado coa forestación contra natura e a destrución das formas non capitalistas de pesca e agricultura sustentábel, practicadas pola exterminada cultura labrega mariñeira, que só precisaban unha modernización congruente coa súa lóxica, e foran encomiadas e defendidas fronte aos pailáns vilegos por unha xínea de ilustrados que van dende Cornide ou Labrada no XVIII, a Díaz de Rábago, Rof Codina, Cruz Gallástegui ou Domingo Quiroga no XX –seguro que lles soan–. Un desastre agora en risco de se tornar catastrófico de xeito definitivo pola cobiza dos recursos do subsolo en Bergantiños, na Terra Chá e así seguido, que poden converter este país nunha especie de Katanga –moi europea, iso si–.

E vostedes e os seus antecesores populares nestes tres decenios de autonomía prodixiosa, ¿onde estaban?, ¿que facían?, ¿para onde ollaban dende a súa atalaia de San Caetano? Non me contesten, porque ben o sei: para Madrid, que a Bruxelas e a Berlín non lles alcanzaba a vista. ¿E aínda ten coallo vostede para solicitar a investidura desta Cámara e seguir así a comandar impertérrito a súa brigada de demolicións?

Mais abofé que non todo é culpa de vostedes e os seus predecesores na Xunta. Algunha eiva procede certamente xa do propio deseño institucional da nosa Autonomía. A primeira consiste en que o Estatuto de Galiza non é equivalente a unha Constitución dun Estado galego integrado nun Estado federal español –por caso–, senón que é unha carta autonómica elaborada e outorgada polas Cortes españolas con rango de lei orgánica, de xeito que calquera outra lei orgánica desas Cortes sobre calquera materia ten o mesmo rango que o propio Estatuto, co que xa en orixe fica aberta a vía para a invasión de competencias legislativas atribuídas ao Parlamento de Galiza. Unha vía que o poder central ía utili-

zar de xeito cada vez máis reiterado e até abusivo, e non só con leis orgánicas, senón tamén con leis ordinarias e até normas de rango inferior. Iso seica se chama “respecto institucional á autonomía galega”, ¿non si?, empezando polo señor Rajoy. “Respecto”, unha palabra que vostede repite a esgalla en calquera entrevista: “eu respecto”, “nós respectamos”... ¿Tamén respecta as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, verdade? ¿Tamén respecta absolutamente o poder xudicial cando falla en desfavor de vostede? É unha especie de frase comodín que vostede emprega para non contestar con franqueza a nada que lle cree problemas de posicionamento, claro.

E aquí xorde a segunda caste de eivas conxénitas. En efecto, no Estatuto só algunhas das competencias se definen como exclusivas, que son as que non teñen outro límite que os propios preceptos da Constitución. Mais, curiosamente, as desas caste que se enuncian no Estatuto non son as máis cruciais para o reto primordial dunha política estratéxica de desenvolvemento do noso país que puidese tiralo do da súa condición periférica na Península e en Europa. Hai outras que se denominan “exclusivas”, mais non o son, porque están sometidas ás bases que establece a política do Estado, e esa política ben sabemos –e padecemos– que sempre barre para o centro ou o Mediterráneo. A Península está descompensada, vai costa abaixo cara a Marbella.

E entre as competencias falsamente exclusivas estalles nada menos que a industria, a agricultura, a gandería, o comercio interior, os intermediarios financeiros –léase caixas–, e así pasou o que pasou. É absolutamente indecente a posición mantida a respecto das caixas; unha Lei de caixas do Parlamento de Galiza que non ten a que aplicarse porque desapareceron, e agora incluso o banco en que se transformaron. (*Aplausos.*) Unha proba de que ese marco competencial non permitiría operar –sen luz verde central– unha política eficaz de desenvolvemento está en que nos case tres decenios que levamos integrados en Europa Galiza estivo no furgón de cola das rexións máis empobrecidas da actual Unión Europea –xa sei que dixo que agora saíu de aí, que cambiaron os baremos e todo–; a non ser que os sucesivos gobernos da Xunta fosen ineptos no uso das competencias –e daquela cómpreme reiterar que vostedes levan gobernado durante vinte e cinco dos trinta e un anos que levamos de autonomía, e cando o Goberno bipartito da antepasada legislatura tentou abordar unha reforma do Estatuto que afortale-

se o poder autónomo, procurou o seu consenso, pero vostedes boicoteárono, ¡moi lindo servizo á Galiza da que tanto falan!–

Obviamente, esta precaria situación do poder autónomo agravouse dende o ingreso en Europa. As decisións de Bruxelas convértense no perfecto pretexto para eludiren responsabilidades vostedes: nada se podía facer sen Bruxelas. Só unha mostra: a comezos dos noventa, presentamos unha proposición de lei de ordenación gandeira que, de terse aprobado, o sector gandeiro non estaría hoxe na situación agónica en que o puxeron vostedes e os gobernos de Madrid e Bruxelas. Pois rexeitárona porque seica colisionaba coa directiva non sei cantos de Bruxelas, que, polo visto, estaba por riba do Estatuto de Galiza e da propia Constitución española. A submisión dos ocupantes do poder autónomo –incluídos, por suposto, os actuais– aos ditados da superioridade pasará á nosa historia como un dos comportamentos máis vergoñentos e desleais coa cidadanía de cantos poida rexistrar a historia política de calquera pobo en tempos de paz. Apenas houbo casos nos que a Xunta recorre perante o Tribunal Constitucional invasións flagrantes das súas competencias. Fixeron vostedes de Galiza unha autonomía “domada e castrada”, como reza a coñecida crónica do século XVI a respecto do que fixera o poder real absoluto dos Católicos despois das guerras do século XV e das rebelións irmandiñas e tamén da nobreza galega.

E aínda logo houbo as traizóns inescusábeis. A mediados dos noventa o BNG logrou que este Parlamento aprobase por unanimidade un plan a sete anos de modernización da rede ferroviaria interna galega. Cumpría logo levalo ás Cortes de Madrid. Levárono cando Aznar foi xefe de goberno, mais, abraiantemente, a súa maioría nas Cortes votou en contra do que aquí votaran a favor. Morreu alí ese plan, morreu, e hoxe a rede ferroviaria galega está como ben sabe a xente que a padece, sobre todo nesa Galiza interior que sempre invocan e que lles dá máis votos: Ferrol, Betanzos, Lugo, Monforte, toda esa liña.

Pero incluso en cuestións que non dependían do marco competencial o desleixo dos poderes galegos resulta abraiante. O Estatuto establece que este Parlamento deseñará por lei a demarcación das comarcas coas correspondentes administracións, ademais de dotar de personalidade xurídica as parroquias –como teñen en Portugal as “freguesías”–. Até

hoxe, papel mollado; seica para que non rosmasen as súas deputacións provinciais –supoño–. ¿Vaino facer vostede no canto de andar a enredar coa leria das fusións de pequenos concellos rurais? ¡*Quíá!* E aínda –reitero– ten vostede o coallo de pedir a investidura para proseguir esa traxectoria de utilización da autonomía para todo o contrario de aquilo para o que foi conquerida despois de século e medio de loita cívica e democrática, dende os mártires de Carral de 1846 deica Bóveda e Castelao e a loita baixo o franquismo da esquerda e do nacionalismo.

O proceso que estou a referir acada o seu clímax na pasada legislatura, despois da inxusta derrota pola mínima do Goberno tripartito..., bipartito, perdón; inxusta, mais as eleccións rara vez fan xustiza, non están para iso. Dende que se instalou vostedes en San Caetano, a acción do seu poder tornouse inmisirecorde contra os cidadáns, empurrada por dous furacáns procedentes do leste. O primeiro, a reaccionaria e antidemocrática ofensiva ultraliberal desencadeada pola plutocracia financeira transnacional –os mercados disque–, politicamente instrumentada en Europa pola famosa “troika” para converter a Unión Europea no “IV *Reich* sen wehrmacht”, coa “kaiserina” Merkel, entronizada nova *führer* dese enxendro.

Isto non o inventei eu, a propia gran dereita alemá afirma agora que a fin de contas eles acabaron por gañar a Segunda Guerra Mundial –contábamo hai meses Ignacio Ramonet–; unha ofensiva na que eses incontrolados poderes financeiros están a aproveitar a crise –causada por eles mesmos– para pegaren un chimplo sen precedentes no proceso de concentración da riqueza e o poder no consabido 1 % dos máis ricos, mediante a ruína de case que todos os demais segmentos sociais, maiormente as clases traballadoras e medias –tamén nisto son eles quen din que o seu é unha vitoriosa “guerra de clases”–. O mal chamado “pacto fiscal”, que carboniza a soberanía das cámaras legislativas dos estados aos que se aplica e os converte en simples protectorados dese novo imperio alemán, non é máis que unha nova arma desa guerra. E xa están a organizar un novo organismo europeo de supervisión fiscal para controlar a emisión de débeda dos estados do sur. Aínda este verán Susan Watkins relatava os nomes e fechorías dos “arquitectos oficiais” desa nova gestapo imperial: Mario Draghi (presidente do Banco Central Europeo), Durão Barroso –naturalmente, o trío das Azores–, Jean-Claude de Juncker (do Eurogrupo) e Herman Van

Rompuy (do Consello Europeo) –aforrareilles relatar os seus *pedigrees* de cans de presa adestrados para matar–.

As políticas instrumentadas pola Troika para esa guerra constitúen un auténtico crime de estado contra a cidadanía do común e a democracia, mais foron servilmente asumidas polos gobernos do Estado español; primeiro con prantos de velorio, por Zapatero, logo, con “ardor guerrero” e benzóns do cardeal Rouco para esta santa Cruzada, por Rajoy.

Vostedes fixeron exactamente o mesmo aquí, non sei se con bágoas de crocodilo ou con “ardor guerrero” tamén; non o sei nin me importa. Colaboraron servilmente nese crime de Estado aquí contra a cidadanía galega, tanto a que non os votara como a que si tamén. Iso si, disfrazáronse. O disfraz máis vendido foino o lerio da austeridade, dos recortes. A política de austeridade, aplicada nunha gran depresión como a actual, ademais de ser unha aberración científica que faría suspender a calquera estudante primeirizo de macroeconomía, é unha enorme e falaz patraña, cando os máis ricos están a facer o agosto e os banqueiros, magnates e homes de Estado se retiran con “pelotazos” multimillonarios en euros das institucións que previamente arruinaran. (*Aplausos.*)

A súa panxoliña de que “non hai cartos” é un embuste descomunal, porque vostedes saben que hoxe en día hai máis cartos que nunca na historia da humanidade, só que están maiormente nas mans dos potentados delinquentes que non aportan un can ás arcas públicas, que os agochan ou levan a paraísos fiscais e que saben que, se acaso os inspectores de Facenda honestos os descubren, vostedes lles darán amnistías fiscais, porque vostedes só gobernan para eles e están ao seu servil servizo. ¿Ou acaso non houbo cartos para “resgatar” con fondos públicos a banca afundida por desaprensivos, cobizosos e especuladores embarcados en irresponsábeis aventuras cos cartos das empresas e das familias que lles entregaran en depósito?; incluídas as caixas, porque eran entidades de aforro popular e de economía social, cobizadas polos bancos. ¿E non endebedaron o Estado para facer iso? ¿E logo non poden endebedar o Estado para servir ás empresas eficientes e aos cidadáns do común, como debera obrigalos o seu compromiso electoral con eles? ¿Acaso non é un crime político deixar desamparados os cidadáns máis necesitados de axuda para pagar agora aos bancos alemáns? E aínda fachendea vostede de que “Galicia paga”. ¿A quen?, ¿aos parados, aos enfermos, aos escolares, aos vellos, aos

discapacitados, ás mulleres con fillos que manteren..., ou aos especuladores europeos que nos debían pagar eles a todos nós para nos devolveren o roubado?

A señora PRESIDENTA: Cinco minutos, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ¿Perdón?, ¿cinco?

A señora PRESIDENTA: Ten vostede cinco minutos.

O señor BEIRAS TORRADO: Moitísimas grazas. Coido que vou en tempo, vou chegar co crono a cero. Moitas grazas.

Pois ¡manda truco co patriotismo e co catolicismo de vostedes! Porque, para serviren os plutócratas, vostedes non vacilan non só en dinamitar os dereitos laborais e sociais conquistados polos cidadáns, senón inclusive en desmantelar o mesmiño Estado moderno e en reinstauraren estados neomedievais ao servizo do que a ciencia política xa comeza a denominar “capitalismo feudal”, ese enxendro –non o dubidaron na pasada lexislatura–. Nin sequera lles importou crebar en varias ocasións o principio da “seguridade xurídica” fundamental para as relacións da Administración cos administrados –como por caso na falcatruada dos eólicos, pero en tantas outras–. Levaron por diante a sanidade pública e universal, o ensino público e gratuito, os servizos sociais e un longo etcétera que non hai tempo de enumerar e que xa foi enumerado moi ben aquí. Pois tamén andan a desmantelar, privatizar e mercantilizar até a propia Administración pública, que foi o primeiro piar do Estado moderno, mesmo antes da Revolución Francesa, co despotismo ilustrado; e ademais empezaran para combater as pestes, facer saneamentos e cordóns sanitarios, sábeno moi ben. Semellan vostedes a caste política dos últimos Austrias, incluso algúns na fasquía facial, como tirados dos lenzos de Velázquez.

E o segundo furacán –vou rematando– procedente do leste: a xenófoba xiria do chauvinismo español máis reaccionario contra os valores identitarios da nación galega; esa ideoloxía odiosa de quen é incapaz de atender e aceptar a existencia do “outro”, a alteridade, a existencia do outro diferente dun mesmo, e menos aínda de recoñecelo como ser humano dotado de xenuíños dereitos individuais e colectivos. É un problema eu coido que xenético.

Vostedes puxéronse ao servizo desa barbarie que perverte todo o que toca, empezando polos valores e pola propia lin-

guaxe, como cando deturpan o contido semántico da palabra “liberdade” para escravizaren os máis febles no caso do idioma: “liberdade de idioma”, cando a Unesco establece a discriminación positiva aos idiomas en situación de status B, como ao galego, fronte ao A, dominante, e seica o Estado español está dentro da Unesco. ¿E vostede en que está? ¿Onde? Non sei. ¡É indignante!

Afanáronse vostedes en asfixiar o entramado cultural galego tecido heroicamente baixo o fascismo franquista e desenvolvido despois por milleiros de cidadáns entregados ao labor cultural tantas veces gratuíto e sempre mal pago na literatura, na edición, no teatro, na música popular e culta, na plástica, no audiovisual e así seguido. ¿Sabe vostede que non hai case ninguén que na escrita, no teatro, na música, en Galiza, poida vivir do seu labor creativo decentemente? ¿Parécelle normal? ¿E sabe que agora, grazas a vostedes, incluso adoitan ter que costearen eles a edición ou a produción das súas obras, porque vostedes están a matar de fame a editoriais, grupos de teatro ou musicais? ¡O exterminio tamén da cultura!

E a súa hipócrita guerra sucia contra o idioma galego sobarda todos os niveis imaxinábeis da infamia e da traizón. Pois, non satisfeitos con todo iso, tamén encetaron o “despece” dos contidos políticos do Estatuto para reduciren a autonomía á xestión administrativa dunha deputación supraprovincial.

Coa súa servil obediencia á barbarie ultraliberal vostedes están a matar o corpo social do pobo galego, coa súa cipaia submisión ao xenófobo chauvinismo español están a tentar matarlle a este pobo tamén a súa alma, mais son vostedes mesmos os que así matan a súa. Se disque son católicos, saberán que mesmamente esa é a noción do “pecado mortal”. ¿E inda vén vostede aquí pedirnos o voto para a súa investidura? ¿Considéranos capaces de traizoar até ese punto o pobo que nos pariu e que nos amamantou? Desengánese de vez: ou dá vostede un virada de 180 graos na súa singradura ou deixa de gobernar contra os cidadáns e torna a defendelos contra os que os agriden e espolian –cousa que é máis inverosímil que non que caia un meteorito na dársena da Coruña– ou nós loitaremos contra vostedes con todas as nosas forzas, coa palabra e a acción democrática, dentro e fóra desta Cámara. Dentro, para impedirmos que a convertan nunha cámara de gas –virtual, claro, polo de agora–; e fóra para contribuímos á nacente rebelión cívica, que é a única esperanza de recuperación da soberanía popular perdi-

da, o único xeito posíbel de que a política se enxendre na sociedade civil, que os cidadáns sexan os seus protagonistas e nós, simplemente, os seus fideicomisarios nunha cámara de representantes merecente de tal nome, unha cámara no futuro dun pobo soberano que decida se se artella federal ou confederalmente a outros niveis máis amplos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Bos días, señora presidenta, señoras e señores deputados.

Señor candidato, comezamos a IX Lexislatura no Parlamento de Galicia.

Quero comezar manifestándolles ás súas señorías a alta honra que representa para min, e coido que para todos nós, ser depositarios da confianza da cidadanía de Galicia para os próximos anos neste Parlamento galego. Estou seguro de que cada un de nós nos entregaremos absolutamente ao traballo de conseguir mellorar a vida dos nosos cidadáns; farémolo cada un desde a representatividade que nos outorgou o pobo galego: o Partido Popular, dende a súa maioría absoluta, ten a obriga de xestionar o Goberno de Galicia, e todos os grupos, defendendo o compromiso acadado cos electores e pensando sempre no interese xeral do noso país.

O grupo maioritario e os tres grupos da oposición somos claramente diferentes, defendemos ideas e puntos de vista distintos, pero estou seguro de que confluimos nun mesmo obxectivo: buscar como axudar a que Galicia poida saír canto antes desta crise na que nos atopamos. Esta é, desde logo, a posición do Grupo Socialista que hoxe quero reiterar aquí, non como un recurso retórico, senón coa convicción de que todos nós, desde puntos de vista distintos, podemos facer propostas para mellorar a situación de Galicia.

Señorías, neste Parlamento reside a soberanía popular do pobo galego e ten que ser o reflexo das inqedanzas da cidadanía, por iso é preciso potencialo, dinamizalo, fuxindo de calquera intento de adormecemento, quebrantamento ou

minoramento que puidera intentarse desde calquera dos grupos políticos. Temos que conseguir, señorías, que as galegas e os galegos se vexan representados nesta casa para acadar os obxectivos que eles desexan.

Os socialistas galegos queremos comezar este debate, a nova lexislatura, reiterando o noso compromiso con Galicia, e sobre todo reiterando o noso compromiso cos 300.000 homes e mulleres galegos que nos deron a súa confianza a través do seu voto. Queremos facer da coherencia no noso programa, da coherencia coas nosas ideas, da coherencia coa defensa de todos aqueles valores que propuxemos ao longo desta campaña, o guiión polo que temos que rexernos para os próximos anos.

Estamos convencidos, señor candidato, desde o máis profundo respecto ao resultado electoral, de que o camiño polo que nos está levando vostede e o seu partido só pode xerar máis paro, máis recesión económica e máis destrución dos dereitos sociais. Anunciouno vostede, non engana xa; anunciou o martes como candidato, no seu discurso, que para os próximos dous anos o que toca é máis paro. Recórdolle que ganar unhas eleccións é importante; tamén se ganaron en Grecia, tamén se ganaron en Portugal hai case dous anos, e cada día os portugueses son máis pobres, teñen menos dereitos sociais e van por un camiño cada vez peor. Polo tanto, eu pídlle, señor candidato, que non leve a Galicia por ese camiño, que non se empecine, despois de ganar as eleccións, en levar este país polo camiño que está levando a dereita en Portugal.

Señoría, despois de oír o seu discurso de candidato, ratificámonos unha vez máis no que vostede tamén anunciou. As propostas que vostede reflexou aquí van traducirse en máis paro, máis recesión, máis pobreza, máis destrución de servizos públicos e de dereitos cidadáns.

Señor candidato, o seu discurso comezou mal; comeza mal cando non hai nin unha soa mención á herencia que recibe. ¿Recorda hai catro anos? Moito falaba de como recibía este país. E agora, como se herda a si mesmo, como vostede se herda a si mesmo, xa non temos herencia. Curiosamente, hai catro anos, no debate de investidura, vostede non dubidaba en cualificar a situación de Galicia como crítica; dicía que era o peor escenario en democracia, porque a taxa de paro estaba naquel momento no 12 %. E, curiosamente, o martes pasa-

do vénnos dicir aquí que Galicia está ben posicionada para o crecemento, cunha taxa de paro do 22 %. Isto non é unha contradición, señor Feijóo, é un autoengano que se fai vostede a si mesmo e que fai que empecemos por un mal camiño.

É curiosa tamén a súa amnesia. No discurso non lembra nada de hai catro anos. Quero recordarlle eu cando definía a Galicia como insolvente porque tiña unha débeda de 3.700 millóns de euros, e agora di que Galicia é solvente porque debe 7.700 millóns de euros. ¿En que quedamos? Recórdolle que dixó daquela –vaia ás actas– que o sector lácteo estaba no peor momento que viviu nunca –dixó no 2009– e hoxe, catro anos despois, di vostede que non ten competencias nesta materia, cando os gandeiros están tirando o leite polas rúas.

Quero aproveitar aquí para manifestar a solidariedade dos socialistas galegos cos miles de homes e mulleres que, desde a desesperanza, están no agro galego neste momento buscando que alguén xere unha mínima esperanza. (*Aplausos.*)

Mal empezamos, señor Feijóo, esta nova lexislatura, cando repetiu moitas veces que ía dicirlle a Galicia a verdade; pero, cando escoitamos as súas verbas, ¿que verdade? ¿É verdade dicirlle que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia avalía o seu decreto do galego cando todos vemos que rexeita os artigos esenciais? ¿É verdade vir aquí a presumir de que construíu 19 centros de saúde cando non construíu nin un só centro de saúde? ¿É verdade dicir que as contas están saneadas cando o Consello de Contas o acusa de ocultar máis de 400 millóns de euros en 2010 e vostede tampouco o nega? ¿É verdade dicir e presumir dun plan eólico que vai crear 14.000 postos de traballo cando non só non creou nin un só posto de traballo nin un só megavatio, senón que as decisións do seu partido...? Si, do Partido Popular, dese Partido Popular nacional que non mencionou vostede –non mencionou a Rajoy nin unha soa vez en todo o discurso de investidura–; ese Rajoy e ese Partido Popular que finiquitaron cun decreto as enerxías renovables para Galicia, que era unha das principais potencialidades.

¿Vir aquí dicir a verdade é non falar do Plan de infraestruturas que ten paralizado? ¿É dicir a verdade subir a esta tribuna e non falar do AVE, do Pacto do Obradoiro, que ocupou ríos de tinta? E agora xa non falamos nin do doce nin do quince nin do dezaioito, sencillamente, xa non falamos do AVE.

Subiu vostede aquí o martes, señor presidente, a dicirlle a Galicia moitas cousas, e ningunha boa; iso si, díxollo con delicadeza. Díxolle que 2013 e 2014 –que van ser un desastre–..., vostede empregou un termo *light*, van ser “de transición”. Imos traducir a palabra transición; esa transición vai ser para Galicia destrución de emprego, caída do PIB, redución de dereitos sociais, nos que vostedes se olvidan das persoas cun compromiso único, iso si: estabilidade das contas públicas.

Mire, o recente informe, o informe da OCDE, presaxia que para o 2013 se vai disparar o desemprego en 6 puntos; significa iso que Galicia vai superar no ano que vén amplamente a barreira dos 300.000 homes e mulleres parados neste país. Significa, neses informes, que para o ano que vén van engrosar as listas do desemprego máis de 30.000 galegos e galegas. Vostede fala de transición en 2013 e 2014, señor Feijóo, e a xente ten que vivir no 2013 e ten que vivir no 2014. Vostede sábeo moi ben, non van cumprir o obxectivo de déficit, nin o vai cumprir Galicia nin o vai cumprir España, porque o PIB vai diminuír o triplo do previsto: imos a un 1,4 % cando vostedes están falando do 0,4 % ou do 0,5 %. Vostede sabe moi ben que en España imos a unha débeda pública do 97 % do noso PIB no ano 2014, e sabe que nos próximos dous anos Galicia vai incrementar a súa débeda polo menos en 1.642 millóns de euros.

Con este panorama, ¿como se atreve, señor Feijóo, a dicir neste Parlamento, primeiro, que dá por perdida a metade da lexislatura? Pero despois vén profetizar –é profeta vostede–, que di que, iso si, no 2015 seguramente isto vai mellorar. Mire, vostede debuxa un panorama no seu discurso de investidura pero, coma sempre, topa responsables. Para o que nos vai pasar neste desastre para os próximos dous anos vostede xa atopou dous responsables: un é Europa e outro é o sistema financeiro. E quero recordarlle, señor Feijóo, que en Europa gobernan vostedes, e recordarlle que son a maioría de grupos conservadores os que defenden as políticas na Eurocámara. E quero recordarlle, señor Feijóo, que no sistema financeiro algo terá que ver o señor Rajoy e o Partido Popular.

Falaba no seu discurso de fortalezas, e vostede poñía dúas fortalezas que refería como contas públicas ordenadas e menos déficit. Convértese vostede en apóstolo do déficit cero. Xa só queda o *tea party*, Esperanza Aguirre e vostede,

xa ninguén máis fala de déficit cero. (*Aplausos.*) Son vostedes os únicos que volven recuperar, nun momento imposible, que volven retrotraerse a un punto que sinxelamente é imposible, señor candidato. As contas públicas ordenadas teraas vostede ordenadas na súa cabeza, porque, desde logo, no Consello de Contas non só non están ordenadas, senón que fan un informe demoledor contra as contas que vostedes plantexaron no ano 2010. Descubren un desprazamento de xeito irregular de 411 millóns que fai alterar claramente o nivel de déficit do ano 2010. No 2011 fai vostede unha cousa sen precedentes no resto das comunidades autónomas españolas: adianta vostede tres meses o peche do exercicio contable e non recibe facturas neses tres meses, e no ano 2012, que estamos en curso, quero dicirlle que o Ministerio de Facenda para o terceiro trimestre acaba de facer un informe no que é a quinta comunidade con cifras máis negativas en control de déficit.

Señoría, vén despois por encima a presumir de que non recorre ao Plan de pago a provedores nin ao fondo de liquidez autonómica. Algo non encaixa, señor candidato; se ten as contas saneadas, se non lle fai falta o plan de pago a provedores nin o fondo de liquidez, ¿por que pecha as contas o 30 de setembro e non recibe nin as facturas? (*Aplausos.*) Vostede sabe perfectamente que esa irresponsabilidade, señor Feijóo, está xerando enormes dificultades a pequenas e medianas empresas, que se vén abocadas ao peche, porque non é que vostede non pague en 45 días, que por suposto non paga, é que non recibe nin as facturas, e como non recibe nin as facturas, por iso lle cadran as contas.

Señor candidato, descubriu vostede que o futuro de Galicia depende agora, para os próximos catro anos, de catro condicionantes: un deles é sorprendente, descubriu que dependemos de Europa. Agora sabemos que imos depender de Europa. Descubre que a agricultura, a pesca e o modelo de financiamento dependen agora de Europa. ¿De quen dependiamos antes? Claro que este futuro se xoga para os nosos sectores estratéxicos en Bruxelas e en Estrasburgo, lugar ao que o seu Goberno e vostede non acudiu practicamente nunca nos anteriores catro anos.

Fálanos sorprendentemente dun foro autonómico para defender criterios de repartición de fondos para comunidades autónomas, no que pretende implicar a Andalucía, Castela-A Mancha e outras comunidades autónomas.

Señor Feijóo, ¿pero non está Marta Fernández Currás onde está? ¿Non está o ministro que vai defender ao Consello de Política Fiscal e Financeira? ¿Non está o Partido Popular e Mariano Rajoy? ¿Hai que empezar a poñer blindaxes para ver o que vai pasar? Si.

De todo o que dixo, déixame singularmente preocupado a análise que fai vostede do financiamento da Comunidade Autónoma para os próximos catro anos. Vostede fala de que hai que ir fortes ao Consello de Política Fiscal e Financeira. Mire, iso non vai depender nin de Andalucía nin de Castela-A Mancha, vai depender do Partido Popular, de Mariano Rajoy e de Núñez Feijóo; polo tanto, non soa nada ben que veña vostede aquí xa poñendo a ferida antes da venda. Dá a sensación de que o seu presidente vai tratar bastante mellor a Cataluña e a Euskadi para tranquilizar o debate nacional que a Galicia para conseguir defender as súas responsabilidades.

Fágolle unha petición, fágolle unha petición para Galicia: faga pública cal é a súa proposta de financiamento autonómico que anunciou aquí o martes; díganos aos galegos e ás galegas cal vai ser o modelo que vai defender vostede para sacar adiante isto. Pero tamén lle adianto unha cousa: os socialistas non imos admitir a máis mínima rebaixa do noso autogoberno ante calquera cambio de marco autonómico que se queira facer desde Madrid en aras dunha posición ideolóxica de recentralización.

Por último, fala vostede, neses catro condicionantes, dun sistema financeiro galego, e tamén o fai nun momento no que di que iso ten responsables, e define vostede cales son os responsables; vostede non, por suposto, é o Banco de España, os xestores das caixas galegas e algunha deslealdade con Galicia. Eu preguntolle: ¿nesta foto que hai aquí, o do medio é vostede? (*Aplausos.*) Nesta foto na que se ve aquí, a miña pregunta é: ¿que está vostede abroncando os directivos das caixas pola mala xestión ou están brindando polo futuro éxito da fusión das caixas galegas?

Esta claro, señor presidente, está claro, señor candidato, que o Goberno acaba de presentar unha proposta para vender Novagalicia Banco, non para vender Bankia. Está claro que hai unha proposta concreta: que logo de que vostede e a anterior conselleira de Facenda dixeran a todos desde este punto onde estou eu, a través dunha auditoría pagada con fondos galegos, que custou un

millón de euros, que garantía vostede que con 1.100 millóns de euros xerariamos beneficios a partir do segundo ano. Señorías, imos meterlle diñeiro de todos os cidadáns, 9.000 millóns de euros, a unha caixa na que van despedir a centos, miles de traballadores, pechar centos de oficinas, reducir o 60 % e despois, de postre, vendela; de postre, vendela. A miña pregunta é: señor presidente, ¿teremos que facer aquí algo todos xuntos, onde resida a soberanía popular do pobo galego, para pedir que, unha vez feito o feito, polo menos siga sendo un banco en Galicia e para Galicia? (*Aplausos.*)

Está claro, señor candidato, que vostede falou aquí —e parécese ben— para dicir que se defendan os intereses dos investidores. Non está mal, setenta millóns de euros en 9.000 millóns de euros. Pero, eu digo: faga aquí o que vostede non fixo; comprometámonos a defender non só os investidores, senón os miles de traballadores que van quedar na rúa despedidos neste banco; os centos de miles de homes e de mulleres en Galicia que van quedar sen oficinas nos seus núcleos rurais; as 43.000 familias que foron enganadas polas preferentes. Xa sei que é reiterativo, xa sei que parece que non fai falta, pero déixenme que repita a palabra: “aforradores”, aforradores non investidores; aforradores enganados, a maior parte deles. Polo tanto, ten que haber un goberno que estea con eles, señor Feijóo, e ese Goberno ten que axudar a resolver o verdadeiro drama deste país, destas 43.000 familias.

Mire, con 9.000 millóns de euros, con miles de despedidos, con centos de oficinas pechadas, ¿saben o que é o máis grave aínda? Non hai crédito para ninguén. As familias non teñen crédito, as pequenas empresas non teñen crédito, o pequeno comercio non ten crédito. ¿E que lle dicimos?, ¿que esperamos cinco anos máis a ver que pasa co banco galego? Non podemos esperar, señor candidato.

Vostede toma unha decisión, unha decisión que me parece curiosa: despois de negar catro veces unha comisión de investigación neste Parlamento, agora, ao pasar as eleccións, di que o primeiro é unha comisión de investigación. Eu creo que tiña que ser a comisión de investigación no seu momento, pero, benvinda sexa, e xa lle anticipo que pediremos que vostede compareza nesa comisión de investigación para explicarlles a todos os galegos o que lle explicou a algúns medios de comunicación.

Señor presidente, o que pide a xente son solucións. Vostede vén pedir confianza, e nós pedímoslle que para que lle dean confianza ten vostede que plantexar alternativas e solucións. Temos que darlles unha resposta cabal a miles de familias, a miles de familias que están en risco de desafuzamento; 50.000 persoas hipotecadas en Galicia que recadan, que teñen, menos de 19.000 euros de ingresos. Vostede negou, cando tramitamos a Lei de vivenda aquí, unha proposta socialista que propoñía a dación en pago, e vostedes néganse en Madrid a unha reforma da Lei hipotecaria que é clave para sacar adiante este país.

Polo tanto, eu pídlle: retomemos desde o Parlamento galego iniciativas instando a unha reforma da Lei hipotecaria, iniciativas para garantirlle a dación en pago, e sobre todo adquira aquí un compromiso, como están adquirindo moitos, a maioría dos alcaldes socialistas. Comprométase aquí a que a aquelas entidades crediticias que exerciten desafuzamentos o Goberno galego lles retirará os fondos e as contas, para paralizalos ata que resolvamos xuridicamente todo isto. *(Aplausos.)*

O gran problema deste país, señoría, é que non se dá chegado ao crédito. Temos que buscar un sistema financeiro propio, que o ten bastante negro, pero, mentres tanto, o propio Goberno galego ten que poñer en marcha mecanismos financeiros desde a propia Administración galega. Sería un bo momento, señor candidato, para falar dun instituto público de crédito e finanzas, dun instituto público que axude directamente o pequeno e mediano comercio a sacar adiante unhas propostas para poñer en marcha iniciativas innovadoras e emprego de calidade.

Señor Feijóo, co seu Goberno, durante catro anos anteriores, en Galicia, ¿sabe o que acadamos? Acadamos cifra récord de parados, cifra récord de débeda pública, desaparición do sistema financeiro galego e recesión económica, e agora vén vostede no discurso de investidura e nos pide que lle deamos apoio para facer iso multiplicado por dous. Agora vén vostede a dicir que, facendo máis diso, nos imos colocar en políticas de crecemento. Si, Galicia necesita recuperar a senda do crecemento, pero desde logo o único camiño polo que nunca chegaremos ao crecemento é polo que vostede vén propoñerlle a esta Cámara.

¿Vostede considera crible que alguén pode dicir no mesmo bloque: adiantar a déficit cero, baixar a recadación, non hai

crédito privado, van baixar os fondos europeos, pero este é un mecanismo para poñer en marcha políticas de crecemento? Señoría, é imposible, iso é imposible. Polo tanto, non só non o imos apoiar, senón que por Galicia lle pido: reflexione e pense que hai que buscar outro xeito de sacar adiante este país.

Falaba vostede e anunciaban os medios que ía traer unha proposta estrela, a proposta estrela era: loita contra o desemprego. E, cando vimos o que presentaba, o que presenta realmente era un fondo público de crecemento sen fondos, un fondo sen fondos; *(Aplausos.)* un fondo que, no mellor dos casos, vai ser un corta e pega de partidas soltas xa existentes, que en moitas ocasións nunca chegaron nin a executarse noutros orzamentos. Unha frase que lle quero repetir integramente que dixo vostede: “Haberá investimentos produtivos que aumentarán de forma proporcional os ingresos.” Señor candidato, non hai ingresos, o problema deste país é que non hai ingresos, non pode vostede vincular o crecemento a algo que non existe, porque iso é unha resultante claramente negativa.

¿Como vai abordar a reforma estrutural do sector lácteo e forestal?, ¿baixando os fondos europeos e sen ningún novo ingreso? Claro, hai que ser coherentes nas propostas, imos mal en fondos europeos; para empezar, non sabemos o que está pedindo vostede. Dá a sensación de que vostedes xa se conforman coa proposta da Comisión Europea, que é moito menos do acordado polo Parlamento Europeo; podemos perder case a metade dos fondos. Por iso lle pido: díganos cal é a súa proposta para o Parlamento Europeo.

Mire, para fomentar o emprendemento, para crear fondos de crecemento, para fomentar unha economía produtiva fan falta máis ingresos, a ver se o poñemos dunha vez, hai que ingresar, e os cartos hai que collelos de onde os hai e non de onde non os hai. Esta crise empéñase en poñer as vítimas como responsables e os responsables como vítimas. O Goberno que ten que facer vostede para os próximos catro anos ten que ser o dinamizador da economía real do noso país. ¿De que economía? Da da Galicia real, da Galicia que vostede, cando sobe aquí, non quere falar. Vostede fala dunha Galicia que nós non coñecemos. ¿Sabe do que ten que falar? ¿Cal é a Galicia real? A que ten o récord histórico de parados que nunca tivemos, a que ten 2.500 profesores menos que cando vostede chegou por primeira vez a presi-

dente da Xunta, a que ten 1.000 sanitarios menos que cando vostede chegou. ¿Como vai mellorar a calidade da ensinanza e a calidade da sanidade pública se temos miles de docentes e miles de sanitarios menos? A Galicia real é a dos enfermos e pensionistas que, coas pensións máis baixas de España, teñen que pagar a súa austeridade. O que fai vostede non é austeridade. Vostede, cando di: “reducimos el gasto farmacéutico”; non, o gasto é o mesmo, o que pasa é que, en vez de pagalo vostede, agora págano os pensionistas e os enfermos. *(Aplausos.)* Austeridade non, vostede, señor Feijóo, endósalle o gasto á xente que xa non ten con que chegar a final de mes.

A Galicia real, señor presidente, señor Feijóo, e da que temos que falar e que vostede ten que xestionar, é aquela na que pecharon 15.500 comercios ao longo do seu Goberno anterior, na que pecharon 3.000 explotacións leiteiras, que abandonaron a súa actividade, ou aquela Galicia na que 25.000 mozos e mozas collen a maleta todos os anos para saír deste país buscando novas esperanzas. A esta Galicia é á que lle fai falta unha mensaxe de esperanza, unha mensaxe que vostede, lexitimado por un goberno que lle acaba de outorgar o pobo deste país, ten que subir aquí e ten que conseguir xerar unha esperanza, e non dicirlle que o que toca é resignación e transición.

Mire, nós queremos resumirlle que, cando fala vostede de reforma institucional –que fala dunha maneira moi ambigua, que soa a desmantelamento institucional–, a democracia necesita institucións máis democráticas, si, que poidan canalizar a participación política da cidadanía, si; o que non necesita son recortes que lastren o funcionamento das institucións. Non podemos confundir a reforma das administracións e das institucións coa conculcación dos dereitos democráticos e de participación da cidadanía política. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Sete minutos quédanlle.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señor Feijóo, ¿atrévase vostede vir falar aquí dun pacto polo futuro do rural, vostede, que pechou escolas rurais, que pechou centros de saúde, que desmontou o Banco de Terras, que ignorou o sector lácteo? ¿E vén propoñer agora como novidade crear 38.000 xornais para arreglar o mundo rural? ¿60 cuadrillas medio ano para cambiar o mundo rural, conselleira? Soa ata raro.

Mire, se quere arranxar o mundo rural, señor Feijóo, empece, empece por reunirse cos gandeiros, deféndalos contra as grandes empresas que tiran os prezos, axúdelles a soportar os gastos, inspeccione os supermercados e sancione con rigor os infractores que están atacando contra eles. Aí empeza a dignidade.

Falaba vostede tamén do mundo da pesca. Acuicultura. Permítame que lle recorde unha cousa a vostede, e a todos, a vostede. Vostede paralizou un plan de acuicultura hai catro anos; paralizárono, si. ¿Sabe canto investiu na lexislatura pasada a conselleira en acuicultura? Cero euros. *(Aplausos.)* ¿Sabe canto investiron en acuicultura, cantos centros fixeron? Cero, deixaron sen investir 200 millóns de euros en fondos europeos. Pero, sen embargo, iso si, aprobaron un novo plan que estraga completamente todas as zonas de patrimonio natural do noso entorno deste país. Ou sexa, non facemos acuicultura pero sentamos as bases para desmontar as políticas de protección medioambientais.

O tempo apremia e a min gustaríame repasar tantas cousas... ¿É posible sacar adiante este país sen unha política industrial? É imposible. Pero máis alá de posturas grandilocuentes, señor Feijóo, ou de vender como propios éxitos de Inditex, éxitos de Citroën..., falemos do que depende de nós, do que depende de vostede.

Índice de produción industrial nos últimos catro anos, ¿canto cae en España? 8 puntos; ¿canto cae en Galicia? 20 puntos. Eses son os datos, son os datos de verdade.

Falamos de innovación. Pero, mire, a innovación non se consegue poñendo un premio cazatalentos, a innovación conséguese investindo en I+D+i. ¿Canto investimos de media en I+D+i en Galicia? Cando vostede chegou era dun 0,4 % do PIB, cando vostede remata é do 0,91 % do PIB; a media europea é de por encima do 2 % do PIB e a media española por riba do 1,4 % do PIB. Non hai milagres, señoría, non hai milagres en innovación e investigación. Polo tanto, nós temos que seguir traballando nese plan.

Unha pregunta, se pode contestar, porque hai miles de familias dependentes dela, falando de empresas. ¿Está solucionado o de Alcoa? Pasaron meses, ¿falou a Comisión

Nacional da Enerxía? ¿Vale o informe ou era un reclamo electoral? Pídlle que nos dea tranquilidade a todos.

Mire, en sanidade si lle recoñezo que produciron cambios, o cambio chámase copago. Hai cambios, o cambio chámase copago e redución de prestacións, anulación de prestación universal, retirada de medicamentos, aumento de listas de espera, privatización dos hospitais.

Dende logo, en ensino público si fixeron cambios, 2.500 docentes menos. Pero, imos ver, ¿como pode subir aquí e dicir que mellorou a calidade da ensinanza? ¿Como pode subir aquí dicindo que melloramos o ratio por alumno? Ou hai menos alumnos ou é imposible. Polo tanto, non presuamos do que non depende de nós.

Mire, sobre o Tribunal de Xustiza de Galicia e o informe do galego fago miñas as verbas dos dous anteriores ponentes, porque as subscribo do principio ao final.

E con relación á dependencia –da que vostede nin falou– só lle pido unha cousa: cumpra a lei, non faga milagres, cumpra a lei. (*Aplausos.*) Si, conselleira, cumpra a lei. E recoméndolle que para cumprir a lei pensen nos case 45.000 galegos e galegas que están esperando por vostedes, aos que vostedes hai catro anos lles dixeron que con vostedes si que ía mellorar todo. Seguramente moitos deses volvéronlles dar a confianza. Eu o que lle pido é que lles mande unha mensaxe de esperanza e nin o borre.

Mire, subiu aquí e hai dúas palabras que vostede non dixo. Unha era Rajoy, ¿non coñece de nada a Rajoy xa? Pero hai outra palabra moito máis importante que vostede nin mencionou, que é igualdade. (*Aplausos.*) Non hai no seu discurso para nada, parece como se de repente vostede descubriera que xa a igualdade non é importante. E recórdolle rapidamente que neste tempo de crise as mulleres son o sector da poboación máis afectado e que necesita claramente unha atención preferente.

Señor Feijóo, vostede gañou unhas eleccións, iso hónrao e dálle valor, pero polo camiño que vai vostede mesmo recoñece no discurso de investidura que só nos leva cara a máis paro, a máis desigualdade, máis recesión, máis destrución de dereitos sociais. E nós por iso non podemos apoiar nin unha soa das propostas que fai aquí. Nós plantexámoslle outro camiño,

señor Feijóo, un camiño distinto, que comeza por facerlles pagar a crise aos responsables dela e non facerlles pagar a crise ás vítimas da crise. Díxoo vostede: os cidadáns non viviron por riba das súas posibilidades. Pois se eles non foron os responsables, que paguen os que si provocaron esas crises.

Eu propoñolle unha cousa distinta, un novo modelo de fiscalidade. Señorías, fan falta ingresos. ¿E a quen lle temos que pedir os ingresos? A onde os hai. Por iso pedimoslle –sexa valente– impostos á banca sobre depósitos, como Extremadura, Andalucía e Canarias. Non pasa nada. O presidente de Extremadura acaba de garantir que vai executar ese imposto á banca e que lle xera 245 millóns de euros. Impostos ás rendas máis altas no tramo autonómico do IRPF; aumento da fiscalidade aos grandes patrimonios; impostos a grandes áreas comerciais e aos contaminadores medioambientais.

Cando veña coas súas propostas por este camiño, aí si atopará o apoio dos socialistas galegos. Propostas de emprego reais con fondos reais que aborden o paro xuvenil, o paro feminino, os parados de longa duración. Axudas a emprendedores, que se teñen que nutrir de maiores ingresos, dunha fiscalidade máis xusta e dunha loita contra a fraude fiscal, en vez de apoiar unha amnistía fiscal. Cando veña por ese camiño de políticas de promoción de emprego, aí si atopará o apoio do socialismo galego.

Blindaxe real dos servizos públicos deste país. ¿Recorda a lei que lle propuxemos? Reiteramos unha lei que garanta que os orzamentos en sanidade, educación e dependencia daranlle tranquilidade á cidadanía e estarán blindados por todos os anos. Cando veña por ese camiño, con estas propostas de blindar sanidade, educación e dependencia, aí atopará sempre o apoio dos socialistas galegos.

Mire, mentres, non pode telo. Mentres vostede siga esta fuxida cara a adiante, ¿non?, subindo aquí para dicir que apoia a 100 investigadores pero ocultando que deixou sen traballo a 215, mentres tanto, non conte con nós. Mentres siga dicindo que apoia un plan cazatalentos, mentres reduce o 25 % de becas universitarias...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... e a dotación para as universidades, mentres tanto, non vai contar con nós.

E, por último, señor candidato, mentres se empeña en ser o contable de Galicia en vez do presidente de Galicia, mentres tanto, non conte con nós.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Pedro Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

É para quen lles fala unha honra representar o grupo maioritario da Cámara nun debate tan importante, de tanta relevancia institucional e democrática como é o debate de investidura.

Aquí estamos a elixir un presidente da Xunta e a avaliar –porque así o pon especificamente o noso Estatuto e o Regulamento– o seu programa de goberno. Estamos, polo tanto, a dar virtualidade a unha das principais –se non a que máis– manifestacións do principio democrático. Porque o principio democrático baséase nunha afirmación ben sinxela: os poderes políticos emanan exclusivamente da vontade popular expresada a través do sufraxio universal, libre e segredo. Pois ben, o pasado 21 de outubro os galegos e as galegas déronlle ao Partido Popular de Galicia, exercendo libremente o seu dereito de sufraxio –é dicir, exercendo libremente o seu dereito a decidir–, unha clara maioría, 661.271 votos, polos que nós estamos moi agradecidos.

Evidentemente, esta maioría política que temos na Cámara é o reflexo dunha maioría social. Comezar a falar de que isto é unha cuarta parte do censo cando quen o di ten a cuarta parte dos votos que temos nós e, polo tanto, representa a unha cuarta parte da cuarta parte, eu creo que é xogar (*Aplausos.*) a deturpar o que é o propio sistema democrático. Porque a realidade é que esta maioría política susténtase nunha sólida maioría social, porque é o resultado do exercicio da soberanía popular de Galicia.

Dito isto, eu quixera recordar que o candidato á Presidencia da Xunta –que nós loxicamente imos apoiar a candi-

datura de Alberto Núñez Feijóo– fixo un clarísimo discurso no que fundamentou a súa exposición, o seu programa de goberno, na palabra “entendemento”. “Entendemento” é unha palabra que foi utilizada moitas veces, e mesmo como unha oferta de entendemento cos grupos aquí representados, ademais do grupo maioritario. É unha palabra moi acaída para este debate non só no sentido kantiano do termo –porque xa dicía Kant que é precisamente cando se xunta a facultade intelectual de entendemento e a facultade intelectual da sensibilidade cando se accede ao verdadeiro coñecemento–, senón tamén os sentidos máis literais.

Para saír da crise e da situación na que estamos e que estamos a padecer hai que entender esta situación. Para resolver os cada vez máis importantes problemas que están afrontando as persoas, a cidadanía, hai que entender cales son as súas demandas e as súas necesidades. E, finalmente, porque para saír da crise é necesario –eu creo que hoxe máis que nunca– que os representantes galegos –polo menos os representantes da maioría non só parlamentaria senón do resto dos grupos– sexan capaces de acadar algún grao de entendemento polo menos nas cuestións básicas.

Pois ben, efectivamente, nós non entendemos a situación como que Galicia é o froito dunha colonia, nin a situación de Galicia é o resultado de que sexamos unha colonia dunha colonia, unha colonia ao cadrado. Nin cremos que sexamos vítimas dunha nova Xestapo internacional, nin sequera cremos que esteamos vivindo –eu creo que iso mesmo é un insulto aos que loitaron contra o franquismo– unha nova forma de franquismo.

Nós cremos que temos capacidades, que temos instrumentos, que é o Estatuto, un Estatuto que non é unha carta outorgada, porque foi referendada polo pobo galego, tamén cun voto inmensamente maioritario, de máis do 80 %, que non é nin sequera –ao revés do que se dicía– unha lei que se poida modificar arbitrariamente polas Cortes Xerais; nese sentido incluso é unha parte da propia Constitución, porque na Constitución as competencias que exerce o Estado quedan delimitadas unha vez que o pobo galego referenda o exercicio das súas competencias a través do Estatuto; polo tanto, o Estatuto é o que limita a Constitución, e non ao revés, como a veces se quere dicir. E, polo tanto, temos un potencial incluso maior que o que podería haber nun Estado federal.

Pois ben, nós entendemos a situación, e nisto lamento que sexamos aburridos, porque a entendemos como a inmensa maioría dos académicos e dos organismos que estudan a economía nacional e internacional, polo feito de que estamos suxeitos en España e Galicia a súa economía inserida ao 100 % na española e na europea, estaba cometendo uns erros no pasado, durante un longo decenio, baseando o seu crecemento nun patrón de crecemento que non era sostible.

Son coñecidos os tres elementos que xeraron os desequilibrios. En primeiro lugar, a evolución do sector inmobiliario. Desde o ano 2000 o sector, que xa era máis grande que no resto dos países de Europa, chegou a acadar cifras do 10 % do PIB ou do 15 % do emprego, o dobre da media europea. Houbo anos nos que España consumía tanto cemento como Francia, Italia e Alemaña xuntas, cando eses países suman catro ou cinco veces máis a poboación española. E evidentemente investimos recursos nun sector de produtividade baixa que non favorece a saída ao exterior nin aportan valor engadido, que é precisamente o que están facendo os países emerxentes para entrar nos mercados, aproveitando as oportunidades que lles dá a globalización.

En segundo lugar, porque houbo unha clara inclinación das familias e das empresas cara ao investimento inmobiliario, o que xerou un sobre endebedamento das familias e tamén das empresas, sobre todo das empresas financeiras, desaproveitando os tipos de xuro baixos que nos facilitou a entrada na área euro para investir nun recurso que ademais tamén é dificilmente comerciable no ámbito do comercio internacional. Deste xeito as familias están endebedadas nun equivalente ao 65 % do PIB, as empresas no 125 % do PIB, as entidades financeiras no 100 % do PIB e as administracións públicas xa preto do 80 % do PIB, o que suma practicamente catro veces o produto interior bruto de España. E case a metade desta débeda é exterior, débeda que evidentemente subscribiron as empresas –as financeiras e as demais– co exterior libre e voluntariamente e que agora, obviamente, conduce ao terceiro problema, que é o terceiro desequilibrio: un déficit por balanza, por conta corrente; é dicir, un saldo negativo entre a nosa capacidade de exportar bens e servizos e as importacións e as transferencias públicas e privadas para consumo. Estes desequilibrios o que deixaron en evidencia foi o problema estrutural esencial da economía española e tamén da galega, que é o que compromete o seu crecemento a medio e longo prazo, nada máis e nada menos que unha

perda moi importante de competitividade que nos está a pasar factura nun mundo –insisto– cada vez máis globalizado e nun mercado tan grande como é o mercado da Unión Europea.

As consecuencias son coñecidas por todos: a maior caída do PIB desde o ano 1940 sufrida no ano 2009; a renda per cápita nos niveis do ano 2005, tamén os ingresos do sector público; un desemprego do 8 % ao inicio da crise convértese nun desemprego do 25 % na economía española, peor que o que aconteceu entre os anos 1992 e 1993; un retroceso de trece anos no que é a produción industrial, o que nos retrotrae xa a crises como as dos anos trinta e setenta e supéraas; e un deterioro extremo das finanzas públicas que se agrava polo peche do financiamento nos mercados de capitais a consecuencia da crise financeira que explota no ano 2008 e á que se lle engade a crise bancaria específica española como consecuencia dunha evidente falla na supervisión do noso sistema financeiro.

Todos estes fallos en cadea levan a unha conclusión moi sinxela: houbo decisións públicas erróneas que non permitiron atallar as deficiencias de base e nos levaron á situación na que estamos, e houbo fallos tamén de supervisión nas institucións encargadas de facelo. Os mercados fallaron, isto xa o sabemos, e tamén sabemos e comprobamos que os reguladores e o sector público falla. Agora estamos pagando as consecuencias e cómpre rectificar os erros. Precisamente á corrección de erros foi ao que se adicou o Partido Popular na pasada lexislatura, e agora o que queremos é continuar corrixindo os erros para conseguir darlle un impulso á economía co obxectivo de, nesta lexislatura, inverter o ciclo económico e crear emprego.

O programa do Partido Popular co que concorremos ás eleccións, que foi defendido polo candidato á investidura nesta sesión, incide claramente no establecemento das bases para unha economía próspera a medio e longo prazo e tamén nas actuacións a curto prazo. É evidente que se sempre é precisa a austeridade e a eficiencia porque iso implica gastar ben os recursos que nos dan os cidadáns a través dos seus impostos, se sempre é necesario, neste caso, no día de hoxe, coas restricións orzamentarias que teñen todas as administracións, hai que facer da necesidade virtude porque non hai financiamento e hai que xestionar máis eficientemente.

Señor Vázquez, vostede dicía que somos os apóstolos do déficit cero e que quedamos sos. Eu quero lembrarlle que o

compromiso do déficit cero é un compromiso do Estado –tamén cando gobernaba o Partido Socialista– para as comunidades autónomas, que está subscrito no Consello de Política Fiscal e Financeira e que está subscrito por todas as comunidades autónomas, as que goberna o Partido Popular, as que goberna o Partido Socialista e mesmo as que gobernan os partidos nacionalistas. Polo tanto, o obxectivo do déficit cero a nivel autonómico é un obxectivo de todo o conxunto de España, con independencia de que sexamos populares, nacionalistas ou socialistas, e non é unha idea ou unha ocorrencia do Goberno do Partido Popular en Galicia.

Pois, evidentemente, hai que ir cara a un rigor nas contas públicas. Vostede fixo tamén aquí alusión a un informe do Consello de Contas que aínda non é público, que están publicadas algunhas das súas conclusións e do que extrae algunhas conclusións como que hai un desprazamento do gasto –cuestión que, por certo, é perfectamente legal– superior aos 400 millóns de euros. Non creo que iso sexa o que diga o informe do Consello de Contas porque non pode facer vostede unha extrapolación dos datos, polo menos tal e como fai a prensa, porque a mostra que utilizan os membros do Consello de Contas non é unha mostra aleatoria, senón que é unha mostra específica sobre determinados expedientes, por tanto non é extrapolable ao total dos expedientes. Eu creo que vai ser significativamente menor o desprazamento do gasto do que vostedes estiveron a dicir, pero, en todo caso, quero recordarlle que para falar de desprazamento do gasto, que si está publicado, ten que recordar o Informe do Consello de Contas do ano 2008, cando vostedes xestionaban a sanidade e o Consello de Contas dixo que se ameazaba a sostenibilidade da sanidade porque había un desvío do gasto de 600 millóns de euros. É verdade que non houbo un desprazamento de gasto. ¿Por que? Porque ese ano vostedes gastaron 600 millóns que agora estamos devolvendo en forma de liquidacións negativas a través do sistema de financiamento autonómico E, en todo caso, tamén vostede, que estivo na Administración, sabe perfectamente que unha administración responsable ten que acreditar que se fixo a entrega do ben, ou o gasto, ou se prestou o servizo ou se realizou a subvención antes de poder pagar, cousa que non sempre ocorre dentro do ano natural, o que leva a unha discusión técnico-contable sobre a que eu agora non me vou meter, pero que, en todo caso, desfai o que vostede dicía da ausencia ou da falla de rigor.

É máis, é que se falamos destas cousas hai que recoñecer –eu entendo que así o recoñeceu o pobo galego– que Galicia neste sentido é un exemplo. É un exemplo porque, se somos os que estamos cumprindo mellor o déficit, deberíamos ser os que estivésemos peor na nosa situación económica, e non é ese o caso. Non estamos ben, eu non vou dicir que estamos no país das marabillas. Eu prefiro quedarme deste lado do espello. Pero si que é certo que en Galicia temos unha taxa de cobertura das exportacións do 125 %, mentres que no conxunto de España é do 82 %. Que o saldo exportador de Galicia é positivo e o saldo exportador do conxunto de España é negativo. Que o índice de produción industrial, o último dato anual, en Galicia medrou o 2,2 % e foi a única comunidade autónoma na que medrou o índice de produción industrial, mentres que en España baixou nada menos que un 11,7 %. Que en converxencia de renda, que ao final é o que nos preocupa, as rendas que reciben os cidadáns, cando vostedes deixaron o goberno Galicia estaba no 88 % da renda española e agora estamos no 91 %, é dicir, que converxemos en termos de renda. Que o paro en Galicia é do 20 e na media de España e do 25 e que, evidentemente, temos a débeda controlada, o cal permite executar o plan de débeda e aforrarnos custos financeiros relevantes de 181 millóns de euros no orzamento do ano pasado, 181 millóns de euros que permiten, evidentemente, financiar servizos sociais. A conclusión é que non hai esa relación causa-efecto, polo menos en Galicia, no que é o rigor e a austeridade co decrecemento e cunha situación económica peor, e a proba está –como dixo o candidato no seu discurso– que aquí non se están pechando hospitais, estanse construíndo; as persoas non teñen que adiantar o gasto farmacéutico como fan noutras comunidades autónomas; aquí hai máis infraestruturas, sobre todo sanitarias, creáronse 6.000 novas prazas e hai un compromiso de seguir creando prazas no ámbito social; no ámbito de I+D vostedes gastaron 830 millóns no seu Plan Incite, é dicir, o 1,31 % do PIB, mentres que o Partido Popular, con moitos menos recursos, gastou 1.200 millóns, é dicir, o 1,8 % do produto interior bruto, e mesmo a Xunta non ten que tirar da posibilidade de subir aínda máis as taxas xudiciais –como fixeron, por exemplo, en Cataluña ou como fixeron en Valencia– porque non é necesario, e polo tanto non se incide niso que para vostedes supón unha vulneración dun dereito fundamental.

Pois ben, o discurso do candidato, ademais de enfatizar como guión base a necesidade de seguir pola senda do rigor

e da austeridade, evidentemente, non esqueceu a procura dun financiamento xusto e equilibrado. Vostede dixo que non estaba de acordo con ningunha das propostas do candidato á investidura; eu espero que polo menos nas que dixo no ámbito financeiro sexamos capaces de falar e chegar a acordos. Porque supoño que vostede estará de acordo con que haxa un fondo de transición para as comunidades autónomas que perden as axudas do obxectivo número 1, que nos entendamos coas demais comunidades autónomas que están na mesma situación e que vaíamos xuntos a Bruxelas a conseguir un réxime transitorio satisfactorio. Supoño que estará de acordo tamén en que o noso sistema de financiamento recolla mellor os problemas que fan que o custo da prestación dos servizos públicos sexa maior en Galicia, por exemplo o envellecemento da poboación ou a dispersión da poboación. E supoño que estará de acordo en que se reforme o Fondo de Compensación Interterritorial para que Galicia siga tendo posibilidade de ter unhas infraestruturas produtivas semellantes á media do Estado. E supoño que estará de acordo tamén en facer unha política fiscal responsable; unha política fiscal responsable que neste caso, polo menos polo discurso de investidura, en ningún caso implica maiores rebaixas fiscais xenéricas, senón algunha selectiva, e, pola contra, a adecuación dalgún tributo á alza.

Ademais de todo isto, o candidato a presidente introduciu novos elementos importantes para o crecemento. Un fondo de crecemento que estará detallado nos orzamentos do ano 2013, centrado na reforma dos sectores estratéxicos, nas infraestruturas e no fomento das exportacións. Evidentemente hai unha proposta que supoño que tamén a vostedes lles gustará porque, de feito, a apoiaron cando se aprobou o plan estratéxico, que é introducir unha reforma na Lei de réxime orzamentario para que esteamos seguros de que o diñeiro se gasta ben e polo tanto que fagamos unha avaliación do gasto público por obxectivos contrastando se se cumpren os obxectivos perseguidos co gasto público; ou espero que tamén loitando polo mantemento dunha entidade galega dentro do sistema financeiro español e europeo: Novagalicia Banco.

Vostede trouxo fotos, eu voulle traer recordos, ¿non? Eu recordo que vostedes, estes que máis critican, tardaron en saír da dirección das caixas como consecuencia do recurso de inconstitucionalidade que vostede lle fixo á Lei de caixas. Esta Cámara chegou a votar os substitutos dos señores

que dirixían as caixas, e paralizouse como consecuencia deste recurso. Ou pode traerlle outro recordo por se acaso se esqueceu: o día que aquí se votou a fusión –por certo, o único parlamento no que se trouxo información sobre o estado das entidades para poder opinar sobre a fusión–, vostede votou que si e chegou a dicir aquilo de que esta é a fusión que de verdade nos gusta a todos, a que nos une. Ben, eu lémbrolle iso porque está ben traer fotos, pero está ben non esquecer o que fixo un en determinados momentos. *(Aplausos.)*

Hai unha aposta polo territorio para facilitar o asentamento de actividades produtivas e compatibilizalas co medio ambiente. Hai unha proposta educativa centrada nas universidades, na promoción da formación profesional e na introdución das novas tecnoloxías en todo o sistema educativo. Hai unha aposta polo apoio aos sectores produtivos comezando polo primario e polo principal problema que ten o sector primario, que é o sector gandeiro, por suposto, para conseguir que o prezo do leite reflecta o que son os custos de produción e rachar con ese aproveitamento que fan do monopolio de demanda os produtores para que os gandeiros cobren polo valor real do que producen; esa vai ser unha das primeiras iniciativas que o Grupo Popular traia ao pleno desta Cámara. E, por suposto, tamén coa pesca. En fin, que un Goberno socialista responsable da marcha a outro país da principal factoría de acuicultura proxectada en Galicia veña dicir que nós paralizamos a acuicultura de Galicia, non deixa de ter tamén o seu aquel. *(Aplausos.)*

En definitiva, señorías, cremos que é moito o que está en xogo. Eu non quero incorrer naquilo de que é Galicia a que se xoga moito. Eu creo que quen se xoga moito é o pai que está en paro; quen se xoga moito é a familia que perde a súa casa por un desafiuzamento; eu creo que quen se xoga moito é o traballador dos estaleiros que ve perigar os encargos para a súa empresa; eu creo que quen se xoga moito son os centos de cidadáns que pasan por problemas e moitas veces miran aos políticos, aos que estamos á fronte da cousa pública, na procura de solucións, e creo tamén que neles é en quen estamos obrigados a pensar. Eles o que buscan é confianza, o que queren é estar seguros de que alguén se está a preocupar en serio por eles. Buscan confianza nos políticos, non só no Goberno, na Cámara, en todos nós. Un 27 % dos cidadáns desconfía de todos nós, non dos que gobernan, do conxunto da Cámara. Eu creo que para que haxa menos des-

confianza cara a todos nós temos que entendernos mellor, temos que ser capaces de entendernos.

Nós, desde logo, cando escoitamos o presidente, o candidato a presidente, e desde o Grupo Popular compartimos, estamos pensando neles cando se propón unha iniciativa para que os desafiuzados teñan unha vivenda. Estamos entendendo que perder un inmueble non é o mesmo que perder un fogar. E, porque entendemos iso, facemos propostas como a que fixo o presidente no discurso de investidura. (*Aplausos.*)

Cando o presidente viaxa a México ou a Brasil para abrir novos mercados para o naval, ou o conselleiro de Industria a Bruxelas para resolver o problema do *tax lease*, é porque entendemos que o naval ten que abrirse a novos mercados e teñen que sacarse de fóra vantaxes competitivas dos rivais nos mercados. E nós tamén entendemos que, cando se impulsa unha alianza dentro do sector lácteo ou se ordena por parte da Xunta abrir expedientes á Comisión Galega da Competencia, é porque entendemos as frustracións que representa vender o leite por baixo do que lle custa a un producilo. E cando conxelamos as taxas para acceder á universidade ou cando incrementamos os graos e os cursos e os alumnos que poden cursar formación profesional, ou cando apoiamos os emprendedores, é porque tratamos de entender que o peor para un xoven é non ter expectativas de futuro. E cando facemos, demandamos e aplicamos un rigor orzamentario que nos permite ter un financiamento barato é porque entendemos que é a mellor forma de poder seguirilles pagando aos autónomos, aos provedores, e polo tanto tamén de manter todo o que é o sector do comercio en funcionamento.

E tamén porque entendemos que hai moitas persoas, que son as maiores, as dependentes, as que están a pasalo peor nun momento de crise, é por iso polo que imos seguir procurando blindar os servizos públicos, comezando pola presentación dunha Lei de garantías sanitarias e mantendo a xestión priorizada das patoloxías máis graves.

Eu creo que os galegos demostraron que entenden as políticas do Partido Popular no pasado 21 de outubro. Non só as entenden, apóianas; e apóianas moi maioritariamente. Demostrárono ampla e rotundamente.

Eu creo que o candidato, o señor Núñez Feijóo, respostou a esa confianza facendo un retrato realista da situación e pro-

poñendo medidas para unha Galicia con mellor futuro, pero tamén para actuar xa contra os problemas acuciantes de moitas familias galegas. Pero evidentemente creo que os cidadáns non se conforman con iso, non queren que esteamos todo o día con liortas políticas, desexan, esixen, que nos poñamos de acordo, que nos entendamos. Algunhas cousas das que aquí se escoitaron o martes e hoxe, non moven demasiado ao optimismo nese sentido. Hai quen prefere manterse na liorta e hai quen prefere descualificar non xa as políticas, senón mesmo o conxunto do sistema. Eu creo que non nos elixiron para iso. Non creo sinceramente que iso sexa o que os cidadáns esperen de nós nesta lexislatura.

Dicía Churchill que o valor é o que se precisa para erguerse e falar. Eu creo que tamén fai falla moito valor para erguerse e entenderse, e creo que para entenderse hai que respectar o contrario, e para respectar o contrario hai que empezar por respectarse a un mesmo e comprender que o 65 % dos galegos non ven a un español como a outro, senón que o ven como a si mesmo, porque nos sentimos tan galegos coma españois. E para entenderse hai que empezar por entender esa realidade, que é a realidade galega. (*Aplausos.*)

Un cronista medieval, Joan de Ocampo, conta en 1587 unha anécdota histórica, non sei se contrastada ou non, o feito é que conta que, cando o rei Juan II mandou chamar os terzos galegos para ir combater na reconquista, acudiron os tres terzos galegos, o do norte, é dicir Mondoñedo e Lugo, o do sur, que era o comandado por Soutomaior, Ourense-Tuí, e o central, que era o de Santiago. Os primeiros en chegar e coincidir, curiosamente onde hoxe coinciden tamén as autovías, en Benavente, foron os terzos do norte e os terzos do sur. E o terzo do norte e o terzo do sur, a través dos seus capitáns, entablaron unha liorta para saber quen era o que botaba a andar diante, e polo tanto non lle botaba todo o po aos que viñan detrás. O cronista conta que a discusión rematou nunha matanza, chegan a falar de 1.000 mortos na discusión de quen ía diante e quen ía detrás. Tamén conta que finalmente foi resolta a cuestión cun simple sorteo e que lle tocou a Santiago ir diante. Daquela é cando se conta que un cabaieiro que intentaba mediar entre os capitáns dos terzos dixo aquilo de: “Somos galegos e non nos entendemos”. Este refrán fixo fortuna, pasou incluso ao refraneiro sefardí e aparece xa no refraneiro do comendador Hernán Núñez, que é de 1555, o que con tanto ahínco e con tan boa técnica estudou don Fermín Bouza Brei.

O refraneiro remítenos aos séculos escuros da cultura galega, os chamados séculos escuros das letras galegas. É un exemplo do que se facía nos séculos escuros. O candidato a presidente da Xunta chamou a un rexurdimento, eu houbo aquí quen fixo mofa dese feito. Comecemos, para ese rexurdimento, por aparcas o refrán dos séculos escuros. Somos galegos e podemos entendernos, para iso teñen ao Grupo Popular. (*Aplausos.*)

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o candidato a presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, quero, en primeiro lugar, agradecer as achegas dos grupos parlamentarios, quero agradecer, en consecuencia, todas as súas opinións e, por suposto, respectar todas as críticas, sobre todo as que se fixeron dende o respecto.

Señorías, interviñeron máis dunha hora e media, máis ou menos o tempo que eu tiven o martes para explicar por que me presento á confianza da Cámara. Deixan patente, señorías, o seu rexeitamento ao que apoia a maioría do pobo galego. Pero tamén deixan claro que vostedes non teñen un candidato alternativo. Vostedes, parece ser que non están de acordo co que resolven os galegos nas eleccións, parece que non lles gusta –de momento– o candidato que se presenta para formar goberno, pero vostedes non teñen un candidato alternativo. É dicir, que se o Grupo Parlamentario Popular non propuxera un candidato, Galicia quedaría sen presidente. (*Aplausos.*)

Señorías, como é natural, iso tamén tamén reflicte moitas cousas, iso tamén reflicte a imperiosa necesidade de que o Partido Popular e o Grupo Parlamentario Popular propoñan un candidato para que Galicia teña goberno, porque, se non, Galicia seguiría sen Goberno. (*Aplausos.*)

Señorías, a escaseza de propostas e a multitude de descualificacións xa se reflicten no *Diario de Sesións*. Moita crítica aos que votaron maioritariamente os galegos e nula autocrí-

tica daqueles que perderon escanos, que perderon votos, que perderon representatividade.

Señorías, en definitiva, moito Feijóo no discurso e pouca Galicia. Eu veño falar aquí de Galicia, señorías, este é o debate de investidura do presidente de Galicia e por iso me gustaría falar de Galicia.

Concorde ou non respecto de moitas das súas opinións, xa lles digo que tomo nota de todas e de cada unha delas. Porque as súas opinións representan a moitos galegos e a moitas galegas. Eu comprométeme a intentar gobernar para todos. Tamén lles pido, se é posible, que respecten as opinións da maioría dos galegos e das galegas, porque eles si que consideran que esta Cámara non é unha cámara de gas, senón que é unha cámara de representación lexítima do pobo galego. (*Aplausos.*)

Señorías, antonte intentei dicir como sería o Goberno, gustaríame que o de hoxe non fora a carta de presentación definitiva de como pode ser a oposición. Se o que van facer vostedes é competir a ver quen ten máis habilidade para a descualificación, saben que eu saio da carreira. Non teño ningún interese en subir a un podio de descualificacións, para vostedes as medallas nos próximos catro anos, para nós as propostas, o goberno responsable e dar a cara cada vez que temos ocasión.

Señorías, se polo contrario, señorías, o que vostedes queren é facer propostas –aínda que sexan diverxentes, pero unha proposta sólida, construída coherentemente–, se o que queren é sumarse ás solucións, quero dicirlles que, de obter a confianza desta Cámara, o Goberno que presidirei estará á súa disposición.

Señorías, Galicia ten ante si importantes retos, e eu sei que me presento a candidato a presidente da Xunta, cando convocamos as eleccións, ante eses retos. Hoxe, ademais, sei que me presento cunha maioría máis ampla e, en consecuencia, cunha responsabilidade máis ampla. Por iso non teño máis obxectivo que intentar encaralos, non dedicarei nin unha hora dos próximos catro anos máis que a intentar encaras os problemas da sociedade galega.

Señorías, investirei os próximos catro anos en intentar ser mellor, en intentar estudar máis, reflexionar máis, pero si

tamén en decidir. Non creo que vostedes me escoitaran dicir antonte que en Galicia non hai problema ningún, de ningún xeito. Son o primeiro consciente dos problemas que ten o noso país. Señorías, pero Galicia ten menos paro, menos débeda e menos déficit que o conxunto das comunidades autónomas do Estado. Galicia é unha das comunidades máis solventes de España, e creo que iso os galegos merecen escoitalo.

Por iso, señorías, esa é a realidade, dura, durísima. Pero, sen ningunha dúbida, dicir aquí que Galicia ten máis paro que o resto de España ou que ten máis débeda que o resto de España ou que ten máis déficit que o resto de España ou que é menos solvente que o resto de España non é máis que faltarlles ao respecto ás galegas e aos galegos que traballan todos os días, (*Aplausos.*) a aqueles que non poden traballar e aos maiores, señorías, que teñen dificultades para chegar a fin de mes.

Señorías, estou convencido de que a maioría das comunidades autónomas de España asinarían os datos malos pero os datos que ten Galicia. Pero xa lles digo que nin me conformo nin me dou por vencido. Non me conformo porque sei que hai 270.000 galegos que non poden traballar, esa é a cifra que estará permanentemente dentro das carpetas das ordes do día do Consello da Xunta.

En realidade, señorías, é que España está nunha profunda recesión. E, en realidade, señorías, é que non se actuou durante moito tempo. E, en realidade, é que dende que tiveron o honor de ser presidente da Xunta, en abril do ano 2009, non fixen outra cousa que actuar contra a recesión que atopei como presidente da Xunta e a recesión que, como español, ten España.

Por iso demostramos que se podía gobernar con menos altos cargos; demostramos que se podía gobernar con menos administración paralela; demostramos que se podía gobernar con realismo nas contas públicas; demostramos que había que substituír a improvisación e frivolidade polo rigor e pola planificación. E empeñámonos en facer unha Galicia máis responsable, máis dona de si. E por iso, señorías, a Xunta non é un problema para os galegos, senón o contrario, está á disposición dos galegos para intentar diminuír os problemas que temos. E as contas públicas non poden axudar os cidadáns cando as contas soamente son débedas, débedas e débedas.

Miren, se España se tivese gobernado como Galicia, hoxe estaríamos nunha situación distinta. Xa sei que non vale mirar para atrás, pero pido respecto polas contas públicas galegas e pido respecto por todo o que se fixo durante estes anos, que non foi máis que rigor, decisións e asumir as responsabilidades.

Señorías, non teño moitas cuestións que alegar dende o punto de vista concreto, señor Jorquera, máis que darlle a benvinda a esta Cámara, a benvinda sincera, e espero e desexo que durante os próximos catro anos teñamos ocasión de discrepar, e, se é posible, tamén ocasión de coincidir. É certo que o primeiro parágrafo do seu discurso non vai formar parte da historia do parlamentarismo galego, porque iso de relacionar de forma indirecta ou directa as eleccións cun saqueo non creo que fora o que vostede quixera dicir.

Señoría, non merece a pena cuestionar o resultado das urnas, porque, se nos cuestionamos por que estamos aquí, é cando estamos nunha crise adicional, que é a crise que os políticos non son capaces de resolver, que é a crise económica, e ademais a crise política, a que os políticos parecen –algúns– empeñados en que se inicie na sociedade española e na sociedade galega.

Señoría, cando vostede me fala do naval, cando me fala do lácteo, cando me fala da automoción, señor Jorquera, seguro que vostede pode atopar referentes suficientes nos diarios de sesións, pero, mire, eu non fixen outra cousa que traballar neses sectores. Cando vostede me fala do veto de Astano, vostede sabe moi ben que ese veto de Astano foi unha cuestión imposta pola Unión Europea. Como consecuencia, un goberno, neste caso do PP, plantexou unha serie de axudas a Astano, a Navantia. E vostede, que participou en moitos debates no Senado e no Congreso, sabe perfectamente que cando o señor Rodríguez Zapatero foi o presidente de turno da Unión Europea, e nesta Cámara por unanimidade solicitamos formalmente o levantamento do veto, vostedes, que daquela falaban co señor Rodríguez Zapatero a cotío, pois non conseguiron, nin vostedes nin nós, o levantamento do veto. Por iso, señor Jorquera, sobre Navantia o que fixemos foi, despois de sete anos de goberno socialista, conquistar o primeiro pedido para Navantia dun barco de 190 millóns de dólares, iso é, señoría, o que fixemos con Navantia desde as bancadas do Goberno galego. (*Aplausos.*)

Señoría, eu respecto moitísimo, como poden imaxinar, todas as persoas que traballan na Xunta de Galicia, por suposto, pero sabe vostede que pactáramos dende hai tempo xa, unha redución da Administración paralela. E as fundacións comarcais eran Administración paralela. E o seu ex compañeiro, o conselleiro do Medio Rural do bipartito, iniciou un proceso de disolución das fundacións comarcais, e ese proceso de disolución rematou e todos aqueles que non eran contratados laborais indefinidos non forman parte desa Administración paralela. Por iso, señoría, non se manifeste contra as súas propias propostas, non se manifeste contra as súas propias propostas.

Señorías, sobre o banco e a lingua, se me permiten, intentarei contestar e dicirlles sen ningunha dúbida que as súas receitas non deixan de sorprenden, supoño que a todos os galegos que están seguindo este debate. Ademais dun anecdotario educado do que vostede falou, sobre Robin Hood e o scherriff de Nottingham –cada un como é natural inviste o seu tempo parlamentario no que considera oportuno–, quero dicirle sobre as propostas que fai de remodelación de conselleiros e de que quere un novo conselleiro de Traballo, que non sei se a vostede lle gustaba o conselleiro de Traballo do bipartito, parece ser que nin sequera aos do Partido Socialista Obreiro Español lles gustaba. (*Aplausos.*) Pero en todo caso, señorías, eu non teño máis que engadir.

Mire, señoría, as súas tres propostas son que nos enfrontemos a Europa, que nos enfrontemos a Alemaña, que nos enfrontemos á troika, primeira proposta. Segunda, a insumisión e non pagar. E a terceira, recuperar a política monetaria, é dicir saírnos do euro. Señoría, estas son as súas propostas económicas, que, como é natural, eu non vou entrar nin saír, pero creo que os galegos teñen opinión propia sobre todas elas.

Sobre o sistema fiscal estamos máis de acordo, señoría, efectivamente a fraude fiscal é algo que non se pode admitir, e por iso durante a lexislatura anterior recuperamos máis de 200 millóns de euros de presunta fraude fiscal. ¿Sabe por que? Porque comprobamos as autoliquidacións dos impostos da Xunta de Galicia, feitas na maioría dos casos cando vostedes gobernaban. E por iso, señoría, recuperamos 200 millóns de euros de fraude fiscal para conquistar non subir os impostos ou subilos de forma insuficiente segundo vostedes, de forma razoable segundo nós. Pero en loitar contra a fraude fiscal, aí, sen ningunha dúbida, podémonos entender.

Señoría, claro que é unha comunidade solvente, somos unha comunidade solvente, e vostede sábeo, sábeo porque ten a experiencia parlamentaria dunha cámara onde está reflectido todo o Estado autonómico e vostede sabe que a maioría das comunidades autónomas nacionalistas e socialistas están acudindo ao fondo de liquidez porque non son capaces de chegar a fin de mes. E vostede sabe tamén que Cataluña, comunidade nacionalista, necesita todos os meses unha transferencia para pagar as nóminas dos seus empregados públicos. E vostede sabe señoría que Andalucía, ademais de acudir ao fondo de liquidez, acode ao fondo de provedores por unha contía total de 5.000 millóns de euros.

Polo tanto, creo que merece a pena poñer en valor que Galicia é unha comunidade solvente, e creo que vostede está de acordo niso, porque é sen ningunha dúbida un galego de boa fe.

Señoría, cando fala das superficies comerciais e do comercio, ¿vostede sabe que durante o Goberno do bipartito se incrementaron 112.000 metros cadrados de grandes superficies? Un 120 % máis no Goberno bipartito que nun Goberno do Partido Popular, e vostede vén aquí a falar do pequeno comercio. Por iso estou convencido de que hai cuestións que sen dúbida podemos discutir, pero, sobre todo, con datos certos.

Sobre o dereito de autodeterminación, como vostede se pode imaxinar, creo que a soberanía de Galicia se manifesta constantemente. Manifestouse cando aprobou a Constitución de 1978, e leva manifestándose nove veces consecutivas, cada vez que hai unhas eleccións en Galicia maniféstase sobre o dereito de autodeterminación, e sempre di o mesmo: non á autodeterminación, si á Galicia constitucional, si á Galicia autonómica, si á Galicia nacionalidade histórica. (*Aplausos.*) Sempre dixó o mesmo, nunca mudou de opinión, nunca, nunca mudou de opinión.

Señorías, resumindo, que parece por un momento que o Partido Popular perdera as eleccións e que o señor Feijóo é o culpable de todos os males, incluso de que non nazan rapaces en Galicia. E é verdade que a nivel persoal non son capaz de apoiar moito este asunto, pero a nivel político asegúrolle que me preocupa dabondo, dabondo.

Señoría, con todos os respectos, dada a coincidencia de AGE dende o principio do seu discurso co BNG, non teño moitas

cousas que engadir, só algunhas que me permite tomar as notas e poder respotalas. Gustáronme as dúas citas importantes, tanto a de Rosalía de Castro, que imos conmemorar como merece este referente da cultura galega, tanto de acordo coa Fundación Rosalía de Castro como potenciando a súa figura e potenciando a súa casa natal; e tamén agradezo moito a lectura dun artigo da Constitución sobre a tutela efectiva da xustiza, porque ler a Constitución é moi importante para todos os políticos, con independencia de das nosas propostas. Aceptar a Constitución é sen dúbida o fundamental para poder ser deputado ou deputada nesta Cámara e para poder ser presidente da Xunta, e por iso agradezo moito, de obter a confianza da Cámara, e como representante ordinario do Estado en Galicia, a aceptación explícita de AGE da Constitución española. *(Aplausos.)*

Señorías, non vou entrar nas eruditas referencias a todos os persoeiros, dende Franco ata o Reich, os nazis, os problemas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, é que todos foron nomeados de forma sucesiva, os problemas de Israel, de Palestina, de Irak, que por suposto son graves problemas de política internacional, pero si lles digo que a intervención do portavoz desta coalición pois non deixa de ser, na miña opinión, unha apocalíptica visión da historia de Galicia, seguro que hai moitas cousas nas que non lle faltan argumentos, pero non creo que nese momento se estea discutindo isto.

Agradézolle moi sinceramente a referencia ao presidente Fraga, agradézolle moi sinceramente, porque iso significa, polo menos cando xa non está, ter a deferencia sobre un persoeiro que intentou traballar por Galicia dezaseis anos consecutivos e que obtivo o apoio maioritario das urnas sempre. *(Aplausos.)* Por iso, señoría, permítame que non entre nas cualificacións ou descualificacións sobre a situación de Galicia e a súa mestura sobre determinados países africanos ou de determinadas tribos africanas. Eu creo que a emenda á totalidade, pero emenda á totalidade non ao señor Feijóo, senón á realidade, a emenda á totalidade á realidade, ao Estatuto de autonomía, á configuración de Galicia como nacionalidade histórica, ao feito de que España é unha nación dende hai cincocentos anos, e chegar á conclusión de que os líderes da Unión Europea son “cans de presa adestrados para matar” significa suficiente definición que a min me aforre seguir afondando neste discurso.

Endebedar, e máis, as administracións públicas, foi a proposta económica que atopei neste discurso. Señorías, temos que pagar 38.000 millóns de euros no próximo ano 2013, e toda a capacidade do Estado son 39.000 millóns, é dicir, que de cada 100 euros, 50 destinámoslos a pagar o que outros gastaron, e só 50 os podemos destinar a pagar e a mellorar a nosa economía produtiva. Non creo que por aí vaíamos ben, nin en España nin en Galicia.

Terei que contestar sobre o tema da débeda pública de forma conxunta, se lles parece, para saber exactamente cal é a proposta das oposicións, ao señor secretario do Partido Socialista Obreiro Español máis ao do BNG, máis ao portavoz de AGE, porque hai propostas distintas e dispares.

A pregunta de ¿para que pagamos?... ¿Como que para que pagamos? E ¿a quen pagamos? A vostedes, aos funcionarios, aos empregados públicos, aos médicos, aos mestres, aos profesores de universidade, aos que levan o transporte escolar, ás farmacias..., ¿parécelle pouco a importancia de pagar? ¿Parécelle pouco que unha administración pública diga que a súa primeira obriga é pagar o que debe e mirar aos ollos da xente e non ter que saber que a Administración pública é a maior pufera de Galicia?

Señorías, imos seguir pagando, imos seguir pagando se é posible a todos, e, se é posible, no menor prazo posible. ¿Como se pode dicir que o importante é non pagar! ¿É que acaso hai algunha familia en Galicia que considere que o máis importante é deixar a deber todo o que compra? ¿Ou é que acaso os galegos, grazas aos cales estamos aquí, non pagaron o que debían, e grazas aos cales estamos aquí e podemos ter unha democracia e ter un Parlamento?

Señorías, imos seguir pagando, porque pagar é o que sae da dignidade do pobo galego, porque pagar é o que nos ensinaron nas nosas escolas e nos nosos fogares, e porque pagar, señoría, é a blindaxe máis importante do autogoberno que pode garantir un presidente autonómico. E dende logo Galicia estará blindada fronte ás comunidades autónomas morosas que non son capaces de chegar a fin de mes. Iso é o que lle podo dicir, señoría *(Aplausos.)* E iso é o que creo que debemos de plantexar.

Señor portavoz, vostede citaba a Dickens para falar da situación de empobrecemento, que sen dúbida moitas familias

galegas están sufrindo. Pois ben, Dickens tamén di outras cousas sobre este asunto. Se un home con 20 libras esterlinas de renda gasta 19, 19 chelíns e 6 peniques, poderá ser feliz; pero se gasta 21 libras nunca se librá da miseria.

Señoría, vostede insiste nas vontades de gastar máis do que se ten, e ese é o camiño que nos levou á miseria. E por iso, mentres sexa presidente, intentarei que Galicia non chegue á miseria. *(Aplausos.)* Creo que é un compromiso importante e creo que o debemos de reflectir.

Señorías, pódolles asegurar que se hai un deputado preocupado pola situación de Galicia neste momento permítanme que eu sexa un deles. Non vou dicir o que máis, pero, de obter a confianza desta Cámara, asumirei unha enorme responsabilidade. E por iso, cando ás veces escoito analizar isto coma se fose unha persoa que non ten corazón e á que non lle interesa o que lle pasa a Galicia, ¿é que hai algo máis importante para Galicia...? Mellor dito, ¿é que hai algo máis importante para min que Galicia neste momento? ¿É que vostedes se poden imaxinar cando esta noite, de obter a confianza da Cámara, teña eu algunha responsabilidade maior da que tiver na miña vida? ¿É que vostedes non poden entender, señorías, que non teño máis compromiso que con esta terra? *(Aplausos.)* Por iso, señorías, tomo en serio o país, por iso tomo en serio o país. *(Aplausos.)*

Señor Vázquez, cando di que eu non falei do pasado, eu falei do pasado e estou disposto a falar do pasado todas as veces que queira. A cuestión é que isto non é un debate do estado da Autonomía, isto é un debate para ver que presidente da Xunta eliximos. Polo tanto, este é un debate de investidura, non é o debate do estado da Autonomía. Señor Vázquez, fixemos catro debates do estado da Autonomía e eses catro debates están reflectidos nas urnas dunha forma clara, dunha forma diáfana. ¿Parécelle que debemos de volver iniciar outro debate do estado da Autonomía antes de tomar posesión?

Señoría, cando me di: non, mire, é que hai recesión, estamos en recesión. Si, pero menos que España. E estamos en recesión, si, pero na pasada lexislatura no ano 2010 melloramos, no ano 2011 subimos e agora temos catro décimas de recesión menos que España; e vostedes deixaron a Galicia cunha recesión do 3,2 %. Ningún ano baixou tanto o PIB como cando vostedes gobernaron no último.

Señoría, cando vostede me di: non, é que Galicia se afasta da converxencia. Cando vostedes estabamos no 88 % da converxencia e agora estamos no 91 %. Vostede pode coller as taxas de paro como queira, pero seguimos tendo case cinco puntos por debaixo da media do paro na EPA. E o paro rexistrado nesta lexislatura foi inferior ao paro rexistrado na lexislatura do bipartito, na que, de catro anos, tres estiveron en bonanza económica e un en plena crise. Pois mire, señoría, vostedes deixaron un incremento de paro superior ao que nós tivemos que aguantar durante catro anos de plena crise económica.

Señoría, ¿cal é o seu modelo? ¿Cataluña? ¿Andalucía? ¿Cal é o seu modelo? Andalucía ten unha taxa de paro do 35 % e Galicia do 20,1 %; Andalucía ten un déficit público superior ao 3,2 % e Galicia a metade. ¿Cal é exactamente o seu modelo? ¿O seu modelo é acudir case en 7.000 millóns de euros ao Fondo de liquidez e ao Fondo de provedores ICO como ten que acudir Andalucía? ¿Ese é o seu modelo? ¿Ou, pola contra, o seu modelo neste caso é sentirse razoablemente satisfeito das contas públicas de Galicia?

Cando vostede me di que hai paro, evidentemente, pero somos a oitava comunidade con menor paro de España. Cando vostede me di que hai paro xuvenil, é verdade, pero temos seis puntos por debaixo da media de España. E reitírolles o tema do paro, señorías, para polo menos poñernos de acordo nas cifras que se publican. Na lexislatura do bipartito subiu o paro 62.000 persoas; na lexislatura que acaba de finalizar, 6.000 persoas menos. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Con moito gusto...

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente.

Silencio, por favor.

Ten a palabra.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Con moito gusto, por favor, aclaro as cifras.

Na lexislatura do bipartito empezaron cun paro de 149.000 e acabaron cun paro de 211.000, iso supón 62.000 parados máis. Na lexislatura que acaba de finalizar empezamos con 211.000 e acabamos con 267.000, iso supón 56.000 parados; é dicir, 6.000 parados menos que cando vostedes gobernaban. Estas son as cifras, señoría, estas son as cifras.

Señoría, no último ano do Goberno bipartito o paro subiu 51.000 persoas, e no último ano do Goberno do PP subiu 25.000. ¿Quere falar de máis datos? O paro rexistrado en Galicia, é a terceira comunidade onde menos subiu nesta lexislatura, a terceira. Despois de Baleares e Canarias está Galicia, onde menos subiu o paro rexistrado. Pero polo menos non enganemos a xente, porque, señor Vázquez, creo que vostede xa ten experiencia en que dicir unha cousa que non é verdade non leva a ningures, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡a ningures! Dicir que non temos contratos con Pemex, ou dicir que non temos solvencia nas contas públicas, ou dicir que aos médicos lles pagamos para que dean altas e lles damos 30 euros, ou dicir que lles quitamos os fármacos aos pensionistas non o levou a ningures, señor Vázquez, non o levou a ningures, *(Aplausos.)* ¡a ningures! *(Aplausos.)*

Señoría, o índice de produción industrial aumentou en Galicia e baixou en España. O índice de produción industrial aumentou o 2,2 e baixou en España un 11,7. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* No que levamos de ano, señoría... *(Interrupcións.)* Non, non, de ano a ano, 2,2 de incremento, baixada en España. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E o valor do índice de produción industrial en Galicia é o 79,9 e en España o 75. Comprendo, señorías, que igual a algún non lle gustan os datos positivos, pero creo que iso é bo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, sobre o tema da débeda, señores da oposición, ¿hai que incrementar a débeda ou hai que baixar a débeda? *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, señor Beiras, por favor.

Silencio, non ten a palabra.

Perdón, presidente.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Quero entender que podemos estar de acordo en diminuír a débeda.

Señoría, quero dicirlle que Galicia é a cuarta comunidade autónoma que menos incrementou a débeda a pasada lexislatura. Quero dicirlle que a débeda de Galicia sobre PIB está a 1,5 por debaixo da media do resto das comunidades autónomas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Quero dicirlle, señoría, que, na ratio de débeda por habitante, en Galicia cada galego debe 654 euros menos que a media dun español. E quero dicirlles que a débeda pública total, non só a débeda pública que se emite, senón a débeda pública do pago a provedores –eses que non son capaces de pagar dende as comunidades autónomas– e do fondo de liquidez, aí Galicia está 3,4 puntos por debaixo da media do resto das comunidades autónomas.

Señoría, estes son os datos, e evidentemente creo que estes datos non deben en ningún caso despreocuparnos da débeda, por iso solicito da Cámara a súa opinión sobre o déficit público. ¿Temos que baixar o déficit e, en consecuencia, diminuír a débeda? ¿Ou, pola contra, temos que incrementar o déficit e incrementar a débeda? Non se pode dicir unha cousa e a súa contraria, e por iso insisto en que creo que é razoable que un candidato á Presidencia da Xunta teña claro o que pensa a Cámara sobre ou incrementamos a débeda e incrementamos o déficit, ou, se baixamos o déficit, temos que diminuír a débeda. ¿Sabe cal é a comunidade autónoma que máis incrementou a débeda nesta lexislatura? Euskadi. ¿Sabe canto incrementou a débeda Euskadi? O 399 %. ¿Este é o seu modelo, señoría, *(Interrupcións.)* o 399 %? Señoría, creo que iso non é para o que solicitamos a confianza.

Imos seguir traballando nos sectores produtivos, por suposto, e a innovación cun 45 % máis de presuposto e de gasto supón un sector produtivo importante. Destinamos máis de sesenta millóns ás empresas para que innoven con novos produtos, con novas patentes. Creamos unha axencia de innovación única para todo o país, do mesmo xeito que creamos unha axencia única de modernización para todo o país. Fixemos todo o posible, señorías, para volver a 400.000 vehículos ao ano en PSA Citroën, en Vigo; e neste momento PSA Citroën, en Vigo, está facendo novos vehículos nesa factoría.

Señorías, atopámonos cun sector naval cun preito, o preito que deixou un goberno durante oito anos en Madrid, o Goberno Socialista. E agora temos un sector naval que ese preito o ten solucionado e temos un sector naval que empeza a ter carga de traballo –máis de trescentos millóns de dólares nos seus dous últimos contratos– e que apoiamos durante toda a lexislatura.

Señorías, imos seguir traballando no sector do comercio, sen dúbida. Levamos recadados 70 millóns de euros do sector eólico. Ningún goberno recadou un euro do sector eólico xamais, incluído o bipartito. Levamos 70 millóns de euros recadados para os concellos e ningunha empresa, señoría, de momento, renunciou aos megavatios asignados. Señoría, ¡claro que imos seguir traballando na internacionalización! ¿É que acaso as exportacións galegas, a balanza comercial máis importante desde o punto de vista das importación e exportacións que tivemos no ano 2011 das comunidades autónomas, non é poñer en valor as empresas galegas? ¿É que acaso seguir exportando e ter un saldo comercial positivo catorce veces superior ao que tiña o bipartito non é que as empresas galegas estean abríndose ao mercado e estean exportando? Claro que si. E por iso imos seguir por esta vía, axudando os sectores produtivos galegos.

Mire, cando caeu o sistema financeiro nós estivemos aí, e durante toda a lexislatura demos máis avais a empresas galegas que durante os trinta anos de autonomía. Señoría, 2.500 avais concedidos, o que supón máis do que deron todos os gobernos que nos precederon, iso non creo que sexa razoable trasladar que non apoiamos os sectores industriais galegos. O Igape en préstamos mobilizados deu o dobre que o Goberno bipartito, o dobre. Polo tanto, en avais, máis que en ningún período lexislativo, e en axudas directas do Igape, o dobre que o Goberno bipartito. Non vou entrar aquí en como se poden coller 30 millóns de euros e darlos a unha empresa sabendo que esa empresa estaba nunha situación técnica de quebra. E agora que perderamos 30 millóns de euros que os necesitaríamos, efectivamente, para o sector lácteo, por exemplo. O que ocorre é que algunha vez alguén nos contará por que a empresas que estaban en quebra se lles dan 30 millóns de aval e non se lle dá ao sector lácteo durante toda a lexislatura unha soa axuda. *(Aplausos.)* E por iso, señoría, nós queremos falar disto, sen ningunha dúbida.

Señoría, imos seguir apoiando e creo que é bo dicir que Inditex é a mellor empresa do téxtil do mundo, e creo que é bo dicir que Inditex vai seguir investindo en Galicia, e creo que é bo cos que invisten en Galicia ter unha consideración con eles. Inditex vai duplicar as súas instalacións en Galicia, e pérome que con 400 postos de traballo que crea e con 100 millóns de euros que inviste ben merece a pena poñer en valor iso. Do mesmo xeito que PSA Citroën vai investir en Galicia e do mesmo xeito que conseguimos contratos con Petróleos Mexicanos –¿verdade que si, señor Vázquez?– *(Interrupcións.)* e ampliamos Nestlé en Pontecesures. *(Aplausos.)*

Señorías, puxemos durante a lexislatura da crise 97 quilómetros de vías de altas prestacións a funcionar –como vostede sempre ten dúbidas cos datos, está á súa disposición–. Neste momento estamos en execución con outros 140 quilómetros de vías de alta capacidade e, iso si, comprometemos 300 millóns de euros na conservación de estradas. Porque hai administracións que non teñen diñeiro para conservar e despois nin fan nin conservan, e ese é o problema que teñen neste momento moitas comunidades autónomas.

Señoría, pódolle dicir que imos asinar nas próximas semanas un investimento superior a 500 millóns de euros en infraestruturas hidráulicas –vostede disto sabe, que foi conselleiro–. Por iso imos seguir traballando no sector pero tamén creando riqueza. Efectivamente, en plena crise económica aprobamos plans xerais de ordenación urbana para o 62 % da poboación, vostedes para o 37 %. Imos seguir traballando, e en plena crise económica puxemos a funcionar o transporte metropolitano da Coruña, de Santiago e de Ferrol. Vostedes non tiveron tempo de poñer un só transporte metropolitano.

Señorías, imos seguir traballando, sen ningunha dúbida, e imos intentar, por suposto, crear emprego, que ese é o obxectivo da lexislatura, o crecemento económico. Ese é o obxectivo de por que someto á consideración da Cámara a miña candidatura.

Señorías, imos seguir traballando, sen ningunha dúbida, porque non temos outro interese; non hai pacto con ninguén, non temos compromisos con ninguén máis que cos galegos. Non temos ningunha coalición, nin temos que repartir nada, nin temos que conseguir máis que o benestar de Galicia. E

por iso, señorías, imos seguir traballando no Plan estratéxico lácteo, e por iso puxemos á disposición a primeira marca galega cen por cento, e por iso salvamos Pascual con todas as dificultades, e a pesar das dificultades que está pasando neste momento. E salvamos Clesa, con todas as dificultades, señor Vázquez. E gustaríame entenderme con vostede para facer un paquete lácteo en Galicia, e conseguir realmente, se é posible nesta lexislatura, por fin, unha proposta industrial do leite en Galicia, que é o que non temos. Por iso, señoría, imos seguir traballando... (*Aplausos.*), imos seguir traballando, señorías, e eu agradezo aos sindicatos agrarios, agradezo á distribución e agradezo á industria o acordo ao que chegaron estes días. E agradézoo porque saben eles que a miña primeira reunión cun sector como presidente da Xunta, de obter a confianza desta Cámara, será co sector lácteo, a primeira. (*Aplausos.*) A miña primeira reunión será co sector lácteo, señoría.

Miren, señorías, no tema da pesca fixemos unha lei consensuada co sector. Somos a primeira rexión de Europa que presentou na Unión Europea unha estratexia da acuicultura –xa sabemos cal era a súa: acuicultura en Portugal–.

Señorías, fixemos un decreto de artes e aparellos e temos comprometido con todas as confrarías seguir traballando polo sector do mar e pola acuicultura, con consenso, señoría, sen enfrontarnos coa metade do sector, para que esa metade se enfronte coa outra metade; iso xa non vai volver ocorrer.

Por iso imos seguir traballando polo rural galego. Dime vostede que como podo falar do rural galego. ¿E vostede pode falar algo do rural galego?

Señoría, unha lei de acuicultura de Galicia poñemos á súa disposición, poñeremos á súa disposición unha lei da mellora da estrutura territorial de Galicia, poñeremos á súa disposición un plan de actuación para o estímulo e fixación do emprego rural e poñeremos á súa disposición un plan de industrialización do rural galego. Cando o vexa, se non está de acordo, estou convencido que podemos atopar puntos de encontro. Pero, antes de velo, non me parece razoable que faga unha emenda á totalidade.

Finalizo, señorías, en relación a estes asuntos. Mire, claro que se diminúe o fracaso escolar, conseguímolos, diminuír o fracaso escolar, diminuíu o fracaso escolar. E agora hai

44.000 alumnos que teñen ordenador, e na lexislatura cando empezamos, cero, cero; ordenadores financiados con fondos públicos, cero. E agora hai nada máis e nada menos que centros plurilingües ou bilingües.

Xa sei que vostedes falan da privada e da pública na educación. Despois a onde levan os seus fillos non ten maior importancia. Pero digo que tamén no rural, e tamén os que non poden levar os seus fillos á privada, teñen dereito a aprender inglés, señorías. E por iso hai 44.000 galegos, rapaces e rapazas, que están aprendendo a falar inglés financiada con fondos públicos.

Señorías, cando falan dos alumnos por profesor, miren, Galicia é a terceira comunidade autónoma con máis profesores por alumno; seguro que podíamos ser a primeira, pero somos a terceira. E en Galicia o fracaso escolar diminuíu seis puntos; co bipartito, o 26 %, e agora, o 20,8 %.

Por iso imos seguir intentando mellorar a sanidade tamén, tamén a sanidade, e non só a educación.

Di vostede, señor Vázquez, que a nós non sei o que nos pasa co gasto farmacéutico. Non, eu si sei o que me pasa: non dependo de ningunha multinacional e non vou defender ningunha multinacional; eu vou defender os petos dos galegos e das galegas, que é o mesmo que defender o peto da sanidade pública, (*Murmurios.*) e por iso o fixen e por iso vostede me levou ao Tribunal Constitucional, e me denunciou ante o Tribunal Constitucional, por intentar aforrar os cartos dos galegos e das galegas en materia de sanidade. (*Aplausos.*) Por iso me levou, señoría, por iso me levou.

Gustaríame nesta lexislatura chegar a algún acordo en materia farmacéutica, gustaríame, porque seguimos tendo máis receitas por persoa que o resto do Sistema Nacional de Saúde e porque seguimos tendo máis gasto por receita que o resto do Sistema Nacional de Saúde, e xa sei que o 23 % da poboación galega ten máis de 65 anos. Pero tamén sei que cando chegamos ao Goberno os xenéricos eran o 10 % e agora están no 33 %. Ese é o mellor servizo que lle podemos facer ao Servizo Galego de Saúde.

Mire, señoría, falan vostedes do copago. Miren, se eu non son sospeitoso de non estudar o tema sanitario; pero miren, se o maior copago que se fixo en farmacia na historia foi

cando Felipe González subiu a aportación da farmacia do 10 % ao 40 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Ou é que acaso Felipe González quería ir contra o Sistema Nacional de Saúde? O que fixo está ben feito e, polo tanto, non me critique por facer o que fixeron os seus líderes cando respectaban os intereses xerais do Sistema Nacional de Saúde. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señoría, imos seguir... Non, os Reis Católicos, Felipe González creo que non formaba parte dos Reis Católicos. *(Aplausos.)*

Señoría, imos seguir traballando no tema das infraestruturas. Non teño máis que agradecementos aos médicos e ás enfermeiras, non teño máis que agradecemento ao persoal auxiliar de enfermería *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e a todo o Servizo Galego de Saúde.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, incrementamos un 10 % *(Murmurios.)* o rendemento cirúrxico e hai, señorías, 19.000 intervencións máis este ano que o ano pasado dentro do Servizo Galego de Saúde. ¿Por que? Porque é máis público, porque é máis eficiente e porque ten máis compromisos cos clientes, é dicir, cos propietarios, que non son outros que os galegos e as galegas, propietarios do sistema de saúde de Galicia.

Señoría, déixolle á disposición da Cámara os dezanove centros de saúde que vostede di que non fixemos. Están aquí. Se me permite, léollos de cotío. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Perdoe, presidente...

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría,...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, presidente.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... dezanove centros de saúde rematados: A Merca, Toén, Parada, Cotobade, Carballedo, Oleiros, Ortigueira... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... Entrimo, Vilar de Santos, Sanxenxo, Vila maior, Agolada, Coristanco, Novo Mesoiro, Sigüeiro, Oroso, Sarria, Vilamarín, San Paio de Navia, Monterroso e A Peroxa. *(Aplausos.)*

Señorías, remato en relación con dous asuntos que creo que merecen un tratamento especial, que é o tema das caixas. Primeiro asunto.

Mire, señorías, nós non mudamos de opinión. Enfrontábonos cando tomamos posesión no ano 2009 a unha situación de... imos diminuír a aparataxe mercantil da denominación, imos dicir unha situación absolutamente impropia das caixas de aforro. Non obtiven nin un só papel na transmisión de poderes, nin unha soa advertencia. Ninguén me advertiu de como estaban as caixas, ninguén me deu un dato, un papel, unha proposta. E por iso, señorías, intentamos traballar dende o principio cun obxectivo: facer unha entidade solvente radicada en Galicia. Cando tivemos que recorrer os decretos, recorrémolos, e están recorridos no Tribunal Constitucional. Cando houbo que dicir que non estabamos de acordo coas indemnizacións, eu mesmo asinei unha carta ao gobernador do Banco de España solicitando formalmente que deixara sen efecto as indemnizacións dos directivos das caixas. Aínda non me contestou o señor Ordóñez. ¿Sabe por que? Eu non o sei. Podo imaxinar que probablemente non me contestara porque o sabía, probablemente non me contestara porque estaba de acordo e probablemente non me contestara porque lle dera o visto e prace.

Señoría, non enganemos a ninguén, porque non imos chegar a ningures. Eu estiven ao lado dos afectados durante todos estes anos e hai máis de 10.000 familias que cobraron o 100 % das preferentes cando non hai noutras comunidades autónomas un antecedentes deste tipo, *(Aplausos.)* non hai un antecedente deste tipo.

Señorías, atopeime... *(Aplausos.)* Señor Vázquez, ¿que me atopei? Na hemeroteca e no *Diario de Sesións* está reflectido: deslealdades. Atopeime deslealdades na reforma da lei, atopeime deslealdades no proceso de fusión e atopeime deslealdades ao seu silencio ante os bandazos normativos que acabaron coas caixas de aforros. Deslealdades na reforma da lei, afastáronse

do consenso que tiñamos para reformar a lei. Vostedes apoiaron o recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de caixas de aforro pactada co BNG porque queríamos cambiar os xestores das caixas. Está nas hemerotecas. Eu recordo desde esta tribuna que vostedes me plantexaban aquí: deixe vostede os directivos que fagan coas caixas o que consideren oportuno, non se meta na organización e na xestión das caixas.

Señoría, vostede cambiou de opinión e mudou de opinión, sen ningunha dúbida, pero quero dicirle que con todas estas incoherencias agora hai que tirar para diante. Temos cinco anos para capitalizar a caixa, temos cinco anos para capitalizar Novagalicia Banco. Imos ver se somos capaces de capitalizalo, pero dende logo existe, existe, ese proxecto aínda ten vida. É a hora dos xestores, a hora de que xestionen axeitadamente o encargo que teñen. Veremos se os xestores están á altura. O que lle podo asegurar é que, como presidente da Xunta, fixen todo o que estaba na miña man para que Galicia tivera unha entidade domiciliada en Galicia e unha entidade financeira solvente, todo o que puiden, todo o que estaba nas miñas competencias estatutarias. (*Aplausos.*) Por iso, señoría, creo que ben vale a pena en relación a este asunto.

Señorías, quero simplemente, para finalizar, facer unha brevíssima análise das propostas que fixen no discurso de investidura o pasado martes.

Propuxen catro cuestións importantes, na miña opinión: manter o control das contas públicas, apostar polo crecemento económico, planificación a medio e longo prazo de todos os sectores galegos e ofrecer un acordo.

Señorías, o control das contas públicas pasa, segue pasando polo Goberno, mantendo a aposta pola austeridade, unha vez máis, polo Goberno, pola Administración pública, facendo o terceiro plan de redución da Administración paralela e simplificando procesos administrativos. Pasa polo Goberno a obriga de non gastar un só euro que previamente non estea valorado o seu impacto na economía produtiva, cunha lei de réxime financeiro e orzamentario. Pasa, señoría, pola integración de organismos, que faremos: o Consello Económico e Social e o Consello Galego de Relacións Laborais. Pasa, señoría, pola integración do Instituto Galego do Consumo e o Consello Galego da Competencia. Pasa pola redución de subvencións aos partidos políticos, á patronal e aos sindicatos.

Pasa, señoría, en segundo lugar, por un fondo para o crecemento. Si, estou disposto a analizar todas as políticas fiscais que vostede me propoña, pero propoña algunha política fiscal razoable, razoable. Vostede sabe que non podemos facer cousas que non son razoables, porque cando se fan cousas que non son razoables atopámonos na situación que herdamos en Galicia no ano 9 e que herdamos en España a finais do ano 11.

Por iso nas reformas estruturais dos sectores claves os necesitamos, señor Vázquez, necesitamos o BNG e a AGE. Se queren realmente facer unha reforma estrutural do sector lácteo, estou á súa disposición, non teño máis interese que acertar. Se queren realmente facer unha reforma estrutural do sector forestal, estou á súa disposición. Se queren realmente mellorar a innovación das nosas empresas e abrir mercados e seguir exportando, estou á súa disposición. Estou á disposición dos emprendedores, e por iso me comprometo nunha lei do emprendemento e en diminuír selectivamente determinados impostos para aqueles que queiran investir en Galicia, señor Vázquez. Creo que é bo, creo é bo a xente que quere investir en Galicia que o poida facer e que teña unha discriminación positiva. Creo que é bo apostar pola innovación, creo que é bo seguir traballando pola internacionalización da nosa economía.

Non desbarate vostede unha lóxica esperanza do sector rural, vou traballar niso. Non sei o que ocorrerá dentro de catro anos, pero unha lei de agricultura e unha lei para mellorar as explotacións, unha lei para mellorar o chan galego e unha lei para intentar reindustrializar o sector galego agroindustrial conte vostede con iso.

Señorías, conten vostedes cunha proposta nos sectores estratégicos, unha en cada un deles. Imos seguir coa pesca e coa acuicultura. Imos seguir co sector da automoción e co sector naval. Imos seguir potenciando o sector do comercio e o turismo, que é o 11 % do PIB e dá emprego a 100.000 persoas. Imos seguir traballando polas industriais culturais galegas. Imos seguir traballando pola industria audiovisual. Imos seguir protexendo os cascos históricos. Imos seguir, en definitiva, traballando, e acabo de interpoñer un recurso ante o Goberno central polo Real decreto de enerxías renovables.

Señor Vázquez, non teña vostede ningunha dúbida que nos podemos entender, polo menos en cousas importantes. É o que vou intentar, non teña vostede ningunha dúbida.

Imos seguir reducindo o Goberno dende o punto de vista de altos cargos e asesores, imos seguir reducindo a Administración paralela.

Propóñolles diminuír o número de deputados, de acordo co Estatuto de autonomía, sen modificar para nada o resultado electoral.

Propóñolles seguir traballando para acordar fusións nos concellos galegos. ¿Por que non estamos de acordo coa primeira fusión posible? ¿Por que non queren deixar que se fusionen dous concellos que queren facelo? Dous concellos onde agora o resultado das urnas acredita que o Partido Popular, que quere a fusión, ten unha porcentaxe de voto case do 60 %.

Señor Vázquez, non é posible falar dunha ordenación en Galicia se non somos capaces de poñernos de acordo naquilo que sei que estamos de acordo.

Señorías, imos seguir traballando pola eficiencia, porque creo que é a garantía dunha Galicia solvente.

Señorías, quero abrir un diálogo e unha cooperación cos grupos parlamentarios e quero propoñerlles nomear a maior parte dos membros do Consello Consultivo polo Parlamento e non exclusivamente polo presidente da Xunta, como se fixo ata o de agora.

Quero, señorías, desenvolver con vostedes e cos axentes sociais un diálogo social como tivemos durante a pasada lexislatura. Propóñolles, señorías, unha nova Lei do solo, é unha proposta que poñerei á súa disposición, creo que é importante. Iso afecta á crise económica, iso mellora a economía produtiva, iso ponnos en condicións de traballar con lexislación e non cun diñeiro que non temos.

Señorías, estamos dispostos a priorizar as infraestruturas; as que temos, para acabar; as máis importantes, antes.

Señorías, estamos dispostos a planificar a educación. Estamos dispostos a que as universidades galegas non quebren, como están quebrando moitas universidades en España. Estamos intentando especializar as universidades, e quero contar co seu apoio, porque creo que os universitarios, as universidades e Galicia o merecen.

Quero contar co seu apoio para crear máis de 6.000 prazas públicas novas en servizos sociais: garderías, centros de día e residencias para maiores, en plena crise económica.

Quero contar co seu apoio para facer unha sanidade mellor, a pesar da crise económica. Neste momento hai manifestacións en España por dificultades que pasan moitos hospitais de comunidades autónomas máis ricas que nós; e nós estamos construíndo hospitais e noutras comunidades están tendo dificultades para manter o que teñen. E por iso paréceme que con máis tecnoloxía, con máis infraestruturas e cunha Lei de garantía sanitaria, estamos facendo un bo servizo ao noso país.

Señorías, propúxenlles doce textos legais, non recibín nin unha soa consideración, reitéroo: a Lei do emprendedor, a Lei de réxime financeiro, a Lei do empregado público, a reforma da Lei do Consello Consultivo, a Lei do solo, a Lei de agricultura, a Lei de mellora territorial agraria, a Lei de acuicultura, a Lei para honrar os nosos devanceiros e a Lei do panteón de Galicia –que vén do Consello da Cultura Galega–, a Lei de garantía e prestacións sanitarias, a Lei da formación e cualificación profesional, aprobar a Lei de universidades.

Señorías, propúxenlles na miña intervención intentar mirar ao futuro, vouno seguir facendo durante a lexislatura, de obter a confianza desta Cámara.

Por suposto que vemos a Galicia chea de problemas, coñecemos a Galicia porque nacemos nela, nos pariron nela e morreremos nela. E por iso, señorías, propuxen, sen ningunha dúbida, tamén facer un plantexamento razoable. ¿Ou é que vostedes non ven a Galicia convencida de que é capaz de saír desta crise? ¿É que acaso a Galicia lle imos negar que se anticipou a moitos problemas que neste momento están limitando as capacidades do Estado do benestar da maioría das comunidades autónomas? ¿Ou é que vostedes dubidan de que Galicia sexa capaz de saír adiante?

Señorías, temos unha Galicia en serias dificultades, pero tamén unha Galicia convencida, convencida porque acaba de manifestar o que quere, e manifestouno con tanta claridade e manifestouno con tanta contundencia que eu me vexo na obriga de cumprir o que prometín na campaña electoral e de intentar ser fiel ao programa electoral votado maioritariamente polos galegos.

E por iso, señorías, o 21 de outubro Galicia amosouse convencida, e incluso máis convencida que hai catro anos, e creo que o que nos pide é ter un Goberno unido, non un bipartito ou un tripartito –que xa non sei–, un Goberno unido, un Goberno que di a verdade, un Goberno que está disposto a seguir dicíndolle a verdade á xente e que segue disposto a tomar decisións ocorra o que lle ocorra a ese Goberno. ¿Para que? Para que non lle ocorra a Galicia o que lles ocorre a outras comunidades.

Señorías, se os galegos elixiron ese camiño de forma maioritaria, ¿por que se empeñan vostedes en andar un camiño distinto? Pedíronnos seguir construíndo, e esta mañá escoitei moito máis referencias a destruír que a construír. Pedíronnos seguir edificando, e esta mañá escoitei moito máis cuestións de demolición que cuestións de construción, de construción dun futuro mellor, porque creo que é o que merecen os galegos.

Señorías, Galicia anticipouse, e o meu compromiso durante a próxima lexislatura, de obter a confianza desta Cámara, é seguir anticipándome, anticipándome en austeridade, empezando pola propia administración; anticipándome en disciplina orzamentaria, porque non son quen de gastar o que os galegos non me autorizan, non son quen de gastar o que os fillos teñen que pagar. Señorías, aquel vello dito universitario “vive dos teus pais, mentres non poidas vivir dos teus fillos”, iso non ten cabida nun Goberno responsable. (*Aplausos.*) E por iso, señorías, paréceme, cando menos, sospeito que volvamos outra vez.

Señorías, imos ser capaces de facer unha Galicia máis operativa, unha Galicia máis operativa cun territorio máis intelixente. Pídolles que traballemos porque esa Galicia ben o merece. Eu pódolles asegurar que non teño outro obxectivo que ese: intentar en plena crise económica blindar a sanidade pública, blindar a educación, blindar os servizos sociais. Non teño máis interese que mellorar a nosa capacidade exportadora. Non teño máis interese que ser un sistema galego máis competitivo.

Señorías, quero volver propoñerlles traballar xuntos en moitas cuestións. Propúxenlles oito, oito cuestións, non é ningunha entelequia verbal, vólvoas reiterar. Propúxenlles traballar xuntos nos fondos europeos; propúxenlles traballar xuntos no financiamento autonómico, nas fórmulas de cre-

amento; propúxenlles traballar xuntos na ordenación do territorio; propúxenlles traballar xuntos no sistema financeiro para que Galicia, dentro de cinco anos –prazo máximo–, poida ter unha entidade en Galicia no seu domicilio e a súa sede; propúxenlles unha blindaxe dos servizos públicos; propúxenlles innovar o mapa municipal; propúxenlles planificar os sectores produtivos.

Señorías, xa sei que son retos históricos, retos históricos onde solicito o pacto, onde solicito o acordo e onde solicito o consenso. Pero solicítoo para estar á altura dos galegos, non o solicito para min. Solicítoo para que poñan vostedes as súas ideas, se é posible ordenadas e se é posible que sexan ideas que se poidan trasladar. Amigos, nesas ideas poden estar os galegos e as galegas, sen dúbida que estarán. Nelas está o Grupo Parlamentario Popular, ao que lle agradezo o seu discurso.

E eu soamente lles digo que desas propostas, que lles reitero, e desta proposta, permanente, de como podemos mellorar a situación que nos atopamos, non teñan vostedes ningunha limitación máis que de facelas; e eu non terei máis limitación que intentar escoitalas e intentar aproveitálas. E pódolles asegurar que esperen de min iso nesta lexislatura, eu tamén espero de vostedes o mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás 17.00 horas. Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta minutos da tarde e retómase ás cinco.

A señora PRESIDENTA: Boa tarde, señorías.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Boa tarde de novo.

Reiníciase a sesión.

Corresponde agora unha rolda de réplica dos grupos parlamentarios por un tempo de dez minutos cada un. E anuncio, en cumprimento do disposto no artigo 136.5 do Regula-

to, que, tras o debate, a votación se levará a cabo ás 18:30 horas, sen prexuízo de que o desenvolvemento da sesión obrigue a modificar a dita hora.

Deseguido, por tanto, proseguimos a sesión coa intervención da réplica dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor Feijóo, en primeiro lugar, permítame que lle formule algunhas preguntas e algún consello, todos –asegúrolle– de boa fe.

Primeira pregunta: ¿coñece vostede o Regulamento desta Cámara? Porque non estamos debatendo unha moción de censura que, segundo a lexislación, conleva a presentación dun candidato alternativo, estamos nun debate de investidura e quen propón o candidato é a presidenta da Cámara. *(Aplausos.)*

Segunda pregunta: no programa electoral do Partido Popular contemplábase crear a figura de xefe da oposición, ¿aspira vostede tamén a selo? Porque, mire, a súa réplica foi máis propia dun candidato a ser opositor da oposición que dun candidato a presidente. Vostede está petrificado no ano 2009, cando xa estamos no ano 2012. ¿Pensa seguir catro anos máis facendo de oposición da oposición, facendo de oposición no bipartito, en vez de, unha vez por todas, asumir as súas responsabilidades, unha vez que sexa investido como presidente dun país?

Primeiro consello: non manipule as miñas palabras e non utilice os galegos e as galegas de escudo humano dicindo que eu lles falto ao respecto, cando o que fixen foi unha caracterización das súas políticas, señor Feijóo. Eu non cuestionei o resultado das urnas, nin dixen que as eleccións fosen un saqueo; o que fixen foi unha caracterización das súas políticas, das políticas do Partido Popular. E, dado que é tan amigo dalgunhas consultas –non de todas, por suposto– para avalar as súas políticas lingüicidas, eu fágolle un emprazamento: consulte a sociedade sobre as súas políticas

de recortes a ver se teñen o aval da sociedade. E, como di que o problema é que non hai cartos, permítame que lle aporte un dato: desde o inicio desta crise no Estado español, a través de distintos mecanismos, lévanse mobilizado 200.000 millóns de euros de recursos públicos, de recursos de todos, para salvar a banca. Aí ten ese dato.

Mire, señor Feijóo, vai ser vostede o último en enterarse de que as mal chamadas políticas de austeridade nin serven para reactivar a economía e saír da crise nin serven tampouco para enxugar o déficit, dado que vostede fixo un emprazamento a que nos definísemos a ese respecto. Para reequilibrar as contas públicas, á parte de que se pode operar sobre o sistema impositivo –como expuxen na miña intervención da mañá–, é requisito imprescindible, primeiro, que as políticas públicas contribúan á reactivación da economía; e as políticas de austeridade o único que fan, á parte de ser inxustas, é afundir máis a economía. Mire, por enterarse, enterouse xa até o FMI, ¡que xa é dicir! Vostede vai ser o último en enterarse. Non caricaturice as posicións do BNG.

Mire, para estar en Europa non é requisito imprescindible ser submisos ás políticas que se ditan se esas son lesivas para o pobo galego e se son lesivas para as maiorías sociais. E o BNG por suposto que está a favor doutra Europa, dunha Europa realmente democrática, dunha Europa social, dunha Europa dos pobos, non dun modelo europeo que condena á ruína á periferia de Europa nin dun modelo europeo que desmantela dereitos básicos da cidadanía, dereitos sociais, nin dun modelo europeo que nos condena a non ter un sector financeiro propio, que veta que se poidan construír buques en Astano ou que nos expulsa dos caladoiros comunitarios.

Íalle pedir, señor Feijóo, como segundo consello, que non minta. Teño nada máis que dez minutos e dixen tantas cousas que –procurando ser elegante– son inexactas, cando non manifestamente falsas, que non tería tempo para replicar todas. Pero simplemente un dato: os traballadoras das fundacións comarcais. Vostede intentou xustificar o seu despido como consecuencia dunha decisión adoptada polo Goberno bipartito co que vostede segue total e absolutamente obsesionado. Eu simplemente lle aporte o dato de que cando se optou por suprimir as fundacións comarcais se contemplaba a integración deses traballadores no Banco de Terras –que vostedes suprimiron– ou en Agader. Polo tanto, se di que

vostede vai dicir a verdade, por unha vez cúmprao, por favor, por unha vez cúmprao.

Dereito a decidir. Mire, vostedes confunden a celebración de eleccións co dereito a decidir dun pobo. Os escoceses levan votando moito máis tempo que nós, levan celebrando eleccións moito máis tempo que nós, pero agora, a través dun referéndum, van decidir libremente o seu futuro e que relación queren ter co Reino Unido.

Mire, señor Feijóo, eu non son tan inxenuo como para aspirar a que vostede asuma o dereito a decidir, pero polo menos fágolle un emprazamento: sexa coherente. Vostede dixo o martes pasado que Galiza ten que vivir do que produce, e díxenlle hoxe pola mañá que niso, sen que sirva de precedente, eu estou de acordo con vostede, pero fágolle unha pregunta: ¿e como?, ¿e como vai vivir Galiza do que produce se resulta que vostede non está a favor de que Galiza se responsabilice fiscalmente, de que poidamos ter unha autonomía fiscal integral plena, de definir os impostos, de recadalos con plena capacidade normativa, se vostede non reclama competencias? Mire, vostede pasou a lexislatura pasada –boa parte da lexislatura, cando menos– intentando eludir as súas responsabilidades sobre múltiples problemas que vivía o noso país, dicindo que Galiza non tiña competencias, e, en cambio, non as reclama, permite continuas invasións competenciais por parte do Goberno central ou non reclama que Galiza teña un control real sobre os seus recursos económicos. Entón, ¿como en Galiza imos poder vivir do que producimos?

Mire, Galiza ten tres recursos fundamentais –entre outros, pero tres–: a enerxía, o aforro e as súas xentes, e os tres están sendo drenados. Se isto non é unha forma de colonialismo interior, que veña Deus e o vexa.

Se falamos do sector financeiro, mire, simplemente un columnista tan ponderado como Fernando Ónega escribe que o plan do Goberno español aprobado pola Unión Europea é unha sentenza de morte ao sector financeiro galego que se executará a prazo fixo dentro de cinco anos. E vostede segue sen enterarse.

Se falamos da xente, vostede empéñase en dicir que o paro en Galiza ten un mellor comportamento que no conxunto do Estado, cando todos os datos indican que nos últimos catro anos o paro en Galiza medrou por riba da media estatal.

Pero, evidentemente, ten razón nunha cousa: aínda así –porque a posición de partida era moito mellor nese aspecto– a taxa de paro segue por baixo da media estatal. ¿E sabe por que acontece iso, señor Feijóo? Porque a xente emigra, (*Aplausos.*) porque os mozos e as mozas emigran –a ver se se entera dunha vez, señor Feijóo– e non computan nas cifras de paro. Polo tanto, non falte ao respecto aos parados, porque non estamos falando de frías cifras. Detrás das ducias e ducias de miles de parados, agóchanse auténticos dramas persoais.

¿Pero como vai vivir Galiza do que produce se vostede acepta como normal que o futuro do noso sector naval, do noso agro, do noso sector pesqueiro, do noso sector financeiro, se decida en Bruxelas e en Madrid, sen que en Galiza sequera poidamos codecidir; se non aspira a que Galiza, por poñer un exemplo, poida deseñar a súa propia política enerxética, a súa propia política tarifaria? Resulta que Galiza produce máis enerxía eléctrica da que consome, exportamos electricidade; son multinacionais quen explotan os nosos recursos naturais, moitas veces ao amparo de títulos concedidos polo franquismo, e é o Goberno español quen fixa o prezo da electricidade, unha tarifa única para todo o Estado, en prexuízo de Galiza, dos seus consumidores e das súas empresas. Se Galiza ten que vivir do que produce, o que é necesario é modificar estas políticas e que en Galiza poidamos deseñar políticas propias que poñan en valor os nosos recursos e desenvolvan as nosas capacidades produtivas, señor Feijóo.

Pero mire, señor Feijóo, mentres o país se destrúe, vostede empéñase en contarnos o conto da boa pipa. A súa política non conduce máis que á resignación e á abulia do pobo galego. O seu único obxectivo é anular calquera pretensión do pobo galego a sentirse capaz por si mesmo. Para vostede Galiza non ten nada que reivindicar, non ten nada que reclamar. Díxoo claramente nunha entrevista antes da campaña: a súa principal preocupación é que Galiza non sexa un problema para España, non é resolver os problemas do país.

Mire, señor Feijóo, vostede escúdase en Galiza pero vostede non cre en Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Pois ben, señora presidenta, señorías, para empezar rectifico o da cámara de gas. Aínda non estamos nunha cámara de gas, agora asegúrolle que isto é unha cámara de tortura, (*Aplausos.*) porque chegar aquí a escoitar, tendo que aturar que vostede suba a esta tribuna para facer toda unha demostración na práctica daquilo que Eduardo Galeano describiu perfectamente no seu libro: o mundo ao revés patas arriba, francamente, é unha tortura para calquera que teña o máis mínimo indicio de sensibilidade ética.

Vostede recriminoume por falar de franquismo sen Franco. Óllese no espello, vostedes son o franquismo sen Franco, incluída esa claqué que lle aplaude a cada pouco. (*Aplausos.*) Só lle falta dicir: “Franco, Franco, Franco, grazas a ti, grazas a ti, grazas a ti”. É grotesco; sería grotesco se non fose trágico, porque é unha traxedia para este país.

A ética como fundamento da política, nós profesamos o principio de que a ética ten que estar por diante e como fundamento da política, e practicámolo; pois vostede é a representación perfecta da antítese da ética como fundamento da política. Tanto embuste debiera ser causa de inhabilitación, porque é a peor forma de corrupción que hai na política. A peor forma de corrupción non é comprar políticos con cartos, porque, ademais, se hai corrupción porque os políticos déixanse comprar con cartos, é que hai corrupción na sociedade que compra os políticos; hai corruptores e corruptos. Eu estou en contra, nós estamos rotundamente en contra tanto duns coma doutros. O que pasa é que os focos van sobre uns e non sobre outros case nunca. Pero a peor forma de corrupción é converter o embuste na máxima e na retórica fundamental de calquera discurso e, sobre todo, de calquera práctica política.

Vostede sistematicamente está incumprindo todos os compromisos electorais, vostede sistematicamente está facendo todo o contrario do que di aquí que vai facer e do que leva feito. Por certo, ás veces isto convértese nunha regueifa entre uns e outros, a ver quen o fixo peor. ¡Pero se os cidadáns xa saben que está moi mal! E a responsabilidade de que estea mal, no que atinxe á política, é dos que estiveron gobernando; nós non estivemos gobernando. (*Risos.*) Non, eu non estiven gobernando.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO:... E non me fagan perder o tempo con réplicas “al auditorio”. ¡Só faltaría! (*Risos.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO:... A non ser que pensasen que eu gobernaba por detrás. Non teño tanto poder.

Nós estivemos batallando sempre, os que estamos no grupo da Alternativa Galega de Esquerda estivemos batallando na sociedade civil, que é onde se fai a política para que aquí poida haber política de verdade. Vostedes fan a política sen contar para nada coa sociedade civil, reparten estupefaciente en avionetas como se fumigasen campos de monocultivo de algodón; (*Risos.*) é o que fan con este país, e despois presumen dos votos que teñen. Eu nunca cuestionei –¡nunca!, ¡nunca!, e perdín moitas eleccións como candidato á presidencia da Xunta– os resultados electorais, outra cousa é ser capaz de analizalos sociopoliticamente e socioideologicamente.

E, mire, hai unha cousa que a min me parece absolutamente inconcibible: vostede empezou aquí xa falando de respectar, acaba de dicir –vostede di “respecto” a cada pouco– que respectaba as intervencións da oposición; pois as súas réplicas foron unha ofensa á intelixencia da oposición, e iso é a peor forma de irrespecto que existe, que eu saiba.

Os cidadáns que protestan, que se mobilizan; os cidadáns máis activos; os cidadáns que non ceden ao medo, ás coaccións, ás coercións, a que os boten –agora co despido libre– a cano libre, que aínda así fan folgas, que perden os seus cartos cando fan folgas; os cidadáns que protestan na sanidade pública, que elaboran alternativas viables para a sanidade pública e non esa barbaridade que están a facer vostedes –tartufamente, por riba–; eses que se arriscan a exercer como cidadáns, ¿que pasa?, ¿protestan por capricho?, ¿protestan porque teñen inquina contra vostede? ¿Cre que é vostede tan importante como para que os cidadáns lle teñan inquina? Os cidadáns considéranos a vostede un mal vendedor de Coca-Cola, que perdeu o seu posto de traballo máis interesante; dicíamo –xa o dixen o outro día nas cámaras– un carpinteiro da redonda; dicía: “Ese home, dende logo, para vendedor da Coca-Cola non tería prezo. Vender unha cousa

que custa dous reais como moito como se fose o viño mellor de todo o país”.

Desprezan os cidadáns, vostedes desprezan os cidadáns, vostedes din que teñen a maioría social, vostedes traducen votos en grupos sociais e en conciencia social, vostedes fan todo o posible para erradicar de toda a cidadanía a súa conciencia de identidade nunha clase social, nun grupo social, e a súa conciencia de identidade nun pobo; despois arrecadan votos e din que ese é o sentir maioritario. Para empezar, a súa porcentaxe non é maioritaria, e vostedes seguen a perder apoios constantemente na abstención. O que pasa é que vostedes sabían moi ben que se convocaban as eleccións desta maneira, despois do que pasou durante a pasada lexislatura, a abstención ía ser máis do bando de acó, porque a cidadanía crítica é a que máis esixe, polo tanto abstense máis cando renega dos políticos. A súa, moitas veces tan manipulada, controlada socialmente nas parroquias e nos colexios,... *(Murmurios.) (Risos.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO:... controlada socialmente,

A señora PRESIDENTA: Silencio.

O señor BEIRAS TORRADO:... controlada no medio rural.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor BEIRAS TORRADO: Mire: pregúntenlle vostedes a calquera dos uxieres que vivan na redonda rural de aquí, pregúntenlle á xente. Vostedes non falan coa xente, nada máis que falan coa comitiva, e así non se fala coa xente. E como “el emperador va desnudo” e ninguén llo dicía, porque, naturalmente, ninguén se atrevía... Pero ía en “pelota picada”, *(Aplausos.)* e alguén llo dirá; estallo dicindo a xente que se mobiliza, que vostede está espido.

Vostedes din que nós prometemos, que eu fixen unha gabanza da Constitución. Eu mencionei... Ben, eu prometín a Constitución aquí, pero eu prometín a Constitución aquí durante vinte anos, e defendina sempre –eu, que non a votei–. A miña xeración –a maior parte– non votou a Constitución; a miña xeración, que estaba contra o franquismo. Os que viñeron despois “chuparon do bote” de todo o que

conseguiramos os que estivemos pelexando e todos os que foron á cadea, todos os que morreron polo camiño; eses que viñeron e aquí non pasou nada. E isto veu dado de gratis, e utilizan as institucións libres para convertelas nesta cousa que é hoxe o Parlamento de Galicia grazas a vostedes. Naturalmente que defendemos a Constitución despois; ¡claro!, fronte a vostedes, que a violan todos os días.

Hoxe, repasen vostedes o título I da Constitución, a maior parte dos artigos están abrogados pola vía de aplicación. E por iso citei o que establecen as bases da xustiza, do aparato de xustiza. Pero na Constitución tamén se di que hai que lograr o pleno emprego, e vostedes dan cano libre para despedir, incluso anticipadamente por risco de que a empresa vaia mal.

Na Constitución dise que o sector agrario terá que ser obxecto dunha política preferente para lograr a igualdade e o desenvolvemento equilibrado, e vostedes fan todo o contrario. O sector pesqueiro, ¡que lles vou dicir! A construción naval, ¡pero non me veña...! Vaia vostede ás gradas; se se atreve, vaia vostede a Navantia, fálelles aos obreiros. ¡Se vostedes tiveron que facer en Ferrol a súa campaña en estado de sitio, protexidos pola policía! ¿Contra que?, ¿contra energúmenos terroristas?, *(Murmurios.)* ¿contra unha moitedume? É verdade, e vostedes acabarán esta lexislatura facendo a política en estado de sitio polos cidadáns, que estarán fartos de velos diante –os cidadáns activos, os cidadáns que exercen como tal–. E ese é o seu destino, vostede fixo a súa segunda intervención coa ollada posta en Madrid, como autopromociándose para Madrid. ¡Vai chegar tarde! Porque é moi probable que este réxime non dure catro anos máis, grazas, entre outras cousas, ás que fan vostedes.

E remato, señora presidenta, coa venia, se me dá un minuto máis.

En primeiro lugar, os economistas máis serios, e non marxistas-leninistas –Stiglitz, Paul Krugman, James Galbraith, etc.–, están dicindo por todas partes que as políticas que se aplican na Unión Europea, procíclicas, son a barbaridade máis grande, agravan a situación. Cando vostedes recortan dotación de recursos públicos para todo o que denunciámos nós –e iso fano para poder pagar unha débeda; que, por certo, a débeda pública, cando empezou a crise era moi baixa e agravouse porque con cartos públicos houbo que pagar a débeda e os buratos negros dos bancos españois, que

á súa vez son para tapar os buratos negros da banca alemá—están vostedes creando débeda, están creando un ciclo infernal do que non é posible saír. É como se un físico saíse hoxe dicindo que a teoría da relatividade de Einstein é unha animalada ou que a teoría dos cuantos de Max Planck é unha animalada; os físicos, a comunidade de físicos meteríao no manicomio por perigo para a humanidade. Pois, en cambio, na economía son os seus asesores. O que dixo Stiglitz: son zombis que non se resignan a asumir que están mortos.

Agora, ¿diálogo sobre propostas concretas? A prol dos cidadáns, contará con nós, por suposto. Nós non somos de “piñón fijo”, nós vimos aquí defender os cidadáns do común e estamos convencidos de que vostedes fixeron unha política contra os cidadáns do común, e parece ser que van continuar facendo contra os cidadáns do común. Díxenlle na primeira intervención: vostede pode pegar unha virada de cento oitenta graos na súa política; non en todo, pode facela coa súa ideoloxía, pero a favor dos cidadáns, non simulando que foron os cidadáns e a favor dos poderosos de sempre ou dos delincuentes de sempre —delincuentes, os que estafan as arcas públicas, Botín e compañía—. Se o cambia e as súas propostas van nesa outra dirección, claro que vai contar co noso apoio. É inverosímil, pero vai contar.

Agora, se son políticas a prol dos seus amos, evidentemente non vai contar connosco; como, por exemplo, as propostas de leis que xa anunciou. ¿Non lles valen as que existen? ¿A Lei de montes en man común, figura xermánica, etc., que se van cargar vostedes coa Lei de montes, ou que xa se cargaron?, ¿a Lei de augas, que privatiza todo, incluso as da choiva?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor BEIRASTORRADO:... ¡Nun país onde a xente tivo que facer as súas traídas veciñais!, e que as declaran propiedade pública nunha empresa aínda non privatizada de todo, pero que se rexe xa polo dereito mercantil. A Lei de costas do Estado, pero da súa maioría. A Lei de familia, reaccionaria. Vostedes queren facer outras leis porque non lles parecen suficientemente reaccionarias as existentes. Pois aí non, non van contar con nós; nin aquí nin fóra, ¿estamos?

E non vou dicir aquilo de que mentres vostedes discuten aquí pasará coma o 17 de outubro, ¿non? Alá, chamábase San Petersburgo ou Petrogrado, estaban na Duma discutindo

e de repente entra un e di: “Acabamos de asaltar o Palacio dos Tsares”. Non, non somos violentos, pero a xente vains situar en estado de sitio, e van “saír por pernas” de aquí. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Boas tardes, señora presidenta, señorías.

Despois da intervención que escoitei esta mañá na réplica, sorprendeume, señor Feijóo, o seu ton; un ton no que parece como se quixera un debate sen debate. Vostede —díxenllo na primeira intervención e repítollo agora—, a súa maioría absoluta outórgalle a responsabilidade de gobernar, pero non garante que vaia facer vostede un bo goberno durante estes catro anos; esa é a clave, a clave deste debate é que nós temos que vir aquí aportar propostas para tratar de sacar adiante este país, e vimos facelo —eu creo— cun ton razoable, dialogante, co mesmo ton que adoptou vostede cando lle enchufaron o directo na anterior intervención, *(Aplausos.)* que se notaba perfectamente que era o ton co que se estaba dirixindo vostede. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, está ben, está ben.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. Silencio.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, hai que vir aquí falar de verdade co corazón e dicir as cousas que se senten. E eu vouto recoñecer, mire: o que non podemos é empezar unha nova lexislatura se volvemos empezar dicindo cada un cousas que non son certas. Vostede retorce sistematicamente os datos do paro. Mire: os datos do paro, perdoe o que lle vou dicir, a ver se explicándollo doutra maneira conseguimos poñernos de acordo. Nós gobernamos catro anos, e cando nós gobernamos, cando deixamos de gobernar aos catro anos, había cincuenta mil galegos e galegas máis traballando que cando chegamos. E vostede acaba agora catro anos, e cando acaba os seus catro anos hai cento vinte mil oitocentos galegos e galegas menos traballando que cando empezou a gobernar, ¿vállelle así?, ¿vállelle así? Eu pídlle a Galicia que comprobe alguén se iso é certo ou non, conselleira, porque é que, se non, retorcemos tanto que non é así.

Mire: en definitiva, medrou o desemprego en España o 40 % e en Galicia o 72 % ao longo destes catro anos; pero imos máis alá.

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señor Vázquez, ¿pode colocar ben o micro? Porque din que non se lle escoita ben. Fale de cara ao micro.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Si, grazas.

Deixemos xa se subimos ou baixamos. Imos entrar no ano 2013 con 300.000 galegas e galegos en desemprego. Eu dígo-lle que estamos dispostos a traballar para conseguir entre todos xerarlle unha esperanza e unha ilusión a esa xente e, sobre todo, un emprego, pero non empeceamos falando de cousas que non son certas. Vostede sobe a esta Cámara e retorcede datos. Mire, faloume de 19 centros de saúde que dixo que construíra na anterior lexislatura. Agradézollo. Deu os nomes. Pois eu emprazo a todos os galegos e galegas a que collan eses nomes e fagan o que fixen eu nuns cantos nos que me deu tempo: que miren cando se contrataron e por quen se contrataron. Porque é mentira que os contratara vostede. Vostede inaugurounos, si, pero fíxoos e contratounos o Goberno anterior. *(Aplausos.)* Si, si, si, perdón, perdón. Pero, se falamos de cousas que temos aquí... Perdón, non se poñan nerviosos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Vilar de Santos, licitado no 2007; San Paio de Navia, licitado no 2008; Ames, licitado no 2008; Oroso, licitado no 2008... ¿Pero de que falamos? Claro, é que digamos a verdade. Se quere falar de centros de saúde tamén eu lle dou aquí un dato; doulle os 50 que publicaron vostedes nos orzamentos 2000-2011, os 50 que non fixeron. Estes 50 que están aquí –tamén llo podo entregar– son os que vostede licitou..., perdón, presentou no orzamento e non chegou nin a licitar.

Pero, en todo caso, mire, imos falar e aproveitar o escasísimo tempo que temos. Vostede segue co tema de Astano, de Pemex... Eu non quería falar de Pemex, pero se fala vostede de Pemex... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, se fala vostede de Pemex, voulle falar de Pemex.

“Pemex Exploración y Producción anuncia una licitación por invitación restringida a varias empresas: Mexicana

TMM, PMI con Astilleros Españoles, Goimar y otras”. ¿Hai licitación restrinxida e estamos niso ou están adxudicados os floteis? Nove de novembro, ¡eh! Entón, eu o que lle pregunto é: ¿quen conta a verdade, Pemex, Exploración y Producción, ou vostede? Se é certo, saque os contratos dunha vez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ensine os contratos dunha vez e, se non, cale. *(Aplausos.)*

Mire, dixo vostede, señor... Claro, pero estamos falando de datos, de citas e de datas. Polo tanto, déixese xa de falar de intanxibles e poñamos encima da mesa as propostas e documentos. Eu póño-lle un, póño-lle un do 9 de novembro publicado en México: Pemex Exploración y Producción.

Mire, o tema de Astano é moi fácil, suba aquí na réplica e diga que lle vai facer o dique flotante. Diga que vai o dique flotante e xa verá como quedan moito máis tranquilos que falando de temas abstractos.

Di vostede que no tema dos medicamentos tomou decisións para aforrar os cartos dos galegos e non das farmacéuticas. Non, non, non. Tomou decisións para que os galegos pagaran cos seus cartos os medicamentos que antes non pagaban. Si, tomou, tomou decisións, para que os galegos pagaran un copago nuns e que pagaran todo noutros. Porque sacaron 417 medicamentos que antes non se pagaban e que agora hai que pagalos integramente. Claro, é que imos dicirlle as cousas de verdade. Vostede sabe que o ano que aplicou vostede o Catálogo de medicamentos aforraron o 12,6 e todas as comunidades que non o aplicaron aforraron o 12,9. Claro, non conte cousas que están escritas... Si, si. Iso pono nos datos de aí.

¿Quere axuda? Mire, eu voulle dar axuda toda a que me pida, señor Feijóo. O Partido Socialista quérelle axudar a sacar adiante este país. Pero a axuda hai que saber a quen se manda. No sector lácteo, ¿sabe a onde mandaron vostedes as axudas? Voulle recordar: Alimentos Lácteos, cooperativas vinculadas ao Partido Popular, que lle deu dous millóns o Igape e 3,5 millóns XesGalicia. Hoxe non ten leite, está practicamente en suspensión de pagos, pero, iso si, as axudas déronse-lle naquel momento. Entrepinares, queixería de Burgos que leva 6 millóns de euros e recolle escasamente a 100 gandeiros deste país. Pero para crear o Grupo Lácteo non había cartos, para crear o Grupo Lácteo, que naquel momento unía a todas as cooperativas galegas, non había

cartos. En todo caso, se o hai agora, chámenos, sentamos e falamos para sacar adiante un grupo lácteo galego.

Mire, se hai algo que me deixa preocupado desde que o escoitei á mañá a este momento é o Banco de España. O Banco de España imaxino que ten nomeado o seu presidente polo Partido Popular. Permítame que lle lea uns teletipos que acaban de chegar: *“El Banco de España tumba el plan de Castellano y subastará Novagalicia”*. *“El Banco de España afirma que Novagalicia se venderá a otra entidad mediante subasta”*. *“Cataluña Bank y Novagalicia tendrán un dueño nuevo antes de este próximo verano”*. *Cataluña Bank y Novagalicia serán vendidas antes de este próximo verano”*. *El Banco de España dice que Novagalicia tendrá que ser adquirida por otra entidad mediante subasta. Sostiene que no acepta el plan de captar inversores privados”*. Isto é de hai media hora, ¡eh! Isto é de hai media hora.

Eu pregúntolle a vostede: creo que hai que chamar ao Banco de España; creo que ten vostede que chamar ao Banco de España e, unha de dúas, ou desmentir estes teletipos ou non pode ser que neste momento esteamos escoitando polo presidente de Galicia hai hora e media que imos sacar adiante este banco nos próximos cinco anos e que todos os periódicos galegos estean abrindo neste momento as súas páxinas na rede dicindo que o Banco de España subastará antes do verán Novagalicia Banco. Polo tanto, concédolle o beneficio da dúbida. Eu estou preocupado. Eu son dos que lle brindo o meu apoio e o apoio dos socialistas galegos para dar unha batalla e que o Banco de España non permita a venda desta entidade unha vez que metemos nela máis de 9.000 millóns de euros de todos os cidadáns deste país.

Quédame pouco tempo, señor presidente. Fala vostede de que lle fagamos propostas. ¡Pero se eu quero facerlle propostas! Eu pídlle: sexa valente. Vostede reconece comigo algo que o ten que recoñecer nesta Cámara. Iso de facer máis con menos é un conto. Para facer máis hai que ter máis. Si, si, conselleira; si, conselleira. Para facer máis hai que ter máis ingresos. Para facer máis emprego, conselleira, hai que ter ingresos para crear emprego. Para sacar adiante inversións en sectores estratéxicos hai que ter máis recursos, e iso chámase “nova fiscalidade”. Vostede dicía “propostas para nova fiscalidade”. Permítame que lle recorde unha: sexa valente, impostos á banca sobre depósitos. Sexan valentes e fagan como fai Estremadura, como fai o presidente do Par-

tido Popular de Estremadura, non é nada raro. Impostos á banca sobre depósitos que non se poden repercutir aos usuarios, onde fallou o Constitucional, onde xa nin está recorrendo a banca en Andalucía, onde non recorreu a banca nin en Canarias. Iso xera millóns de euros, si, para reinvestir nunha economía produtiva.

Señor conselleiro, señora conselleira, señor presidente, impostos ás rendas máis altas no tramo do IRPF, impostos e aumento da fiscalidade a grandes patrimonios; impostos ás grandes áreas comerciais e reinvestímolos en pequeno comercio; impostos a empresas con contaminación medioambiental. Claro que queremos axudar, claro que queremos traballar para sacar adiante este país. Pero, señor presidente, señor candidato, os cartos hai que sacalos de onde os hai. Os cartos non hai que sacarllelos aos pensionistas que teñen as pensións máis baixas de España, os cartos non poden sacárselles aos estudantes nas taxas universitarias, os cartos non poden saír das rendas baixas que non conseguen chegar a final de mes. E toda a liña argumental dos próximos catro anos, cando se le a letra pequena do que vostede propón, é converter en responsables desta crise as vítimas desta crise. Ese é o gran cambio que nós lle queremos propoñer aquí.

¿Quere falar de axudas, de traballo e de propostas de emprego reais? Conselleira, pois empeceamos por poñer recursos e dicir de onde saen. Hai un plan público de crecemento para crear emprego, ¿con que? ¿De onde van saír os cartos?, ¿do déficit cero?, ¿de menos ingresos?, ¿da caída de fondos europeos? Claro, é que milagres non hai.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: —Remato, señora presidenta—.

Polo tanto, considere que hai un apoio cando vostede queira do Partido Socialista. Eu creo que o drama que está vivindo este país... Nós queremos sacar adiante este país, pero haberá que falar de poñernos de acordo nalgunha cousa; nalgunha cousa, non vir aquí e dicir que hai un plan cazatalentos. Oia, pero non, os talentos non se cazan, créanse; os talentos prodúcense en innovación, en investigación e en universidades, e para iso topará sempre o apoio do Partido Socialista.

Quero rematar e non lle roubo nin un segundo. Señor Feijóo, señores deputados do Partido Popular, todos lle queremos a

este país, todos queremos sacar adiante este país; nós queremos traballar para que esta Cámara, Cámara da soberanía popular do pobo galego, nos permita traballar por este país, pero déannos unha oportunidade: a oportunidade que é sentar e repartir a carga do momento máis difícil naqueles que máis teñen. Cando así o fagan, señor Feijóo, topará a colaboración dun Partido Socialista de Galicia que polo único que estará traballando estes próximos catro anos será para serlles útil a Galicia, ás galegas e aos galegos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Puy Fraga.

Señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas.

Boa tarde, señorías.

Señor Jorquera, é certo que o debate de investidura é para debater as propostas que fai o presidente. De feito, vostede fixo mesmo tamén algunha alternativa sobre a que eu quixera centrarme. Agora, eu creo que se hai un goberno que non enganou, que presentou un programa no que ía o rigor, no que ía o mantemento da estabilidade orzamentaria e ademais non só fixo iso, senón que presentou a todos os responsables da execución dese programa na lexislatura pasada nas listas electorais foi o Partido Popular. Dicir que hai un engano é certamente algo sorprendente porque o que dixo o candidato na súa investidura (*Aplausos.*) e mesmo os que o defenderon na lexislatura pasada estaban nas listas que votou o pobo galego.

Vostede, efectivamente, fixo unha referencia á política fiscal e propuxo un sistema de cupo. Isto xa se debateu moitas veces nesta Cámara e vostede sabe perfectamente que o sistema de cupo sería para Galicia realmente suicida porque non hai nin un só estudo que diga que o balance fiscal de Galicia co resto do Estado é favorable a Galicia, cousa que si podería ocorrer en Cataluña. Non hai nin un só balance fiscal... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PUY FRAGA:... que demostre o que vostedes están a dicir.

Vostedes queren que subamos o imposto sobre a renda en Galicia, pero ao mesmo tempo critican porque o Partido Popular a sobe en España, cando é un imposto redistributivo; é moito máis lóxico subilo no espazo do mercado máis superior. Pero é que, ademais, tamén deturpan a realidade, porque, cando din que nós estamos facendo políticas que favorecen os ricos, quero dicirlle, lembrarlle – estaba vostede no Parlamento cando se aprobou o orzamento, os orzamentos, o proxecto de orzamentos do último ano–, que 2.600 millóns de euros os van pagar as grandes empresas; case 825 recaen sobre as loterías; no IRPF suprimimos unha vantaxe fiscal para as plusvalías a curto prazo no imposto sobre a renda, outros 90 millóns de euros; e 700 millóns de euros do imposto sobre o patrimonio. Claro, debe ser que isto é gravar aos pobres, gravar ás clases traballadoras e non ás grandes empresas, non aos grandes patrimonios; é unha solución moi redistributiva.

Eu concordo co que di Stiglitz. Efectivamente, hai que gastar, hai que gastar. Pero o que di Stiglitz non é que hai que gastar a nivel autonómico, non é que hai que facer un déficit fiscal a nivel autonómico, non é que hai que endebedarse a nivel autonómico, non é que hai que endebedarse a nivel autonómico, senón que está falando mesmo de nivel europeo, das políticas comunitarias. (*Murmurios.*) E niso certamente non só estamos de acordo, senón que vostedes o pouco que lean a prensa verán que o Goberno español do Partido Popular está cuestionando o orzamento europeo precisamente porque é pouco investidor.

Se seguimos coas cifras, sería bo que dixera que o saldo migratorio descendeu en toda España e que, se collemos o saldo migratorio interior, o que fai Galicia con relación ao resto das comunidades autónomas, no que son os movementos migratorios internos dentro de España, é captar: veñen máis persoas a Galicia das que marchan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, entón, hai un problema, hai un problema de migración en España que ten que ver cos procesos inmigratorios anteriores. Pero no saldo inmigratorio interno un pode chegar a dúas conclusións, se me apura: unha conclusión é que Galicia é máis atractiva para o resto

dos españois que a comunidade na que residen, ou tamén que veñen aquí manifestarse porque están todos indignados contra Feijóo. Eu creo que é máis ben a primeira alternativa. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O que eu creo que é ver o mundo do revés é facer anti-franquismo sen Franco. Iso a min sí que me parece realmente grotesco: facer antifranquismo sen Franco. E dixen eu esta mañá que me parece que é insultar a memoria dos que loitaron e foron perseguidos na ditadura franquista comparar a situación actual coa situación que había no franquismo. De entrada os militantes do Partido Comunista poden reunirse na Cámara que representa a todo o pobo galego en vez de estar como estaban no franquismo na cadea. É unha diferenza moi substancial. Pero, bueno, vostedes... *(Aplausos.)* Ata na análise marxista se sabe que a democracia burguesa é un estadio superior ao que era o réxime autocrático anterior.

Ben, din que non cre en Galicia o noso candidato, ao que imos apoiar. Pero, ¿quen cre en Galicia?, ¿o que cuestiona a vontade do pobo galego?, ¿ese é quen cre en Galicia? Acaba de haber unhas eleccións nas que o Partido Popular obtivo máis votos que todos vostedes xuntos, e vostedes din que non cremos en Galicia. ¿Ou é que non cre en Galicia o que di que hai cidadáns de primeira, que son os que votan o señor Beiras, e cidadáns de segunda, que son os que votan o PP? *(Aplausos.)*

Mire vostede... *(Aplausos.)*, eu creo que hai unha diferenza entre un liberal e unha persoa que está pensando en San Petersburgo e na Revolución do 17. É que eu tamén respecto os que se mobilizan e creo que son tan cidadáns de primeira coma os que votan o Partido Popular.

Señor Vázquez, imos ver, vostede leu uns teletipos de hai dez minutos... *(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, por favor, non ten a palabra. Está falando o señor Puy.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Beiras, non ten a palabra. Está falando o señor Puy.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señor Beiras! Sente, señor Beiras. Faga o favor, que non ten a palabra, respecte o uso da palabra.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Por favor, señor Beiras!

Silencio, por favor.

Pode continuar, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Desculpe, señor Beiras, se hai cidadáns que votan o Partido Popular porque están narcotizados polas políticas do Partido Popular, eu entendo que hai unha diferenza entre un votante narcotizado e un votante liberado que vota a Alternativa. Pero eu non vexo esa diferenza, porque estou seguro de que todos os que votaron o Partido Popular o fixeron no mesmo nivel de conciencia e sen ningún tipo de narcóticos, igual que os que o votaron a vostede, exactamente o mesmo. *(Aplausos.)*

Ben, leuse aquí un teletipo que facía alusión ao Banco de España, catro teletipos que alegan fontes do Banco de España. A min gustárame ler a nota pública do Banco de España, porque nesa nota non se di que se vai vender senón que se aproba o plan de recapitalización, de reestruturación, presentado pola entidade. E nós confiamos en que ese plan permita que os actuais xestores consigan os fondos suficientes para substituír o capital público e que consigamos manter iso. Vostede faise eco dos rumores que saen en teletipos, e eu doulle máis credibilidade á nota oficial do Banco de España, que é de onte, que foi no momento en que se aprobou o plan de reestruturación. Bueno, se vostede cre que o Banco de España onte aprobou unha nota na que di que aprobou un plan de reestruturación e hoxe desde o Banco de España poden saír rumores de que non se aproba o plan de reestruturación, pois aí podo ata comprendelo, porque desde o Banco de España pode saír calquera cousa despois do que vimos nos últimos tempos.

O que si quería recordarlle é que o de facer máis con menos, aínda que non tan depurada tecnicamente como a definición

de Pareto do que é a eficiencia, aseméllase bastante ao que é a eficiencia. Se vostede di que é imposible, que é un mito o de facer máis con menos, é que renuncia directamente á eficiencia. E certamente os socialistas tamén teñen demostrado moitas veces que non son capaces de facer máis con menos, senón todo o contrario, o que adoitan é facer moito menos gastando moito máis. *(Aplausos.)*

Para concluír, eu quero, desde o máximo respecto aos electores e a todos os membros desta Cámara, reiterar a nosa oferta de entendemento. O presidente e candidato á investidura, a renovar o posto da presidencia, dixo e concretou oito temas –os fondos europeos, o financiamento autonómico, a reforma do fondo de compensación interterritorial, o pacto polo territorio, o tema financeiro, os servizos públicos, o mapa municipal e a modernización do sector público– co fin de mellorar a situación. Eu quero, en nome do Grupo Popular, reiterar esa oferta de entendemento, unha oferta de entendemento que vai máis aló loxicamente dos grupos políticos desta Cámara e que se estende a todas as asociacións sociais, aos representantes dos traballadores –cos que esperamos seguir facendo concertación social–, aos representantes dos empresarios e, por suposto, ao conxunto das administracións do noso país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o candidato a presidente da Xunta de Galicia, don Alberto Núñez Feijóo.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Jorquera, creo que coñece un pouco o Regulamento da Cámara e, como vostede sabe, o que fai a presidenta efectivamente é propoñer un candidato, despois de evacuar as consultas cos grupos parlamentarios. Polo que sei da entrevista que mantiven coa presidenta no seu despacho, antes de propoñerme como candidato, parece ser que ningún grupo distinto ao Partido Popular plantexou un candidato á Presidencia da Xunta. E por iso, señoría, coñece o Regulamento e espero que vostede se vaia adaptando a ese Regulamento. *(Aplausos.)*

Señoría, tamén é verdade, señor Jorquera, tamén é verdade, que non me estraña. Imaxine vostede cal sería o candidato dos tres partidos que conforman a oposición. ¿Vostede estaría disposto a apoiar un candidato que ten na súa ringleira, na súa fila? ¿O máis próximo ou o máis afastado? ¿A cal deles? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Comprendo, en consecuencia, señoría, que o único candidato que se presenta para presidente da Xunta é o único candidato no que está de acordo a Cámara, vótase a favor ou vótase en contra, pero non hai outro, señoría, e iso creo que é moi importante. Non hai outro porque os galegos o decidiron así, non porque vostede e eu teñamos algún problema en entendernos.

Señoría, eu non sei quen vai ser o xefe da oposición, pero acepto a calquera deles. Si me gustaría que houbera un. Por iso non repartirei en ningún caso o cargo de xefe da oposición, espero que entre vostedes se repartan o cargo de xefe da oposición. Se é posible un, sería mellor para entenderse; se non é posible, entenderémonos cos tres, de momento.

Señoría, vostede está a favor de referendos, e di que hai que facer unha democracia máis participativa e hai que votar moito máis, e quere pedir un referendo –entendín– de autodeterminación. Sen embargo, vostede está en contra dunha cuestión moi sinxela, que é preguntarlles aos pais como queren que aprendan a ler os seus fillos en educación infantil. *(Murmurios.)* Está en contra diso. *(Aplausos.)* Nin sequera lles podemos preguntar aos pais como queren que aprendan os seus fillos a escribir e a ler, está en contra diso, bueno...

Señoría, para iso non fai falta un referendo, é simplemente preguntarlles na matrícula... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... qué é o que opinan. Non teñamos medo ao que opinen os galegos, señor Jorquera, porque niso consiste xustamente a democracia.

Di vostede, señor Jorquera –dígollo co máximo ánimo construtivo, como é natural–, que se fixeramos un referendo sobre as políticas económicas e as políticas sociais... É que o acabamos de facer, hai 39 días que fixemos esa consulta. E a consulta é tan clara, é tan contundente, que non me explico como unha persoa tan sensata coma vostede non

entendeu que foi o que dixeron os galegos. Os galegos dixeron que están de acordo no equilibrio das contas públicas e en blindar os servizos públicos. E iso foi o que nos deu a maioría máis importante dos últimos doce anos en Galicia.

Señoría, as eleccións claro que son importantes, é que por iso estamos aquí. Non estamos aquí simplemente porque vostede cre que ten a razón e os señores desta bancada sexan señores menos galegos, que queren menos a Galicia, que non se senten tan galegos coma vostede. Pero ¿é que acaso os galegos non son quen e non son donos do seu futuro? Señoría, vostede di do dereito á autodeterminación e vostede levábo no seu programa electoral, e sacou o que sacou. Parece ser que hai outro grupo ou coalición que non sei se o levaba ou non o levaba. Admitindo que o levara tamén –aínda que non sei exactamente cal é a súa proposta de momento–, digamos que hai 16 deputados a favor do dereito á autodeterminación e 59 deputados en contra do dereito á autodeterminación; polo tanto, este debate está zanzado. E está zanzado porque levamos nove lexislaturas consecutivas dicindo que Galicia é unha nacionalidade histórica que forma parte do Estado das autonomías e que España é unha nación desde hai cincocentos anos. E isto é o que fixemos nós e o que fan os galegos cada vez que votan. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Fernández, chámoo á orde.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... di vostede que non plantexamos conflitos cando pensamos que hai algún incumprimento do noso dereito estatutario, que emana da Constitución, efectivamente. Mire, nós plantexamos oito requirimentos, sete comisións bilaterais, sete conflitos positivos e cinco recursos de inconstitucionalidade. ¿Sabe cantos plantexou o bipartito cando gobernaba? Un, señoría. É certo que cando gobernaba o bipartito aquí tamén apoiaban en Madrid; e é certo, señoría, que daquela vostedes defendían Galicia e agora resulta que cando chega a hora da verdade nós plantexamos os conflitos que consideramos oportunos. E acabo de plan-

tear un recurso de inconstitucionalidade cun goberno que apoia un partido no que milito. Porque a partires desta tarde non teño máis compromiso que con Galicia, señoría, e o meu partido –ao que respecto e sei perfectamente que estou aquí grazas ao seu apoio– a partires desta tarde, señoría, o meu partido só ten un nome, Galicia, nada máis. Nada máis, señoría. E se vostede quere militar nese partido seguro que haberá cuestións nas que nos podemos entender, vou intentalo. No partido de Galicia, por suposto, señor Jorquera, creo que vostede é moi necesario neste momento no BNG, pódo-llo asegurar. (*Aplausos.*)

Señorías, vostede pódeo imaxinar, teño respecto por esta Cámara e por todos os seus integrantes, ata aquí poderíamos chegar. Sei que para ser presidente da Xunta teño que ser deputado e, polo tanto, todas as señoras e señores deputados teñen o mesmo respecto que creo que debo ter eu. En todo caso, cada un ten e é dono das súas palabras e é absolutamente propietario tamén dos seus silencios. Non sei se isto é unha cámara de gas ou se converteu nunha cámara de tortura, o que si sei, señoría, é que moito lle gusta a vostede esta Cámara. (*Aplausos.*) Porque cando eu ía xa á universidade xa estaba vostede na Cámara, vai levar –se non me fallan as contas– uns vinte e catro anos na Cámara, máis ou menos a metade da miña idade. Polo tanto, se tan mal se está, se vostede cre que isto non representa a democracia en Galicia, se vostede é capaz de dicir que esta é unha cámara de tortura, non entendo, señoría, por que se quere torturar tanto. (*Aplausos.*)

O que si lle digo, señoría, é que as discusións de ética, as que queira, cada un sabe de onde ven, sabe cales son as súas orixes e sabe o que lle custou estar aquí. Polo tanto, se quere vostede falar de ética e de orixes, e de clases sociais, se lle parece a vostede ben este discurso –aínda que non lle interesa, por suposto, á maioría dos galegos– podémolo ter cando queira. Pero eu sei o que me custou a min e á miña familia que eu estivera aquí; hai outros aos que lles custou menos, sen dúbida, señoría, sen dúbida. Polo tanto, non sei exactamente, señoría, a que se refire con iso, pero quedamos emprazados para falar das orixes de cada un e das dificultades para estar nesta Cámara de cada un, señoría.

Mire, non sei exactamente se vostede gobernou ou non gobernou; non o sei, a verdade. Cústame, ás veces, seguir este asunto, porque primeiro dixo nós e despois dixo eu,

non o sei. En todo caso, si lle digo que non sei se vostede, pero os seus gobernan en moitísimas cidades de Galicia, en moitísimas; en Vigo, gobernan na Deputación de Lugo, gobernan en Lugo, aínda que non sabemos como, gobernaban ata hai pouco en Ourense... E o que si lle digo é que a outra parte dos seus gobernarón en Euskadi cando se aprobou o Plan Ibarretxe, gobernarón en Cataluña co tripartito –e como é natural ao tripartito parece que non lle foi ben–, gobernarón en Asturias tamén e perderon as eleccións, si, si; e agora están gobernando en Andalucía, señoría. Polo tanto, comprendo as dificultades para dicir onde se goberna e onde non.

Pero mire, en Andalucía están gobernando cun goberno que ten bastantes dificultades, parece ser, nunha comisión de investigación sobre os ERE, porque hai seiscientos ou setecentos millóns de euros que desapareceron e a culpa tena un director xeral. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa se sabe cal é, xa se sabe a importancia dun director xeral da Xunta. Cada vez que haxa un problema na Xunta a culpa será dun director xeral, en ningún caso dun conselleiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pois ben, si lle digo que todos, todos, temos a nosa responsabilidade, eu veño aquí a asumir as miñas. Si lle pido que non ameace a ninguén, que non ameace nin aos militantes, nin aos simpatizantes, nin aos votantes do Partido Popular en Ferrol, pídollo. Pido que non ameace porque en Ferrol hai un alcalde lexítimo que sacou a maioría absoluta dos votos, e en Ferrol, en vez de rexeitar o feito de que un partido democrático non puidese celebrar libremente a pegada de carteis pola noite, parece que vostede vén aquí animar a que isto ocorra noutros lugares de Galicia, *(Aplausos.)* e iso creo que non ten moito sentido; non ten moito sentido, señoría.

Mire, señoría, estou convencido de que non é ese o seu interese, pero, por se acaso, permítame que lle reitere que non ameace a ninguén porque non é un estado de sitio, este é un estado democrático. Non nos van desaloxar de aquí nunca. Intentouno unha vez o 23 de febreiro de 1981 alguén e non o conseguiu nin o conseguirá xamais, nin deste Parlamento, nin desta Cámara. De aquí non nos vai desaloxar ninguén, e isto non é un estado de sitio, isto é unha comunidade autónoma democrática *(Aplausos.)* e un parlamento democrático, por iso non lle temos medo ao que ocorra.

Señor Vázquez, con todo o respecto agrázolle a intervención, pero en directo foi todo o debate, pódollo asegurar. É verdade que as súas intervencións, ás veces, parecían en branco e negro ou en diferido porque dixo exactamente o mesmo que dixo os catro anos anteriores, pero isto foi en directo e segue sendo en directo, estannos vendo os galegos. É probable que algúns digan: pero se isto xa o dixo, se xa dixo que non había contratos de Pemex, e resulta que hai contratos de Pemex. Voulle dar unha boa nova, esta mañá un estaleiro de Vigo, outro estaleiro de Ferrol e outro estaleiro da Coruña fixeron unha proposta con estaleiros mexicanos para presentarse –non se preocupe, xa veremos como acabaron a estes dous floteis, para facer máis barcos.

Estou convencido de que a vostede lle parece ben e está contento de facer remolcadores, de facer barcazas e de facer buques tanques. Pois neste momento hai moitas posibilidades non só de facer os floteis, que xa os temos, senón de facer barcazas, buques tanques e remolcadores para a ría de Vigo, para a ría de Ferrol e para a ría de Pontevedra, grazas a Petróleos Mexicanos. A vostede parece que non lle cae ben esa empresa, é unha empresa pública, cen por cento do Goberno mexicano.

Señoría, pero deixe vostede de dicir que non hai contratos de Pemex. É que pasou toda a campaña. Eu supoño que non pasará toda a lexislatura. Axúdeme vostede a conseguir máis contratos de Pemex e non estea vostede intentando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... os contratos que xa hai.

Mire, é certo que vostedes licitaron algúns centros de saúde, soamente que unha cousa é licitar, como vostede sabe, e outra cousa é pagar. Comprendo que de licitar sabe moito, de pagar, un pouco menos, porque cando chegamos ao Goberno había 40.000 millóns de euros en infraestruturas licitados, iso si, e sen pagar. Non se pagou un só quilómetro de AVE, non se pagou un só metro de pista aeroportuaria e non se pagou un só metro de dique en ningún dos portos galegos. Pero eses 40.000 millóns de euros que deixaron a deber no Goberno central é o que está pesando agora sobre as capacidades de recuperación do noso país. Pero mire, non soamen-

te rematamos dezanove, é que rematamos outros dez e están en construción outros dous.

Hai algúns meses, cando eu –ben, xa anos– estaba na oposición, pasaba pola cidade de Ourense e vía grandes letreiros que poñían: “Concello de Ourense. Solar cedido para o Centro de Saúde do Couto”. ¿Recorda vostede? Catro anos no Goberno bipartito e non empezaron ese centro de saúde, nin o licitaron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Tamén había outro en Barbadás-Valenzá. Catro anos no Goberno bipartito e nin sequera licitaron o Centro de saúde de Barbadás-Valenzá. Mire, nós licitamos o do Couto e o de Barbadás, dígoos pola súa circunscrición territorial desde o punto de vista de deputado por Ourense. (*Aplausos.*) Polo tanto, imos seguir traballando, seguro.

Señoría, sobre o tema do leite vostede omite que o problema que tivemos foi cando Pascual pechou a instalación que tiña en Outeiro de Rei, e nós atopamos e buscamos unha proposta; onde, por suposto, hai moitísimas dificultades de xestión, pero había dous posibilidades: ou pechar ou intentalo.

Supoño que vostede sabe que Entrepinares é unha fábrica de queixo que está consumindo toneladas de leite, e a min gustárame que comprara máis, por suposto. Pero ¿vostede que me propón? ¿Que axudemos a instalar unha fábrica de queixo en Vilalba ou que non? ¿Que apliquemos a normativa europea para os créditos do BEI? ¿Que apliquemos a normativa da Xunta de Galicia para subvencionar tipos de interese en Lugo ou non? ¿Que me propón vostede? ¿Exactamente que é o que me quixo dicir?

Supoño que vostede sabe tamén que nos atopamos cun problema en Rumasa, en Clesa. ¿Que deberíamos facer? ¿Intentar salvar a planta de Clesa ou simplemente que saíse a poxa e que quedásemos sen a planta de Clesa?

Supoño que vostede sabe tamén que prestamos a Feiraco un diñeiro que, por certo, está devolvendo.

Polo tanto, señor Vázquez, eu absolutamente á súa disposición para atopar unha fórmula de agrandar as industrias

galegas lácteas, que é a única posibilidade que temos de competir. Os asturianos teñen unha, ¿cantas temos nós? Asturias ten Central Leiteira Asturiana, ¿cantas temos nós? ¿Que fixeron vostedes durante oito anos levando a política de agricultura de España? Oito anos consecutivos levando a política de agricultura, a política láctea, a política pesqueira, señoría, ¿que foi o que fixeron? Por certo, cunha ministra galega.

Polo tanto, imos concretar, señor Vázquez, cales son as disposicións. Eu teño total disposición no tema lácteo. É o problema que máis me preocupa neste momento, este día e que máis me preocupa nos últimos meses. Pero do mesmo xeito que conseguimos avances no sector naval, do mesmo xeito que conseguimos avances no sector da automoción, axúdenos para conseguir avances no sector lácteo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, chámoo á orde.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Ten vostede unha política fiscal, pois planteaxe a política fiscal, pero non crea, señoría, que isto de poñer un imposto aos bancos vano pagar os bancos. O imposto aos bancos vano pagar os aforradores e os contribuíntes. Polo tanto, non intente vostede... Se quere falar, vostedes en comunidades autónomas subiron o imposto da renda, subiron os impostos da renda, ¿queren subir máis os impostos da renda en Galicia? Buscaremos e intentaremos escoitar o que propón.

En moitas comunidades autónomas, case todas do Partido Socialista, subiron o céntimo da gasolina. Podemos plantexar esa hipótese, imos ver o que vostede propón. Vostedes primeiro sacaron o imposto de patrimonio para todos e agora resulta que din que non só hai que repoñelo, senón que hai que subilo. Nós repuxémolo, vostedes sacárono.

Señoría, nós estamos á disposición de, se hai algunha política fiscal que mellore a equidade redistributiva do imposto fiscal, estudala. Pero que ninguén crea que se poden pagar impostos sen que os contribuíntes os paguen, porque iso dáme a sensación de que xa non o cre ninguén.

Ademais, vostede está en desacordo en inxectar diñeiro europeo á banca. ¿En que quedamos? ¿En que quedamos

exactamente? Ese diñeiro ten que ser devolto polas entidades financeiras.

Mire, no ano 2008 tiñamos o mellor sistema bancario de Europa. Estados Unidos, o Reino Unido, Alemaña, estaban inxectando diñeiro ás súas institucións financeiras. Nós aquí dixemos que non tiñamos problemas, non inxectamos nada, e agora resulta, señoría, que, cando chegamos ao Goberno no ano 2009, as dúas caixas de aforro estaban na UVI; pero non nós, senón case todas as caixas de aforro.

Non sería bo que vostede lle bote a culpa aos que non a teñen. Díxeno hai moito tempo e reitéroo hoxe aquí: nin o señor Fraga, nin o señor Touriño son responsables da situación das caixas, e vostede, que estaba no Goberno, debe sabelo moi ben. Os responsables da situación das caixas son os xestores das caixas e o Banco de España, que non supervisou o que facían os xestores. A proposta que tiñamos do Goberno socialista era unir as caixas galegas a Bankia, era a única proposta que se me fixo. ¿Vostede cre que deberíamos aceptar a proposta de unir as caixas galegas a Bankia?, ¿sí ou non? Esa era a cuestión, non había outra cuestión. ¿Por que Unicaja en Andalucía non ten problemas financeiros a pesar de estar no centro da burbulla inmobiliaria? Porque tivo bos xestores. Porque os xestores souberon que as caixas non se tiñan que converter en empresas inmobiliarias, porque non metían diñeiro masivo en empresas construtoras que o seu valor accionarial diminuíu máis dun cen por cento.

Señoría, nin vostede nin eu somos responsables das caixas. Eu intentei buscar unha solución, vostede non me axudou, e sábeo, sábeo perfectamente; o BNG si. Esta é a historia das caixas en Galicia. As hemerotecas están cheas das súas declaracións e Galicia sabe perfectamente quen estivo para intentar buscar unha solución e quen non estivo. Se agora quere axudar, pois mire, o primeiro que ten que facer é escoitar o que di o Banco de España, non un confidencial. E o primeiro que ten que facer é facerse eco do que digan as autoridades do Banco de España, non dun *off the record* en Madrid dalgunha persoa que me dá a sensación de que ten moito interese en que Novagalicia Banco non se poida capitalizar. (*Murmurios.*) Dáme a sensación. Supoño, señoría, que vostede non terá ese interese, pero desde logo hai persoas que non teñen ningún interese. Desde o principio, cando nos propoñían irnos a Bankia, ¿sabe para que? Supoño que para que o burato fose máis grande. Entón, se o bura-

to é máis grande, así é mellor. ¿Por que? Porque Galicia non tiña dereito nin sequera a loitar polas súas caixas. Porque aquí non temos dereito a loitar polas nosas entidades financeiras. As entidades financeiras galegas son responsabilidades dos xestores e do Banco de España, nin do señor Fraga, nin do señor Touriño nin do señor Feijóo. Esa é a historia. Se vostede quere colaborar na historia, ten vostede a miña man tendida. Se vostede cre que por moito que menosprece ao señor Feijóo no tema das caixas vai mellorar o sistema financeiro galego, xa perdeu vostede unha lexislatura, pode perder a segunda.

Señorías, veño de celebrar hai sesenta días unha conferencia de presidentes. Todos estabamos alí: os nacionalistas, os socialistas, os socialistas que gobernan con Izquierda Unida e os populares. Unha conferencia de presidentes, o día 2 de outubro. Alí acordamos todos os presidentes en seguir estratexias de redución do déficit público. Digo todos, todos: Izquierda Unida, Partido Socialista Obrero Español, os nacionalistas cataláns... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señoría, pero o primeiro que temos que facer é estudar un pouco, porque (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o Consello de Política Fiscal e Financeira...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... no que están todos os conselleiros de Facenda de España, teñen pactado o déficit cero, pero aquí hai deputados do Partido Socialista en Galicia que non saben nin o que fan os seus representantes e os seus membros do Goberno nas comunidades autónomas. (*Aplausos.*) É que non o saben. Ese é o problema, que non o saben, señoría; non o saben.

Señoría, déficit cero. Polo tanto, pactamos unha estratexia de ir reducindo a administración paralela, pactamos unha estratexia de cumprir o déficit, pactamos unha estratexia de que España fose un país solvente fronte á Unión Europea. E, ¿por que tanta obsesión con cumprir o déficit, como se isto fose simplemente a vontade dun dirixente político? Pero ¿pódeme explicar como vostedes van gastar máis, se non teñen ningún que lles preste un euro? ¿Ou é que algunha comunidade autónoma socialista está colocando a débeda neste momento se non é porque todo o Estado, e en consecuencia nós tamén, remitimos diñeiro para chegar a fin de mes? ¿É

que acaso unha comunidade autónoma socialista que vive do que lle remite o Goberno de España pode dicirnos a nós como temos que facer a nosa política de débeda pública?

¿Cal é exactamente a proposta? Dígoo para intentar entender a alternativa. Se a proposta é acudir ao fondo de liquidez autonómica, se a proposta é acudir aos préstamos do ICO para poder chegar a fin de mes, ¿esa é unha proposta que vostedes queren plantexar en serio? Se a queren plantexar en serio, díganma.

A semana pasada colocamos 465 millóns de euros polo mercado tradicional de débeda porque hai inversores que cren na capacidade de pago de Galicia. Non hai unha comunidade autónoma socialista que sexa capaz de facelo porque non cren que teña capacidade para devolvelo, e as comunidades autónomas nacionalistas, como Cataluña, necesitan máis de 2.500 millóns de euros para chegar ao 31 de decembro. Hoxe pola tarde acaba de saír outra noticia, onde só lle poden pagar o 60 % do que lles deben aos centros sanitarios. O 60 % nada máis. O resto, señoría, que o atopen por aí.

Señor Vázquez, vostede estou convencido de que está de acordo comigo, co que estou dicindo. Cuestión distinta é que vostede o poida dicir, eu si. Señoría, non creo que neste momento os galegos poidan pensar que se non gastamos máis é porque non queremos. Se non gastamos máis é porque temos respecto polos galegos. Para min é moito máis fácil gastar máis, señoría, é moito máis fácil facer moitas máis cousas, dar moitas máis subvencións, facer moitas máis obras; sen dúbida, señoría. Pero ¿vostedes cren que me podo someter á consideración desta Cámara deixando a Galicia en quebra? ¿Vostedes cren que eu podo pedir hoxe por hoxe o respaldo desta Cámara cando non son capaz de xestionar os recursos que os galegos poñen na man do Goberno galego?

Señoría, pido simplemente responsabilidade. Pido responsabilidade porque esta responsabilidade é a garante do noso propio autogoberno. E cando se comproba que Galicia é hoxe unha das comunidades autónomas máis solventes, éo non por conseguir un obxectivo contable, señor Vázquez, senón por conseguir un obxectivo político e social.

Hai moita xente que está discutindo o Estado autonómico. ¿Por que nós non podemos ter unha autonomía que se xestione mellor ca o Estado central? ¿Por que? ¿Por que non podemos ter unha autonomía máis solvente ca o resto das comunidades

autónomas? ¿Por que non podemos ser unha autonomía que é capaz, cos seus recursos, de atender os seus servizos públicos e iniciar políticas de crecemento? Ese é o obxectivo da próxima lexislatura, e este foi o obxectivo desta lexislatura. E por iso penso, señoría, que o obxectivo ten que ser déficit cero para que o crecemento sexa o cen por cento: ese é o obxectivo.

Créame, non hai forma de enganar a xente, que é moito máis intelixente, é moito máis sabia. Cando un político se presenta dicindo: teño isto e non debo gastar máis; que dicindo: teño diñeiro para todo, aínda que non lle pague a ninguén e aínda que non chegue a fin de mes. E iso, os puntos intermedios, imos traballalos durante a lexislatura. (*Murmurios.*) Pero mire, eu preséntome e solicito á Cámara o voto para volver ser presidente da Xunta porque Galicia non está en quebra. E pódolle asegurar que cumprerei co meu deber se dentro de catro anos Galicia segue sendo unha comunidade solvente que non está en quebra. E o que queira que quebre o autogoberno galego, ¡alá el! Eu quero que Galicia sexa unha comunidade autónoma solvente, que teña un Estatuto de autonomía e que poidamos dicir que Galicia é unha comunidade autónoma –con independencia das dificultades do Estado autonómico español– solvente.

Señor Vázquez, está invitado a axudarme a que así sexa. (*Aplausos.*)

Señorías, reitero que é unha obriga dos gobernos autonómicos prestar servizos públicos. Levamos máis do 78 % de todos os nosos recursos investidos nos servizos públicos. Vostede fala do gasto farmacéutico, e eu dígoille: mire, se non controlamos o gasto farmacéutico, non poderemos ter boa sanidade. E vostede sábeo exactamente, ou debería de sábelo. Hoxe xa gastamos tres veces máis en farmacia que en universidades. ¿Cre vostede que podemos seguir gastando 1.000 millóns de euros en farmacia e 400 millóns en universidades? ¿Esa é a súa proposta? ¿Cal é a proposta da Cámara? ¿Axudarnos a facer unha economía competitiva, que aposte pola formación dos nosos mozos, ou simplemente mirar para outro lado e ver como se van esmorecendo as nosas capacidades produtivas e as nosas capacidades de formación?

Un país non pode dedicar tres veces máis ao gasto farmacéutico cás universidades, e por iso creo que debemos de seguir por aí, cumprindo o déficit, buscando a eficiencia e priorizando as políticas que afectan ás persoas e as políticas que afectan aos empregos das persoas.

Cumprir o déficit público é a mellor política social que podemos plantexar. Non é posible, hai máis axustes nas comunidades que teñen máis déficit. Hai máis axustes na sanidade, na educación, nas universidades, nos servizos sociais, nas comunidades que teñen máis déficit. Temos as taxas universitarias para primeira matrícula máis baixas de España. En Andalucía e en Cataluña subiron as taxas universitarias entre o 10 % e o 130 %. Entón, ¿que é exactamente o que pretendemos? Hai comunidades autónomas que teñen folgas sanitarias. Andalucía, por exemplo, onde están gobernando deputados que forman parte dunha coalición nesta Cámara, e en Madrid tamén. E nós o que intentamos é que en Galicia, non; esa é a diferenza, señoría, esa é a diferenza. Por iso cando pedimos o apoio para os medicamentos xenéricos, para as compras centralizadas, cando estamos orgullosos do que están facendo os servizos sanitarios públicos, cando estamos orgullosos do que están facendo os mestres, cando estamos orgullosos do que están facendo os profesores universitarios, é xustamente para manter as universidades, a educación e a sanidade. E iso é o que creo que vostedes me piden, con independencia de dicilo ou non. Estou convencido de que desde as bancadas nacionalistas e socialistas me piden que faga o que estou facendo; estou absolutamente convencido. *(Risos.) (Murmurios.)* Si, si, absolutamente convencido, señoría. E por iso vou seguir intentando xestionar con responsabilidade, vou intentar xestionar con eficacia, vou intentar facer máis con menos.

Si, nesta lexislatura fixemos máis con 3.000 millóns de euros menos; niso consiste o goberno. O goberno non é gastar, o goberno é administrar; e administrar é priorizar. ¿Ou é que acaso un pai de familia que non chega a fin de mes lles bota a culpa aos fillos por non chegar a fin de mes? ¿Ou é que acaso un pai de familia ao que lle baixen os seus ingresos non ten que chegar a fin de mes ocorra o que ocorra? Pois Galicia vai chegar a fin de mes, pódollelo asegurar. Vai chegar a fin de mes porque os galegos merecen un respecto nas súas contas, nos seus impostos e nos seus servizos públicos.

Señoría, mire, non imos ser máis autonomía por obrigar a xente a falar nun idioma ou noutro. Non, non imos ser máis. Nin por obrigar a xente a poñer un letreiro nun idioma ou noutro; non. Non imos ser máis autonomía por dicir que somos menos España; non. Hoxe por hoxe Galicia é a comunidade autónoma máis solvente porque é capaz de ter conta dos seus servizos públicos e porque é capaz de ter crédito. E

por iso non estamos tutelados, e por iso non pedimos nin temos que pedir ningún rescate. Eses homes de negro dos que falan vostedes son os que teñen as comunidades autónomas que están pedindo o Fondo de Liquidez Autonómico. Son eles, señoría. Son eles os que lles supervisan os seus gastos; son eles os que lles din onde teñen que gastar, cales son as prioridades de gasto. Por iso eu non quero os homes de negro en Galicia e por iso traballarei para que non haxa homes de negro en Galicia, señoría. *(Aplausos.)* Para iso, vou traballar para iso, é o que lle podo dicir.

Señorías, quixera rematar facendo unha referencia a un momento da historia do noso país ao que lle gardo todos os respectos e que marcou a miña vocación política, que é a transición española e, en consecuencia, o Estado das autonomías. Coincidirán comigo en que naquel momento non había xentes que pensaban o mesmo, había xentes moi dispares, ideoloxicamente contrapostas. Había incluso distintas xeracións que se mezclaban para ver o que faciamos para saír dun réxime sen liberdade a un réxime democrático. E os políticos que naquel momento construíron a transición española eran políticos aos que non lles importaba estar no Goberno ou na oposición, era igual, porque o que tiñan por diante era unha cuestión moito máis importante. Por iso traballaron cunha unidade extraordinaria, por iso traballaron para facer posible un momento extraordinario e por iso eses políticos foron extraordinarios. E eu pídolles que se pregunten se a transición sería posible sen eses políticos extraordinarios. Seguro que sería moito máis difícil. Seguro que o proceso sería moito máis lento e sería moito máis dificultoso, pero tamén lles digo que alcanzariamos igual a transición democrática, porque por riba dos políticos, por riba dos discursos e por riba das intervencións parlamentarias, por riba de todo iso está un pobo. Por iso hoxe estou absolutamente convencido de que Galicia vai saír da crise económica, por riba do que se diga na Cámara e por riba dos comportamentos. O que si creo é que, se somos políticos de verdade, se nos interesa Galicia de verdade, axuden no momento de maior dificultade económica dos trinta anos que levamos en Galicia. Esa é a miña proposta. Creo que non pido moito porque non pido para min, señorías, pido para Galicia. Naquilo que Galicia poida ter o seu interese, apóiena.

Non sei se para ter o seu apoio necesito facer todo o contrario do que dixen durante a campaña electoral. Eu non creo que niso consista a democracia. Non creo que consista a

democracia en que se faga o que diga a oposición, iso non é un consenso; facer o que vostedes digan non é un consenso. Facer que cheguemos a un acordo, iso si, e por iso penso que Galicia vai saír adiante.

Mire, eu non comparto os agoireiros desta tarde porque alimentan a desesperanza dun pobo, e eu voume dedicar, sen ningunha dúbida, a alimentar a esperanza do meu pobo. Señorías, comprendo e comparto con vostedes a frustración de que haxa 270.000 persoas sen emprego, pero non cuestionen a capacidade de Galicia para crear emprego neto nesta lexislatura. Eu comprendo e comparto que haxa persoas que están nunha situación durísima, ¡durísima!, pero o primeiro que temos que dicir é que esas persoas son a prioridade como o foron na anterior lexislatura. ¿Aumentaremos a renda de integración social? Si. ¿A custa doutras partidas? Si. Por iso imos ver se nos poñemos de acordo vostedes e mais eu.

Comprendo a desesperación na que vive o mundo do sector rural, sen dúbida, pero ¿que podemos facer nós? ¿Ou é que toda a culpa é de fóra? ¿Ou é que os inimigos de Galicia están todos fóra? Non, supoño que nós podemos facer algo, e eu invítoos. No naval fixemos algo, no sector da automoción fixemos algo, e no sector lácteo e no sector forestal pídolles o seu compromiso.

Volvo reiterar que sería bo manter a ambición colectiva de que haxa unha entidade financeira radicada en Galicia; sería bo. Cada un sabe o que fixo. Na Comisión de investigación da que vostedes falan, onde nós comprometémonos a facer sempre, unha vez que estivese aprobada a recapitalización do banco, e agora estao, nesa Comisión supoño que cada un contará o que sabe; non teñan vostedes ningunha dúbida de que poderán contar coa miña testemuña. Por iso imos seguir traballando e que sexa a hora dos xestores do banco. Agora é cando teñen que capitalizar, cando teñen un banco con capital e cando teñen un banco sen activos tóxicos. Agora é; imos ver se o conseguimos.

Mire, señoría, comprendo e comparto a debilidade da nosa economía porque está nunha profunda crise, pero non poñan en cuestión a coraxe da xente para saír desta crise. Non a poñan, eu non o vou facer. Por iso eu comprendo e comparto que estamos nunha situación difícil, pero dende esta noite, se obteño a confianza desta Cámara, seguirei traballando todos os días sen ningún compromiso con ninguén, nin cos pode-

rosos nin cos compañeiros de coalición; non, temos unha coalición cos galegos. Gustaríame que vostedes ampliasen esa coalición cando estean de acordo nalgunha proposta.

Eu creo nos galegos, na madurez do meu pobo, porque o coñezoo ben, pódollelo asegurar. Coñezoo bastante ben, entre outras cousas, señoría, porque cada un vén de onde vén; e, entre outras cousas, porque cada un fixo o que fixo na súa vida.

Miren, eu creo na madurez do meu pobo, e o pobo o que quere é que lle digamos a verdade dende o primeiro minuto, dende o primeiro instante. E se lle dicimos a verdade axudaranos, e se os enganamos, non nos axudarán. E, se non, preguntelless a outros presidentes autonómicos que tiveron dificultades nas eleccións autonómicas celebradas hai unhas semanas ou uns meses. Digámoslle a verdade á xente, porque á xente, se se lle di a verdade, axuda.

Mire, señoría, os galegos son esforzados e modestos, e por iso lles gusta que os dirixentes sexan esforzados e que non empecen a botar a culpa a todo o mundo. Xa sei, será difícil, sen dúbida; será moito máis doado un goberno en plena bonanza económica e deixando todo a deber, sen ningunha dúbida. Pero eu creo que a forza da nosa terra nos habilita para intentalo, e eu podo asegurar que para conseguilo. Pódolles asegurar que Galicia sairá adiante, e que Galicia vai saír adiante da crise a pesar de nós, pero eu pídolles que saia adiante con nós, con nós, se é posible, *(Aplausos.)* con nós.

Remato, señorías, e quixera facelo —antes da votación— transmitindo o agradecemento por este debate e transmitindo o agradecemento polas súas aportacións. E eu quixera facelo, sabendo que os galegos nos deron os seus votos e os escanos que representan eses votos, en primeiro lugar agradecéndolles formalmente dende esta tribuna antes da votación o seu apoio. Sei que é un apoio limitado e para un tempo concreto, e sei que é un apoio porque cren que temos capacidade para traballar polo país, que vai haber un goberno estable, que vai ter unha maioría detrás que manteña un goberno estable, que as institucións seguirán sendo estables, que as institucións non lle teñen que ter medo a ninguén, que aquí somos unha cámara de representación democrática onde apoiaremos a un goberno estable, e ás veces estou convencido de que chegaremos a acordos máis amplos.

Eu recibín o voto porque depositaron en min e no meu partido as esperanzas dos galegos e eu recibín o voto porque os galegos saben que non teño máis vocación que Galicia, e porque os galegos saben que Galicia é a miña vocación, é o meu deber, é o meu compromiso e é a miña vida.

Sei, señorías, que moitos cidadáns esperan que Galicia cree emprego, sen dúbida; sei que hai moitos cidadáns que queren seguir adiante, sei que hai moitos cidadáns que teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes, sei que hai moitos cidadáns que teñen unha dificultade excepcional no seu traballo e na súa familia, seino, e por iso non imos ter máis obxectivos que estes, que estes cidadáns, os 270.000 que non teñen traballo.

Pero non foi ata agora un camiño fácil, pódolles asegurar que dende que tomei posesión de presidente da Xunta no ano 2009 non tiven grandes noticias positivas en ningunha semana, ningunha. E pódolles asegurar que presidín un goberno que durante catro anos consecutivos tivo menos diñeiro que o ano anterior, e pódolles asegurar que nos van seguir quitando 240 millóns de euros todos os anos porque deixaron 2.400 millóns de euros sen pagar cando chegamos en marzo do ano 2009 ao Goberno de Galicia. E con ese diñeiro poderíamos facer moitas cousas, sen dúbida, pero eu non me esquezo das miñas obrigas e estou convencido de que hai un rumbo para este país e que Galicia seguirá ese rumbo. E vivimos hoxe nesta situación polo que non se fixo ben, e por iso eu quero vivir pronto nunha mellor situación polo que fagamos ben. E a iso vos convido, a iso os invito. Creo que vai merecer a pena, estou convencido, imos intentalo todos os días. Señorías, non hai máis obxectivo que acertar, non temos ningún compromiso con ninguén máis que acertar. Non temos que render contas máis que a esta Cámara que representa os galegos e as galegas, e aquí pódolles asegurar que Galicia merece a pena e merecerá a pena sempre. E por iso, señorías, solicito o apoio desta Cámara en nome de Galicia, de Galicia e de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Moitas grazas, señor Núñez Feijóo.

Tal e como tiña anunciada a votación, estaba prevista para as seis e media. Dado que estamos neste momento nas 18.37, se lles parece, teño que fixar unha nova hora, de acordo co

artigo 86 do Regulamento. E podo fixala para dentro dun minuto, mentres preparamos a votación, dado que están todas as súas señorías nos escanos. Dinme que teño que deixar pasar polo menos un minuto; por tanto, se lles parece, nun minuto comezamos a votación.

Suspéndese a sesión ás seis e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás seis e trinta e nove minutos.

A señora PRESIDENTA: Señorías, por favor, se lles parece, vaian ocupando os seus escanos.

Imos proceder á votación.

Pechamos as portas.

Procedemos de seguido á votación para a elección do presidente da Xunta de Galicia.

A votación será pública e farase o chamamento por orde alfabética, agás os membros do Goberno e mais os da Mesa da Cámara, que o farán ao remate, comezando polo deputado ou deputada elixido á sorte.

As súas señorías deberán pronunciarse sobre a candidatura presentada desde o propio escano, coas expresións “si”, “non” ou “abstención”.

O candidato será elixido se obtén os votos da maioría absoluta, de acordo co artigo 136.6 do Regulamento da Cámara.

De seguido o secretario procederá a sacar á sorte o apelido da deputada ou do deputado polo que vai comezar a votación.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Letra “m”.

A señora PRESIDENTA: Ben, a votación iniciárase pola letra “m”.

Señor secretario, pode comezar a chamar os deputados e deputadas.

O señor SECRETARIO (Balseiro Orol): Grazas, señora presidenta.

Martínez García, María Consuelo: Non.

Martínez-Sierra López, Vidal: Si.

Méndez Romeu, José Luis: Non.

Mouriño Villar, Antonio: Si.
Nóvoa López, Enrique: Si.
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso: Si.
Pardo López, María del Carmen: Si.
Paz Franco, María Tereixa: Non.
Pérez Hernández, Berta: Si.
Pérez López, Álvaro: Si.
Pombo Rodríguez, Cosme Eladio: Non.
Pontón Mondelo, Ana Belén: Non.
Prado Cores, María Montserrat: Non.
Prado del Río, Paula: Si.
Prado Patiño, Jesús Miguel: Si.
Puy Fraga, Pedro: Si.
Quintas Álvarez, María Remedios: Non.
Rodríguez Arias, Marta: Si.
Rodríguez González, Román: Si.
Rodríguez Miranda, Antonio: Si.
Romero Fernández, Cristina Isabel: Si.
Ron Fernández, José Javier: Non.
Sánchez Bugallo, José Antonio: Non.
Sánchez García, Antón: Non.
Sestayo Doce, Beatriz: Non.
Solla Fernández, Eva: Non.
Tellado Filgueira, Miguel Ángel: Si.
Val Alonso, José Ramón: Non.
Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis: Si.
Vázquez Díaz, Ramón: Non.
Vázquez Fernández, Manuel: Non.
Vilán Lorenzo, Patricia: Non.
Acuña do Campo, María Carmen: Non.
Adán Villamarín, María do Carme: Non.
Arias Rodríguez, Raquel: Si.
Arias Veira, Pedro Manuel: Si.
Aymerich Cano, Carlos Ignacio: Non.
Baamonde Díaz, Agustín: Si.
Beiras Torrado, Xosé Manuel: Non.
Blanco Paradelo, Moisés: Si.
Caamaño Domínguez, Francisco Manuel: Non.
Castiñeira Broz, Jaime: Si.
Castro Domínguez, María Nava: Si.
Cores Tourís, José Manuel: Si.
Díaz Pérez, Yolanda: Non.
Do Campo Piñeiro, Belén María: Si.
Docasar Docasar, Ricardo Vicente: Non.
Fajardo Recouso, Juan Manuel: Non.

Faraldo Botana, María Dolores: Si.
Fariñas Sobrino, Hipólito: Si.
Fernández Calviño, David: Non.
Fernández Fernández, Raúl: Non.
Freire Abeijón, José Santiago: Si.
Gallego Calvar, María Carmen: Non.
Gallego Lomba, José Manuel: Non.
García García, Pablo: Non.
García Pacín, María Isabel: Si.
González Santín, Juan Carlos: Non.
Íñiguez Martínez, Jaime: Si.
Jorquera Caselas, Francisco Xesús: Non.
López Abella, María Susana: Si.
Losada Álvarez, Abel Fermín: Non.
Quintana Carballo, Rosa María: Si.
Mato Otero, Beatriz: Si.
Vázquez Abad, Jesús: Si.
Guerra Fernández, Javier Jorge: Si.
Hernández Fernández de Rojas, Agustín: Si.
Muñoz Fonteriz, Elena: Si.
Rueda Valenzuela, Alfonso: Si.
Núñez Feijóo, Alberto: Si.
Burgo López, Concepción: Non.
Balseiro Orol, José Manuel: Si.
Soneira Tajés, María Soledad: Non.
Santalices Vieira, Miguel Ángel: Si.
Rojo Noguera, Pilar Milagros: Si.

A señora PRESIDENTA: Ben, unha vez feita a votación, o resultado é o seguinte: votos emitidos, 75; votos a favor, 41; votos en contra, 34.

Obtida a maioría absoluta, proclamo elixido presidente da Xunta de Galicia a don Alberto Núñez Feijóo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Por favor.

Desta elección darase conta de inmediato á súa Maxestade El-Rei, conforme o disposto no artigo 18 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia. Levántase a sesión.

Moitas grazas

Remata a sesión ás seis e corenta e tres minutos do serán.



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25